





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

axencia galega de infraestruturas

CLAVE	TIPO DE ESTUDIO
AC/16/230.10	PROXECTO DE CONSTRUCIÓN

TÍTULO

REFORMA DA INTERSECCIÓN NO PQ 21+900 DA AC-840 (CURTIS)

DESIGNACIÓN	ESTRADA
AC-840	BETANZOS (AC-542) - AGOLADA (N-640)

PUNTOS QUILOMÉTRICOS	TREITO
21+900	CURTIS

PROVINCIA	REDE
A CORUÑA	PRIMARIA BÁSICA

DOCUMENTOS

TOMO ÚNICO
MEMORIA, PLANOS, PREGO P.T.P. E ORZAMENTO

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO PROXECTO

JOSÉ ENRIQUE PARDO LANDROVE

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO

HADRIÁN ARIAS DURÁN

PBL	DATA
195.702,51 €	SETEMBRO 2016

PBL+IVE	EXEMPLAR
236.800,04 €	1

CONSULTOR

deViarios
DESEÑOS ESTRUTURAIS E VIARIOS, S.L.

ÍNDICE DO PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

MEMORIA DESCRITIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA:

Anexo nº 1. ANTECEDENTES
Anexo nº 2. REPORTAXE FOTOGRÁFICA
Anexo nº 3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFIA
Anexo nº 4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
Anexo nº 5. PLANEAMENTO
Anexo nº 6. VIARIO
Anexo nº 7. TRÁFICO E FIRMES
Anexo nº 8. HIDROLOXÍA E DRENAXE
Anexo nº 9. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS
Anexo nº 10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
Anexo nº 11. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
Anexo nº 12. XESTIÓN DE RESIDUOS
Anexo nº 13. SEGURIDADE E SAÚDE
Anexo nº 14. EXPROPIACIÓNS
Anexo nº 15. REPOSICIÓN DE SERVIZOS
Anexo nº 16. PLAN DE OBRA
Anexo nº 17. REVISIÓN DE PREZOS E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
Anexo nº 18. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
Anexo nº 19. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

Plano nº 1. EMPRAZAMENTO E ÍNDICE
Plano nº 2. PLANTA DE CONXUNTO
Plano nº 3. REPLANTEO
Plano nº 4. TRABALLOS PREVIOS
Plano nº 5. SECCIÓNS TIPO
Plano nº 6. AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN
Plano nº 7. PERFÍS TRANSVERSAIS
Plano nº 8. DRENAXE
Plano nº 9. RESTAURACIÓN AMBIENTAL
Plano nº 10. SINALIZACIÓN
Plano nº 11. SERVIZOS AFECTADOS

DOCUMENTO Nº 3. PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

DOCUMENTO Nº 4. ORZAMENTOS

- MEDICIÓNS AUXILIARES
- MEDICIÓNS XERAIS
- CADRO DE PREZOS Nº 1
- CADRO DE PREZOS Nº 2
- ORZAMENTOS PARCIAIS
- ANÁLISE DO ORZAMENTO
- ORZAMENTO XERAL

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

MEMORIA DESCRITIVA

1. ANTECEDENTES
2. DATOS BÁSICOS
2.1. LOCALIZACIÓN
2.2. CARTOGRAFÍA
2.3. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
2.4. ASPECTOS XEOTÉCNICOS LOCAIS
2.5. PLANEAMENTO
2.6. TRÁFICO
2.7. CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
3. VIARIO
3.1. DESCRICIÓN DO TRAZADO
3.2. TRAZADO EN PLANTA
3.3. TRAZADO EN ALZADO
3.4. SECCIÓN TRANSVERSAL
4. FIRMES
4.1. CASOS DE PAVIMENTACIÓN
4.2. EXPLANADA
4.3. REHABILITACIÓN DA ESTRADA AC-840
4.4. FIRME COMPLETO NA ESTRADA AC-840
4.5. FIRME COMPLETO NA GLORIETA DO EMPALME
4.6. REHABILITACIÓN NA GLORIETA DO EMPALME E NA ESTRADA DP-3204
4.7. ESPAZO PAVIMENTADO EN ILLAS
4.8. BEIRARRÚA
5. DRENAXE
5.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS
5.2. DRENAXE SUPERFICIAL
6. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS
7. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
7.1. SINALIZACIÓN VERTICAL
7.2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL
7.3. BALIZAMENTO
7.4. DEFENSAS
8. ANALISIS AMBIENTAL E DE PATRIMONIO CULTURAL
8.1. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS
8.2. RESTAURACIÓN E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA
8.3. PROGRAMA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL
9. XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN
10. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS E SERVIZOS
11. EXPROPIACIÓNS
11.1. XERALIDADES
11.2. VALORACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS
11.3. VALORACIÓN DE BENS AFECTADOS
11.4. VALORACIÓN TOTAL
12. SERVIZOS AFECTADOS
12.1. SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
12.2. SERVIZOS DE SUBMINISTRO
13. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS
14. REVISIÓN DE PREZOS
15. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
16. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA A ADMINISTRACIÓN
16.1. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL
16.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
16.3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN + I.V.E.
16.4. VIXILANCIA AMBIENTAL
16.5. EXPROPIACIÓNS E BEN AFECTADOS
16.6. SERVIZOS AFECTADOS
16.7. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN
17. SEGURIDADE VIARIA
18. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN
18.1. DECRETO 1098/2001: DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA
18.2. REAL DECRETO 1627/1997: ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE
18.3. LEI 10/2014: ACCESIBILIDADE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
18.4. ORDE VIV/561/2010 DE CONDICIÓNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE
19. DOCUMENTOS INCLUÍDOS NO PROXECTO
20. CONCLUSIÓN

1. ANTECEDENTES

A estrada AC-840, da que forma parte o ámbito de actuación do presente proxecto, percorre desde Betanzos (AC-542) ata o límite provincial en Agolada (N-640), e pertence á Rede Primaria Básica de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En marzo de 2011 foi redactado por Deseños Estruturais e Viarios, S.L. o proxecto de construción "*Itinerario Peonil e reforma de intersecciónsna AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*". As actuacións previstas nese proxecto comprendían a creación dunha senda peonil, a mellora das intersecciónsexistentes co viario local e provincial e a mellora das condicións do firme incluíndo unha nova capa de rodadura.

Á vista do tempo transcorrido dende a redacción do devandito proxecto, foi necesario acaer os obxectivos anteriormente presentados ás necesidades actuais da zona adaptando as obras definidas no proxecto previo. Por resolución de 22 de xullo de 2015, da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia iniciouse a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación dos traballos de "*Reformulación do proxecto de construción da obra: Itinerario Peonil e reforma de intersecciónsna AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*", de clave AC/15/066.06. Por resolución do 30 de xullo de 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou a Deseños Estruturais e Viarios, S.L. a realización do devandito traballo, quedando formalizado o contrato coa mesma data. As actuacións previstas no proxecto comprendían a creación da senda peonil ata a intersección coa estrada provincial DP-3204, e a reforma de algunhas das intersecciónsdo treito dende o PQ 20+140 ao 21+880.

O presente proxecto desenvolve a reforma da intersección da estrada AC-840 coa estrada provincial DP-3204, no PQ 21+900, transformando a intersección a nivel existente, de notable accidentalidade, nunha glorieta coas características axeitadas.

En consecuencia co anterior, o presente proxecto de construción ten como finalidade definir e desenvolver as distintas unidades de obra, precisas para poder levar a cabo as obras correspondentes ás necesidades, definíndoas completamente na memoria, planos, prego de prescricións técnicas particulares e orzamento, documentos que integran este proxecto.

2. DATOS BÁSICOS

2.1. LOCALIZACIÓN

A área de actuación sitúase na estrada AC-840, pertencente á Rede Primaria Básica de Estradas de Galicia, dende o PQ 21+800 ata o 22+100, no Termo Municipal de Curtis, provincia de A Coruña.

Figura 1. Localización da zona de proxecto

2.2. CARTOGRAFÍA

Como base cartográfica para os traballos utilizouse a cartografía a escala 1:5.000, proporcionada pola Xunta de Galicia, con curvas de nivel cada cinco metros, realizadas en proxección UTM no fuso 29, Elipsoide Internacional con Datum Postdam. Ademais da base cartográfica, para a correcta definición os elementos contidos no proxecto foi necesaria a realización dun completo levantamento topográfico na zona da actuación.

Como complemento da base cartográfica utilizáronse ortofotos obtidas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA), que ten como obxectivo a obtención de ortofotografías aéreas dixitais con resolución de 25 ou 50 cm e modelos dixitais de elevacións (MDE) de alta precisión de todo o territorio español, cun período de actualización de 2 ou 3 anos, segundo as zonas.

No anexo nº 3 *Cartografía e topografía* inclúese a memoria dos traballos topográficos realizados para o desenvolvemento do presente proxecto.

2.3. XEOLOXÍA E XEOTECNIA

2.3.1. XEOLOXÍA LOCAL

O concello de Curtis localízase no Noroeste da Península Ibérica, na zona centro-oriental da Provincia de A Coruña.

O municipio recóllese nas páxinas nº71 (Sobrado dos Monxes e nº 46 (Guitiriz) do mapa xeolóxico de España do ITGE (1978).

Paleograficamente os terreos destas follas atópanse na zona IV de MATTE (1968), Galicia Media-Tras os Montes ou Zona III de LOTZE(1945), Zona Galaico-castelá.

2.3.2. XEOMORFOLOXÍA

A morfoloxía destas terras caracterízase por unha extensa superficie chan que vai rompendo cando máis cara o Este nos situemos, debido a que nesta zona se atopa a serra de A Cova da Serpe, lindeiro físico coa provincia de Lugo. Outros cumios son o monte de A Graña, con 570m ou o monte Enxameado, con 609m. Estas zonas montañosas dividen as tres cuncas hidrográficas deste territorio.

O substrato xeolóxico está constituído fundamentalmente por rochas granítica distinguíndose ademais:

a) **ROCHAS METASEDIMENTARIAS:** ocupan unha superficie que representa aproximadamente o 15,5% do municipio. Destacan:*Lousas e filitas*, *Xistos de Ordes*, *Paragneises* e *Cuarcitas*.

b) **ROCHAS GRANÍTICAS:** trátase de rochas ígneas ácidas, que conformen a maior parte da superficie do municipio (78Km² o 67,3%). atópanse diversos tipos de rochas.

c) **ROCHAS BÁSICAS E ULTRABÁSICAS:** representan unicamente un 9,5% da superficie (11 km²), localízanse na zona Centro-sur como unha incrustación entre as rochas graníticas, segundo obsérvase no plano de Estrutura Xeolóxia (incluído ao final do presente Anexo). Na zona de estudio preséntanse:Anfibolitas, Grabos e Pteridotitas serpentinizadas.

2.3.3. EFECTOS SÍSMICOS

Segundo as Norma Sismorresistentes NCSE-02 e NCSP-07, nas obras levadas a cabo nos termos municipais mencionados no apartado 2.1 non é necesaria a consideración de accións sísmicas, xa que o valor da aceleración sísmica horizontal básica da localización da obra a_b definida no apartado 3.4 da devandita Norma, cumpre que $a_b < 0,04g$

2.4. ASPECTOS XEOTÉCNICOS LOCAIS

No relativo aos aspectos xeotécnicos concretos, é necesario establecer a escavabilidade do material e a súa posibilidade de utilización como recheo.

Tendo en conta que as escavacións a practicar para a ampliación da plataforma son superficiais, estímase que a súa escavabilidade é boa ou moi boa. Polo mesmo motivo, o material escavado non poderá ser reutilizado máis que como recheo tolerable, axeitado para recheo superior das gabias practicadas nese mesmo material se é preciso.

No anexo nº 4 *Xeoloxía e xeotecnia* inclúese todo o proceso dos traballos para acadar as conclusións que se describen.

2.5. PLANEAMENTO

Dado o carácter e a natureza das obras que se inclúen no presente proxecto, non cabe falar de planeamento viario na aceptación literal da expresión xa que isto presupón o estudo dunha rede con distintas alternativas de distribución das correntes de tráfico nas distintas vías que o compón.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Curtis foi aprobado o 19 de setembro de 2007. Inclúense no presente anexo as referencias de planeamento urbano no concello de Curtis, e da ordenación das marxes da estrada en proxecto.

No anexo nº 5 *Planeamento* inclúense os planos de ordenación referentes ao ámbito de actuación.

2.6. TRÁFICO

Da Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2015, editada pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, obtivéronse os datos de aforo na estación do PQ 18+000 estrada AC-840.

Sempre que existan datos suficientes, poden axustarse os datos de aforo a unha estimación logarítmica. O axuste consiste en atopar unha taxa de crecemento que minimice a diferenza entre a distribución teórica e os datos de aforos. Por outra banda, a tendencia da porcentaxe vehículos pesados estímase linearmente, axustando por mínimos cadrados.

Para realizar a prognose do tráfico, prescindiuse dos datos do ano 2005, xa que son notoriamente pouco significativos da tendencia dos anos seguintes. Na táboa seguinte expóñense os resultados:

TAXA DE CRECEMENTO	IMD 2016	IMDp 2016	IMDp CARRIL 2016	CATEGORÍA DE TRÁFICO
-1,50%	4343	469	235	T2

No anexo nº 7 *Tráfico e firmes* desenrólanse todos os cálculos necesarios para a obtención destes datos.

2.7. CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA

O clima de Curtis presenta unha tendencia ó continental, con perda do carácter oceánico producida polo afastamento da costa e a altura; períodos con temperaturas extremas, que en inverno poden condicionar o desenvolvemento das plantas, período seco e soleado en verán, sen secas extremas, abundantes precipitacións e elevada humidade relativa.

Para a estimación das precipitacións totais diarias correspondentes aos distintos períodos de retorno considerados utilízase a metodoloxía recollida na publicación "*Máximas lluvias diarias en la España Peninsular*" da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento, baseada na aplicación de modelos estatísticos ás series anuais de máximas chuvias diarias recompiladas en estacións pluviométricas con 30 ou máis anos de rexistro agrupadas en rexións con características meteorolóxicas comúns.

Basicamente, a metodoloxía consiste en obter a precipitación máxima diaria nun punto xeográfico determinado e para o período de retorno desexado multiplicando o valor medio da máxima precipitación diaria anual polo que se denomina cuantil rexional, que ten distintos valores en función do período de retorno.

Empregando a aplicación informática incluída na publicación "*Máximas lluvias diarias en la España Peninsular*", obtéñense os seguintes resultados, idénticos para ambas zonas de proxecto:

PERÍODO DE RETORNO T (ANOS)	PRECIPITACIÓN MÁXIMA DIARIA Pd (mm)
10	85
100	131
500	168

Estes aspectos desenvólvense polo miúdo no Anexo nº 8 *Hidroloxía e drenaxe*.

3. VIARIO

3.1. DESCRICIÓN DO TRAZADO

O treito definido no presente proxecto ten o seu comezo na estrada AC-840 no seu P.Q. 21+800 aproximadamente, continuando ata o P.Q. 22+065, resólvense as intersecciónss entre os PP.QQ. mencionados. A descrición polo miúdo do trazado e as listaxes para a súa definición inclúense no anexo nº 6 *Viario.*

3.2. TRAZADO EN PLANTA

Definíronse os seguintes eixos de xeito auxiliar, necesarios para proxectar a totalidade das obras viarias que se proxectan:

- **GLORIETA DO EMPALME:** O eixe definido para a glorieta é unha circunferencia de radio 13,50 m que coincide co anel exterior da calzada. Ten unha lonxitude de 2 x 13,50 π = 84,823 m. O sentido crecente da quilometraxe establécese coincidente co sentido horario.
- **AC-840-N:** corresponde co tronco da estrada AC-840 dende o inicio do tramo proxectado no PQ 21+800 até a intersección do Empalme onde se proxecta a glorieta. O PQ final do eixe é o 21+886,65
- **AC-840-S:** corresponde co tronco da estrada AC-840 a partires da intersección do Empalme onde se proxecta a glorieta (PQ 21+913,126 da AC-840) até o final do treito no PQ 22+065.
- **DP-3204-NE:** corresponde ao acceso dende a estrada provincial DP-3204 á glorieta do Empalme dende o NE. O eixo conta cunha lonxitude total de 46 m.
- **DP-3204-SW:** corresponde ao acceso dende a estrada provincial DP-3204 á glorieta do Empalme dende o SW. O eixo conta cunha lonxitude total de 50 m.

3.3. TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, no se ten definido un trazado en alzado para os eixes dos viarios existentes, senón un axuste progresivo nos abanos de enlace coa glorieta. A aliñación exterior do carril partirá dunha cota definida na glorieta e variará linealmente ata rematar na cota actual do viario existente .

3.4. SECCIÓN TRANSVERSAL

Na táboa que se mostra a continuación, indícase o ancho de cada un dos elementos que conforman a sección tipo dos eixes definidos no proxecto:

EIXE	ESQUERDA			BEIRAVÍA MEDIANA	DEREITA		
	EXTERIOR	BEIRAVÍA	CALZADA		CALZADA	BEIRAVÍA	EXTERIOR
AC-840-N	Existente	1,00 m	3,50 m	---	3,50 m	1,50 m	---
AC-840-S	Beirarrúa 2,00 m (mín)	1,00 m	3,50 m	0,50 m	3,50 m	1,00 m	Beirarrúa 1,80 m (min)
DP-3204-NE	Existente	1,00 m	3,25 m	0,50 m	3,25 m	1,00 m	Mínimo 2,00 m
DP-3204-SW	Existente	1,00 m	3,50 m	0,50 m	3,50 m	1,00 m	Mínimo 2,00 m
GLORIETA	---	1,00 m	---	----	8,00 m	1,00 m	Anel interior

O ancho dos carrís así como das beiravías son variables nos abanos da glorieta e accesos.

4. FIRMES

4.1. CASOS DE PAVIMENTACIÓN

No presente proxecto inclúense varias casuísticas de pavimentación:

- Zonas nas que existe pavimento bituminoso na actualidade, nas que unicamente se estenderá unha capa de rodadura nova, previo fresado.
- Zonas nas que é necesaria a execución da sección estrutural completa por non existiren na actualidade un firme axeitado.

4.2. EXPLANADA

Nos casos nos que é necesaria a execución da sección completa do firme considérase necesaria a disposición de 75 cm de solo seleccionado para obter explanada de categoría E2

4.3. REHABILITACIÓN DA ESTRADA AC-840

No tronco da estrada AC-840 no que xa existe firme bituminoso proxéctase o fresado do mesmo dun espesor de 3 cm da capa de rodadura existente e a extensión no espazo fresado de mestura bituminosa descontinua do tipo BBTM 11A con betume modificado con polímeros PMB 45/80-60 segundo a denominación da UNE-EN 14023**)**, trala aplicación sobre a superficie fresada limpa dunha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual, cumprindo deste xeito as prescricións do PG-3.

4.4. FIRME COMPLETO NA ESTRADA AC-840

Nas zonas nas que cómpre realizar unha ampliación da plataforma proxéctase a execución da sección estrutural completa. Entre as seccións de firme recollidas na figura 2.2 da Norma 6.1-IC, en función das categorías de explanada e de tráfico pesado (E2 e T2 respectivamente, neste caso), óptase pola sección nº 221, formada por 25 cm de saburra artificial e 25 cm de mestura bituminosa.

De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 3 cm de formigón bituminoso tipo BBTM 11A PMB 45/80-60
- Intermedia: 10 cm de de formigón bituminoso tipo AC-22 bin BC50/70 S (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Base: 12 cm de formigón bituminoso tipo AC-32 base BC50/70 G (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Subbase: 25 cm de saburra artificial. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF4 IMP cunha dotación de 1500 g/m^2, que garante 600 g/m^2 de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

4.5. FIRME COMPLETO NA GLORIETA DO EMPALME

De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, e seguindo o criterio establecido no apartado anterior sobre o macádam bituminoso, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 5 cm de formigón bituminoso tipo AC-16 surf BC50/70 S (con betume mellorado con caucho).
- Intermedia: 10 cm de de formigón bituminoso tipo AC-22 bin BC50/70 S (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Base: 12 cm de formigón bituminoso tipo AC-32 base BC50/70 G (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Subbase: 25 cm de saburra artificial. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF4 IMP cunha dotación de 1500 g/m^2, que garante 600 g/m^2 de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

4.6. REHABILITACIÓN NA GLORIETA DO EMPALME E NA ESTRADA DP-3204

Sobre o firme existente da contorna da glorieta do Empalme e da estrada provincial DP-3204 proxéctase o fresado dun espesor de 5 cm da capa de rodadura existente e a disposición do mesmo espesor de formigón bituminoso tipo AC-16 surf BC50/70 S (con betume mellorado con caucho), trala aplicación sobre a superficie fresada limpa dunha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.

4.7. ESPAZO PAVIMENTADO EN ILLAS

Para a pavimentación das bandas rebasables das illas das intersecciónss, deseñouse a seguinte sección estrutural

- Lastro prefabricado bicapa de espesor 8 cm.
- Morteiro de asento M-5, con espesor de 2 cm.
- Formigón HNE-20 de 15 cm de espesor.

4.8. BEIRARRÚA

Para o deseño da pavimentación das beirarrúas séguense as indicacións do Catálogo de seccións de pavimentación de espazos urbanos, incluído nas "*Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano*" editado polo Ministerio de Fomento no ano 2000.

Entre as posibilidades que permite o catálogo para os pavimentos de espazos do peón adóptase, de entre as posibilidades que ofrece, a sección 168 con algunhas modificacións, resultando a seguinte sección:

- Louseta hidráulica de 20x20 cm, de espesor 3 cm.
- Morteiro de asento M-5, con espesor de 2 cm.
- Recheo con HNE-20 dende o firme existente ou ben nun espesor de 15 cm dende o recheo de solo tolerable.

No anexo nº 7 *Tráfico e firmes* idesenvólvense todos os aspectos anteriores, coas súas respectivas xustificacións.

5. DRENAXE

5.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Enténdese como drenaxe o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que podan ser evacuadas, de xeito que non cause danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a ter en conta son as seguintes:

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 10 anos.
- O elemento principal de recollida e condución da auga son o bordo e a rígola.

5.2. DRENAXE SUPERFICIAL

Debido ás características do proxecto non ten sentido falar da creación dunha rede nova de drenaxe, xa que non existe un aumento da superficie a desaugar nin variación algunha das súas características.

Aínda así, modifícase parte da rede de drenaxe existente (considerado satisfactorio na actualidade), adaptando os pozos e sumidoiros á nova planta da intersección. Para elo, as actuacións que se levan a cabo son as seguintes:

- Reutilización de sumidoiros existentes.
- Retirada de sumidoiros existentes que non compatibilizan coa planta proxectada.
- Construción de novos sumidoiros, conectados mediante tubos de PVC á rede de drenaxe existente.

Todos estes aspectos desenvólvense no anexo nº 8 *Hidroloxía e drenaxe*.

6. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

As situacións máis frecuentes durante o desenvolvemento das obras recollidas do presente proxecto serán as seguintes:

- Obras na contorna da glorieta do Empalme, na que se realizarán traballo no exterior da calzada (beirarrúas) e ampliación de plataforma. Os traballos requirirán o peche dun dos carriles mentres se executan os traballos previstos no outro..

Para as devanditas situacións seguiranse as recomendacións de sinalización dos exemplos 1.3, 1.4 e 1.5 do *Manual de ejemplos de señalización de obras fijas*.

Estímase innecesaria a implantación de itinerarios alternativos.

O análise das interferencias das obras coa circulación e os esquemas de sinalización correspondentes expóñense pormenorizadamente no anexo nº 9 *Solucións ao tráfico durante as obras.*

7. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

Inclúese no anexo nº 10 *Sinalización, balizamento e defensas* a descrición e xustificación dos elementos proxectados.

7.1. SINALIZACIÓN VERTICAL

O inventario da sinalización vertical proxectada, incluíndo o código que recibe no *REGLAMENTO GENERAL DE CIRCULACIÓN* e as súas características é o seguinte:

CÓDIGO	DESCRICIÓN
P-4	Preaviso circulación xiratoria
R-1	Ceda o paso
R-2	Detención obrigatoria ou STOP
R-101	Entrada prohibida
R-301	Limitación da velocidade máxima
R-400a	Paso obrigatorio
R-402	Circulación xiratoria
S-22	Cambio de sentido
S-200	Cartel presinalización glorieta
S-310	Carteis frecha
S-800	Distancia do comezo de perigo ou prescrición
S-870	Aplicación da sinalización

7.2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Segundo o factor de desgaste e a clase de material mais axeitada indicadas no anexo nº 10 *Sinalización, balizamento e defensas*, conclúese que:

- As marcas viarias en zonas excluídas ó tráfico serán a base de pinturas.
- As bandas laterais e as marcas de separación de carrís serán a base de produtos de longa duración aplicados por pulverización.
- Os símbolos, letras e frechas serán a base de produtos de longa duración aplicados por extrusión ou arrastre.

7.3. BALIZAMENTO

Nos bordes de calzada da estrada AC-840 colocaranse captafaros que serán reflectantes tipo ollo de gato de dobre cara nas beiravías da estrada cada 5 m por cada marxe en zonas de intersecciónss e cada 20 m na restante lonxitude do eixe.

7.4. DEFENSAS

Tendo en conta que ningún dos viarios que accedes á glorieta supera a velocidade de proxecto de 60 km/h, non se estima necesaria a colocación de barreiras de protección, por non atoparse as solucións proxectadas nos supostos que xustifican a súa colocación.

8. ANALISIS AMBIENTAL E DE PATRIMONIO CULTURAL

Os aspectos ambientais relátanse polo miúdo no anexo nº 11 *Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística*

Segundo a Lei 21/2013 o presente proxecto non está obrigado a someterse a un procedemento de avaliación ambiental ordinario ou simplificado, ao non estar comprendido en ningún dos supostos incluídos no Artigo 6, Artigo 7 e nos Anexos I e II.

Unha vez estudado do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Curtis, chégase a conclusión que tódolos ben inventariados e catalogados no mesmo, están fora do ámbito de execución do presente proxecto, polo que non se pode facer unha mención especial a ningún ben patrimonial. Se ben, tomaranse como válidas as consideracións tidas en conta para os xacementos e monumentos que se atopan inventariados co fin de aplicalas no posible caso de atopar algún xacemento durante a execución das obras.

8.1. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

Inclúense no proxecto e no orzamento as seguintes medidas preventivas ou correctoras

- Protección dos solos e vexetación
- Protección das augas continentais
- Protección das augas superficiais fronte a sucesos asociados a fenómenos de escorrentía superficial
- Protección fronte ás emisións acústicas
- Protección da fauna

8.2. RESTAURACIÓN E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Ademais das medidas correctoras, é necesario prever certas partidas de restauración paisaxística consistentes en revexetación de

- Noiros en desmonte
- Glorieta

8.3. PROGRAMA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

Inclúense no orzamento partidas para control e seguimento ambiental e patrimonial.

9. XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN

A Lei de residuos 22/2011 ,do 28 de xullo de residuos e solos contaminados, no artigo 8 “Xerarquía de residuos”, establece que se aplicará a seguinte xerarquía de residuos por orde de prioridade para conseguir o mellor resultado ambiental global:

1. Prevención
2. Preparación para a reutilización
3. Reciclaxe
4. Outro tipo de valorización, incluída a valorización enerxética
5. Eliminación

Cabe considerar tres tipos de residuos a xestionar:

- Residuos inertes de obra (procedentes de demolición e construción)
- Residuos perigosos e que polo tanto, han de ser tratados por un xestor autorizado.

- Residuos asimilables a urbanos.

No relativo a residuos procedentes de demolición e construción, para a estimación dos mesmos tivéronse en conta as seguintes consideracións:

- O volume de residuos de terras e pedras da escavación é o total do volume de escavación recollido na medición, estimando que o coeficiente de esponxamento é de 1,00
- O volume de residuos de demolición estimouse a razón de 0,20 m^3 por cada m^2, considerando que un 60% da demolición realízase sobre materiais asfálticos e o resto sobre materiais pétreos.
- O fresado produce 0,01 m^3 de residuo asfáltico por cada m^2
- Para o resto dos residuos realizouse unha estimación realista baseada nas características da obra

A xestión dos residuos a realizar nas obras incluídas no presente proxecto explícase máis polo miúdo no anexo nº 12 *Xestión de residuos.*

10. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS E SERVIZOS

Dada a localización puntual das obras contidas no presente proxecto, non foi necesaria a coordinación con outros organismos alén da Axencia Galega de Infraestruturas, do Concello de Curtis como titular dos servizos de alumado, abastecemento e saneamento, a Deputación da Coruña, e dos propietarios dos servizos de subministración.

A localización dos servizos de subministración provén da información obtida nas visitas de campo, dos traballos topográficos, e da obtida por consulta á agrupación Inkolan, formada pola maior parte dos grandes operadores de servizos públicos.

11. EXPROPIACIÓNS

11.1. XERALIDADES

No anexo nº 14 *Expropiacións* deste proxecto inclúese a relación de propietarios afectados polo mesmo, o plano parcelario e unha valoración dos terreos a expropiar e dos bens afectados. Os terreos a expropiar atópanse no termo municipal de Curtis.

A liña de expropiación, entendendo por tal o límite dos terreos necesarios para a execución das obras, tomouse na aresta exterior da explanación.

Como paso previo e necesario para a delimitación dos terreos de carácter privado que sería necesario expropiar, solicitouse ao Servizo Provincial de Infraestruturas da Coruña o límite do dominio público da estrada AC-840. Unha vez obtida a cartografía solicitada, replanteouse no terreo, concluíndose que o reflectido nos planos proporcionados pola Administración (que na maior parte do trazado é un retranqueo a 10 m do eixe da estrada) non concorda co borde de ocupación real, entendendo como tal a liña de peches.

Debido ao anterior, decidiuse establecer gráficamente a diferenza na delimitación dos terreos a expropiar que están fóra do dominio público reflectido nos planos, e os que están dentro da ocupación real mais dentro do dominio público reflectido nos planos.

11.2. VALORACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS

Para a valoración do conxunto das expropiacións necesarias inclúese o 5% do valor a expropiar en concepto de premio de afección.

Non se considerou indemnización por rápida ocupación das parcelas, posto que non se estiman prexuízos derivados dunha rápida ocupación, como mudanzas ou colleitas pendentes, xa que non hai en xeral solos habitados ou cultivados na zona para expropiar.

Da aplicación dos prezos unitarios adoptados ás superficies afectadas para os diferentes tipos de aproveitamento e demais circunstancias, obtivéronse os valores parciais e totais das devanditas afeccións. Na táboa seguinte recóllese o resumo da valoración dos bens e dereitos afectados.

SITUACIÓN		SUPERFICIE (m^2)	VALORACIÓN (€)
URBANO	Dentro de aliñación	68	1.807,44
	Fora de aliñación	218	5.794,44
	TOTAL	**286,00**	**7.601,88**
	Afección	**5%**	**380,09**
		SUMA	**7.981,97**

Ascende a valoración das expropiacións a **SETE MIL NOVECENTOS OITENTA E UN EUROS con NOVENTA E SETE CÉNTIMOS.**

11.3. VALORACIÓN DE BENS AFECTADOS

Ademais dos terreos antes mencionados, son afectados unha serie de bens privados. Clasifícanse en peches de parcela de distinto tipo e árbores.

TIPO DE BIEN	MEDICIÓN	PRECIO	IMPORTE
Valado de postes e arame	40,00 m	0,63 €	25,20 €
Muro de bloque de formigón con arame e seto	35,00 m2	10,40 €	364,00 €
Árbol	4 ud	25,37 €	101,48 €
Cancela metálica	1 ud	350,00 €	350,00 €
		TOTAL	**840,68 €**

A medición dos bens afectados detállase no apéndice nº2 e con unha valoración que ascende a cantidade de **OITOCENTOS CORENTA EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS**.

11.4. VALORACIÓN TOTAL

O conxunto das expropiacións necesarias, incluíndo a valoración das afeccións, ascende á cantidade de **OITO MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS con SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (8.822,65 €)**.

12. SERVIZOS AFECTADOS

Distínguense dous tipos de servizos afectados, tal como se describe no anexo nº 15 *Reposición de servizos*: os que son de administración pública e os que dependen da subministración de compañías privadas. A reposición dos primeiros inclúese no Documento nº4 Orzamento, como unidades de obra, mentres que a segunda recóllese no orzamento para coñecemento da Administración como servizos afectados.

12.1. SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Por medio da información reflectida no PXOM de Curtis (incluída no apéndice nº 1) e dos datos obtidos nas visitas de campo e os traballos de topografía, detectáronse as seguintes afeccións a servizos de administración pública:

- Será necesario o recrecemento de tapas de rexistro das liñas de abastecemento e saneamento.
- Resultan afectadas varias farolas sobre báculo, e varios postes da liña de alumado público, que terán que ser retranqueadas.

12.2. SERVIZOS DE SUBMINISTRO

12.2.1. LIÑAS ELÉCTRICAS

Será necesario o retranqueo de liñas na contorna da glorieta do Empalme. Non obstante, dado que estas liñas comprenden tamén o alumado público, valórase para coñecemento da administración unicamente o novo cableado de rede eléctrica, sendo que a obra civil está incluída na reposición de alumado público.

12.2.2. LIÑAS DE TELECOMUNICACIÓN

Será necesario o retranqueo dun poste nas inmediacións da glorieta do Empalme.

12.2.3. VALORACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRO

Polo tanto, no Orzamento para o Coñecemento da Administración deberán considerarse, como servizos afectados, os correspondentes os servizos de subministro, resumidos a continuación:

DESCRIPCIÓN	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
CABLE DE TELECOMUNICACIÓNS	60,00 m	14,50 €	870,00 €
CABLE LIÑA BAIXA TENSION	180,00 m	15,20 €	2.736,00 €
POSTES DE MADEIRA EN LINEA TELEFONICA	1 ud	865,00 €	865,00 €
TOTAL SERVIZOS AFECTADOS			**4.471,00 €**
IVA	21%		938,91 €
TOTAL + IVA			**5.409,91 €**

Polo tanto, obtense un orzamento total de reposición de **CINCO MIL CATROCENTOS NOVE EUROS con NOVENTA E UN CÉNTIMOS (5.409,91 €)**

13. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

Tendo en conta as medicións das distintas unidades de obra, estímase que é necesario e suficiente un prazo de execución para a completa realización das obras incluídas no presente proxecto de TRES (3) MESES.

No anexo nº 16 *Plan de obra* inclúese a xustificación do prazo estimado e un diagrama de Gantt explicativo do programa de traballos.

14. REVISIÓN DE PREZOS

O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro, no seu artigo 89, Capítulo II (*Da revisión de prezos nos contratos das Administracións Públicas*) do Título III (*Obxecto, Prezo e Contía do Contrato*), sinala que nin a porcentaxe do 20 por 100 nin o primeiro ano de execución, contando dende a adxudicación, poden ser obxecto de revisión. O prazo previsto de realización da obra é inferior a un ano, polo tanto os prezos enténdense como non revisables.

Por outra banda, por Resolución expresa da Dirección Xeral de Infraestruturas, nos contratos de obras celebrados a partires do 15 de abril de 2014 non procederá a revisión de prezos.

Non obstante, inclúese unha proposta de fórmula de revisión por se, por algunha eventualidade, chegase a ser necesaria.

Á vista do análise reflectido no anexo nº 17 *Revisión de prezos e clasificación do contratista*, proponse como fórmula de revisión de prezos para todas as partidas que conforman o orzamento a nº 382 que se expón a continuación:

$$K_t = 0{,}03\ B_t/B_0 + 0{,}12\ C_t/C_0 + 0{,}02\ E_t/E_0 + 0{,}08\ F_t/F_0 + 0{,}09\ M_t/M_0 + 0{,}03\ O_t/O_0 + 0{,}03\ P_t/P_0 + 0{,}14\ R_t/R_0 + 0{,}12\ S_t/S_0 + 0{,}01\ T_t/T_0 + 0{,}01\ U_t/U_0 + 0{,}32.$$

15. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Tendo en conta que non é esixible, proponse que a clasificación ao contratista segundo o Real Decreto 773/2015 do 28 de agosto sexa a seguinte, tal como se xustifica no anexo nº 17 *Revisión de prezos e clasificación do contratista*:

- Grupo: **G** (Viais e Pistas)
- Subgrupo: **4** (Con firmes de mesturas bituminosas)
- Categoría: **2** (Contía excedente dos 150.000 € e non pasante dos 360.000 €)

16. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA A ADMINISTRACIÓN

16.1. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

O importe do Orzamento de Execución Material, obtido aplicando as medicións correspondentes aos prezos unitarios reflectidos nos cadros de prezos ascende á cantidade de:

CENTO SESENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS con OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (164.455,89)

16.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Incrementado o Orzamento de Execución Material nun 13 % de Gastos Xerais e un 6% de Beneficio Industrial, resulta un importe do Orzamento de Base de Licitación das obras do presente Proxecto que ascende á cantidade de:

CENTO NOVENTA E CINCO MIL SETECENTOS DOUS EUROS con CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (195.702,51€)

16.3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN + I.V.E.

Incrementado o Orzamento de Base de Licitación nun 21 % de I.V.E. resulta un importe do Orzamento de Base de Licitación + I.V.E das obras do presente Proxecto que ascende á cantidade de:

DOUSCENTOS TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS EUROS con CATRO CÉNTIMOS (236.800,04 €)

16.4. VIXILANCIA AMBIENTAL

Tal e como se reflicte no Anexo nº 11 *Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística,* o conxunto das actuacións de vixilancia ambiental, ascende á cantidade de **OITOCENTOS EUROS (800,00€).**

16.5. EXPROPIACIÓNS E BEN AFECTADOS

Tal e como se reflicte no anexo nº 14 *Expropiacións,* o conxunto das expropiacións necesarias, incluíndo a valoración das afeccións, ascende á cantidade de **OITO MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS con SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (8.822,65 €)**.

16.6. SERVIZOS AFECTADOS

Segundo se recolle no anexo nº 15 *Reposición de servizos*, a valoración das reposicións de servizos afectados pola obra ascende á cantidade de **CINCO MIL CATROCENTOS NOVE EUROS con NOVENTA E UN CÉNTIMOS (5.409,91 €)**.

16.7. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

Dos apartados anteriores resulta o anterior resume:

Orzamento base de licitación + I.V.E.	236.800,04 €
Vixilancia ambiental	800,00 €
Expropiacións e bens afectados	8.822,65 €
Servizos afectados	5.409,91 €
SUMA	**251.832,60 €**

Polo que ascende o orzamento para coñecemento da administración das obras incluídas no presente Proxecto a cantidade de **DOUSCENTOS CINCUENTA E UN MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS con SESENTA CÉNTIMOS.**

17. SEGURIDADE VIARIA

A Instrución do 17 de xuño de 2010 pola que se desenvolve o anexo de seguridade viaria, no seu punto Segundo, establece que: "*A exixencia deste anexo aplicarase aos proxectos de estradas de nova redacción promovidos pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tanto para os casos de actuacións de nova planta como para os de modificacións substanciais das características da vía.*". Non dándose no presente proxecto ningún dos supostos recollidos, entendese que non é esixible a redacción de un anexo de seguridade viaria, sen detrimento das medidas necesarias a adoptar nesta materia para asegurar a seguridade viaria.

18. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN

18.1. DECRETO 1098/2001: DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

Dado que a obra obxecto do presente Proxecto inclúe tódolos traballos precisos que a converten en executable, considérase que se cumpre o decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e concretamente o seu artigo 125.1, onde se di: "*os proxectos deberán referirse a obra completa, entendéndose por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente*".

18.2. REAL DECRETO 1627/1997: ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

O R.D. 1627/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, refírese á obrigatoriedade da inclusión dun Estudo de Seguridade e Saúde nos casos seguintes:

- Que o orzamento de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 450.759,08 euros.
- Que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.
- Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500.

En consecuencia, no caso presente faise precisa a inclusión do estudio, que se acompaña no anexo nº 13 *Seguridade e saúde* do presente proxecto.

18.3. LEI 10/2014: ACCESIBILIDADE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

As obras contidas no presente proxecto teñen en conta as prescricións da Lei de Accesibilidade na Comunidade autónoma de Galicia do 3 de decembro publicada no Diario Oficial de Galicia o 17 de decembro de 2014. Mantén a súa vixencia o regulamento de desenvolvemento dado polo Decreto 35/2000 mentres non entre en contradición coa lei vixente.

A devandita normativa ten por obxecto garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal.

No presente proxecto, non se consideran exclusivamente as prescricións incluídas na seguinte táboa, onde se indica o grao de cumprimento dos elementos proxectados (practicable ou adaptado):

	ADAPTADO	PRACTICABLE	PROXECTADO
ITINERARIOS PEONÍS			
A. Anchura mínima			
Paso libre de obstáculos	1,80 m	1,50 m	ADAPTADO
Paso con obstáculos puntuais	1,50 m	1,20 m	ADAPTADO
B. Pendentes máximas			
Lonxitudinal	10%	12%	ADAPTADO
Transversal	2%	3%	ADAPTADO
C. Altura libre mínima	2,20 m	2,10 m	ADAPTADO
D. Desniveis			
Equivalente a un andar	Rampla adaptada	Altura máx. 15 cm	ADAPTADO
Con escaleira	Rampla adaptada	Rampla practicable	ADAPTADO
VADOS PEONÍS			
Tipo A			
A. Anchura mínima	1,80 m	1,50 m	ADAPTADO
B. Pendentes máximas	1,50 m	1,20 m	ADAPTADO
C. Resalto máximo	2 cm	3 cm	ADAPTADO
Tipo B			
A. Lonxitude mínima	1,50 m	1,20 m	ADAPTADO
B. Ancho mínimo	0,90 m	0,90 m	ADAPTADO

	ADAPTADO	PRACTICABLE	PROXECTADO
VADOS PARA VEHÍCULOS			
A. Dimensión mínima	0.60 m	0,60 m	ADAPTADO
B. Resalto máximo	2 cm	3 cm	ADAPTADO
C. Ancho mínimo	1.80 m	1,50 m	ADAPTADO
D. Desniveis	Vado adaptado	Vado practicable	ADAPTADO
A. Dimensión mínima	0,60 m	0,60 m	ADAPTADO
B. Resalto máximo	2 cm	3 cm	ADAPTADO
PAVIMENTOS			
A. Características xerais	Duros, antiesvarante e sen resaltes		ADAPTADO
B. Desnivel entre pavimentos	2 cm	3 cm	ADAPTADO
C. Dimensión de ocos de reixas	2 cm	2 cm	ADAPTADO
BORDOS			
A. Altura máxima	14 cm	16 cm	ADAPTADO

18.4. ORDE VIV/561/2010 DE CONDICIÓNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE

Ademais da Lei de Accesibilidade 10/2014, comentada no punto anterior, tamén é de aplicación no presente proxecto a Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, no que se establecen unhas condicións básicas de accesibilidade para a utilización dos espazos públicos urbanizados.

Para verificar que o proxecto que se trata dá cumprimento a devandita Orde, achégase a seguinte táboa onde se estudan as condicións xerais de accesibilidade:

	ORDE VIV/561/2010	PROXECTO
ITINERARIOS PEONÍS		
A. Anchura mínima		
Paso libre de obstáculos	1,80 m	CUMPRE
Paso con obstáculos puntuais	1,50 m	CUMPRE
B. Pendentes máximas		
Lonxitudinal	6%	CUMPRE
Transversal	2%	CUMPRE
C. Altura libre mínima	2,20 m	CUMPRE
D. Desniveis		
Chanzos illados	Non permitidos	CUMPRE
Resaltes	Non permitidos	CUMPRE
ILUMINACIÓN		
A. Nivel mínimo	20 luxes	CUMPRE
PAVIMENTOS		
A. Características xerais	Duro, antiesvarante e sen resaltes	CUMPRE
VADOS PEONÍS		
A. Anchura mínima	1,80 m	CUMPRE
B. Pendentes máximas		
Lonxitudinal	8%	CUMPRE
Transversal	2%	CUMPRE

19. DOCUMENTOS INCLUÍDOS NO PROXECTO

O presente proxecto consta dos seguintes documentos, dando cumprimento ao establecido no artigo 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado no Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro:

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

MEMORIA DESCRITIVA E XUSTIFICATIVA

- Anexo nº 1. ANTECEDENTES
- Anexo nº 2. REPORTAXE FOTOGRÁFICA
- Anexo nº 3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFIA
- Anexo nº 4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
- Anexo nº 5. PLANEAMENTO
- Anexo nº 6. VIARIO
- Anexo nº 7. TRÁFICO E FIRMES
- Anexo nº 8. HIDROLOXÍA E DRENAXE
- Anexo nº 9. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS
- Anexo nº 10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
- Anexo nº 11. ASPECTOS AMBIENTAIS
- Anexo nº 12. XESTIÓN DE RESIDUOS
- Anexo nº 13. SEGURIDADE E SAÚDE
- Anexo nº 14. EXPROPIACIÓNS
- Anexo nº 15. REPOSICIÓN DE SERVIZOS
- Anexo nº 16. PLAN DE OBRA
- Anexo nº 17. REVISIÓN DE PREZOS E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
- Anexo nº 18. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
- Anexo nº 19. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

- Plano nº 1. SITUACIÓN E ÍNDICE
- Plano nº 2. PLANTA DE CONXUNTO
- Plano nº 3. REPLANTEO
- Plano nº 4. TRABALLOS PREVIOS
- Plano nº 5. SECCIÓNS TIPO
- Plano nº 6. AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN
- Plano nº 7. PERFÍS TRANSVERSAIS
- Plano nº 8. DRENAXE
- Plano nº 9. RESTAURACIÓN AMBIENTAL
- Plano nº 10. SINALIZACIÓN
- Plano nº 11. SERVIZOS AFECTADOS

DOCUMENTO Nº 3. PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

DOCUMENTO Nº 4. ORZAMENTOS

- MEDICIÓNS AUXILIARES
- MEDICIÓNS XERAIS
- CADRO DE PREZOS Nº 1
- CADRO DE PREZOS Nº 2
- ORZAMENTOS PARCIAIS
- ANÁLISE DO ORZAMENTO
- ORZAMENTO XERAL

20. CONCLUSIÓN

Á vista de canto antecede e considerando os documentos que se acompañan, temos a honra de elevar este proxecto á superioridade para a súa aprobación se procede.

A Coruña, setembro de 2016

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Autor do Proxecto

Asdo.: Hadrián Arias Durán

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Director do Proxecto

Asdo.: José Enrique Pardo Landrove

Visto e prace,
A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos
Xefa do Servizo de Proxectos

Asdo.: Mª Jesús Tejada López

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ANEXO Nº 1. ANTECEDENTES

1. ANTECEDENTES

A estrada AC-840, da que forma parte o ámbito de actuación do presente proxecto, percorre desde Betanzos (AC-542) ata o límite provincial en Agolada (N-640), e pertence á Rede Primaria Básica de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En marzo de 2011 foi redactado por Deseños Estruturais e Viarios, S.L. o proxecto de construción "*Itinerario Peonil e reforma de intersecciónsna AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*". As actuacións previstas nese proxecto comprendían a creación dunha senda peonil, a mellora das intersecciónsexistentes co viario local e provincial e a mellora das condicións do firme incluíndo unha nova capa de rodadura.

Á vista do tempo transcorrido dende a redacción do devandito proxecto, foi necesario acaer os obxectivos anteriormente presentados ás necesidades actuais da zona adaptando as obras definidas no proxecto previo. Por resolución de 22 de xullo de 2015, da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia iniciouse a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación dos traballos de "*Reformulación do proxecto de construción da obra: Itinerario Peonil e reforma de intersecciónsna AC-840 en Curtis (PQ 20+190 ao PQ 21+910)*", de clave AC/15/066.06. Por resolución do 30 de xullo de 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou a Deseños Estruturais e Viarios, S.L. a realización do devandito traballo, quedando formalizado o contrato coa mesma data. As actuacións previstas no proxecto comprendían a creación da senda peonil ata a intersección coa estrada provincial DP-3204, e a reforma de algunhas das intersecciónsdo treito dende o PQ 20+140 ao 21+880.

O presente proxecto desenvolve a reforma da intersección da estrada AC-840 coa estrada provincial DP-3204, no PQ 21+900, transformando a intersección a nivel existente, de notable accidentalidade, nunha glorieta coas características axeitadas.

En consecuencia co anterior, o presente proxecto de construción ten como finalidade definir e desenvolver as distintas unidades de obra, precisas para poder levar a cabo as obras correspondentes ás necesidades, definíndoas completamente na memoria, planos, prego de prescricións técnicas particulares e orzamento, documentos que integran este proxecto.

ANEXO Nº 2. REPORTAXE FOTOGRÁFICA

1. INTRODUCCIÓN

Durante as distintas visitas realizadas á zona en estudio tomáronse fotografías do estado actual, mediante cámara dixital, que dan idea da orografía da zona, do tipo de vexetación presente, das construcións e viario existentes, etc.

2. REPORTAXE FOTOGRAFICA

Sobre a base cartográfica dispoñible a escala 1:1.000 sinalouse a situación aproximada da toma de cada fotografía, indicando a súa numeración e por medio de unha ou varias frechas, a orientación das mesmas. A continuación inclúese a reportaxe fotográfica realizada e os planos de localización das fotografías.

Foto 1.

Foto 2.

Foto 3.

Foto 4.

Foto 5.

Foto 6.

APÉNDICE 1. LOCALIZACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

axencia galega de infraestruturas

SERVIZO: ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN

CONSULTOR: deViarios

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS AUTOR DO PROXECTO: HADRIÁN ARIAS STURIAN

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS DIRECTOR DO PROXECTO: JOSE ENRIQUE PARDO LANDROVE

Vº. A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS XEFA DO SERVIZO DE PROXECTOS: MARIA JESÚS TEJADA LÓPEZ

DEBUXOU:

COTEXOU:

SUBSTITUE A:

SUBSTITUIDO POR:

ESCALAS:
ISO-A1 1:300 (0 3 6 12 m)
ISO-A3 1:600 (0 6 12 24 m)

TÍTULO: PROXECTO DE CONSTRUCIÓN
REFORMA DA INTERSECCIÓN NO PQ 21+900 DA AC-840 (CURTIS)

CLAVE: AC/16/230.10

Nº PLANO: ---
FOLLA 3 DE 3

DESIGNACIÓN DO PLANO: **LOCALIZACIÓN DE FOTOGRAFÍAS**

DATA: SETEMBRO 2016

Nº DE PÁXINA:

ANEXO Nº 3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

ÍNDICE:

1. LOCALIZACIÓN DA ZONA DE PROXECTO
2. BASE CARTOGRÁFICA
3. TOPOGRAFÍA
APÉNDICE 1. MEMORIA TOPOGRÁFICA
APÉNDICE 2. COORDEADAS DAS BASES DE REPLANTEO EN DATUM ETRS-89

1. LOCALIZACIÓN DA ZONA DE PROXECTO

A área de actuación sitúase no PQ 21+900 estrada AC-840, pertencente á Rede Primaria Básica de Estradas de Galicia, no Termo Municipal de Curtis, provincia de A Coruña.

Figura 1. Localización da zona de proxecto

2. BASE CARTOGRÁFICA

2.1. BASE TOPOGRÁFICA

Como apoio cartográfico utilizouse a Base Topográfica a escala 1:5.000, proporcionada pola Xunta de Galicia, con curvas de nivel cada cinco metros, realizadas en proxección UTM no fuso 29, Elipsoide Internacional con Datum Postdam. As follas utilizadas foron as seguintes:

As follas utilizadas son as seguintes:

EIXE	ESQUERDA			BEIRAVÍA MEDIANA	DEREITA		
	EXTERIOR	BEIRAVÍA	CALZADA		CALZADA	BEIRAVÍA	EXTERIOR
AC-840-N	Existente	1,00 m	3,50 m	---	3,50 m	1,50 m	---
AC-840-S	Beirarrúa 2,00 m (mín)	1,00 m	3,50 m	0,50 m	3,50 m	1,00 m	Beirarrúa 1,80 m (mín)
DP-3204-NE	Existente	1,00 m	3,25 m	0,50 m	3,25 m	1,00 m	Mínimo 2,00 m
DP-3204-SW	Existente	1,00 m	3,50 m	0,50 m	3,50 m	1,00 m	Mínimo 2,00 m
GLORIETA DO EMPALME	---	1,00 m	---	----	8,00 m	1,00 m	Anel interior

O ancho dos carrís así como das beiravías son variables nos abanos da glorieta e accesos.

Para o deseño do espazo interior da glorieta seguiuse o croquis previsto na figura 12 da OC 3/2007, adaptando o diámetro do espazo non rebasable ao deseño presente.



Figura 1. Croquis do espazo interior da glorieta mínima segundo a OC 3/2007

4.2. PENDENTES TRASVERSAIS

4.2.1. BOMBEO

O bombeo da plataforma proxectouse de forma que se evacúen con facilidade as augas superficiais, e que o seu percorrido sexa o mínimo. En tódolos eixes definidos disporase un mínimo dun 2% de inclinación transversal cara a cada lado a partir do eixe da calzada. No caso da glorieta esta pendente enténdese dende o anel interior ao exterior, de xeito que a glorieta desaugue cara fóra.

4.2.2. PERALTES

Dadas as características da actuación, no se ten definido unha lei de peraltes para os eixes dos viarios existentes, senón un axuste ás pendentes transversais existentes.

APÉNDICE 1. LISTAXES DE TRAZADO EN PLANTA

AC-840-N

PUNTOS SINGULARES

Estación	Longitud	Coord. X	Coord. Y	Acimut	Radio	Parám.	X Centro	Y Centro
21+819,298	19,298	569.031,251	4.774.677,614	165,8278	-325,000		569.310,543	4.774.843,808
21+898,748	79,450	569.071,879	4.774.609,337	165,8278	Infinito			

PUNTOS DO EIXE CADA 20 METROS

	Estación	Coor. X	Coor. Y	Acimut	Radio	Parám.
	21+800	569.021,880	4.774.694,480	169,6079		
PS	21+819,298	569.031,251	4.774.677,614	165,8278	-325,000	
	21+820	569.031,610	4.774.677,010	165,8278		
	21+840	569.041,837	4.774.659,823	165,8278		
	21+860	569.052,065	4.774.642,636	165,8278		
	21+880	569.062,292	4.774.625,448	165,8278		
PS	21+898,748	569.071,879	4.774.609,337	165,8278	Infinito	
	21+898,748	569.071,879	4.774.609,337	165,8278		

DP-3204-NE

PUNTOS SINGULARES

Estación	Lonxitude	Coord. X	Coord. Y	Acimut	Radio	Parám.	X Centro	Y Centro
0-005,601	0,000	569.081,459	4.774.615,998	23,9651	390,000		569.444,150	4.774.472,628
0+063,499	69,101	569.112,407	4.774.677,680	35,2449	390,000		569.444,150	4.774.472,628

PUNTOS DO EIXE CADA 20 METROS

	Estación	Coor. X	Coor. Y	Acimut	Radio	Parám.
	0-005,601	569.081,459	4.774.615,998	23,9651		
PS	0-005,601	569.081,459	4.774.615,998	23,9651	390,000	
	0+000	569.083,556	4.774.621,193	24,8796		
	0+020	569.091,645	4.774.639,481	28,1443		
	0+040	569.100,661	4.774.657,331	31,4090		
	0+060	569.110,581	4.774.674,696	34,6737		
	0+063,499	569.112,407	4.774.677,680	35,2449		

AC-840-S

PUNTOS SINGULARES

Estación	Longitud	Coord. X	Coord. Y	Acimut	Radio	Parám.	X Centro	Y Centro
21+908,490	0,000	569.082,000	4.774.605,013	162,8083	Infinito			
22+011,416	102,926	569.138,768	4.774.519,157	162,8083	Infinito			
22+011,507	0,090	569.138,818	4.774.519,082	161,6577	-5,000		569.142,939	4.774.521,915
22+072,512	61,005	569.173,379	4.774.468,811	161,6577	Infinito			

PUNTOS DO EIXE CADA 20 METROS

	Estación	Coor. X	Coor. Y	Acimut	Radio	Parám.
PS	21+908,490	569.082,000	4.774.605,013	162,8083	Infinito	
	21+920	569.088,348	4.774.595,412	162,8083		
	21+940	569.099,379	4.774.578,729	162,8083		
	21+960	569.110,410	4.774.562,046	162,8083		
	21+980	569.121,440	4.774.545,363	162,8083		
	22+000	569.132,471	4.774.528,680	162,8083		
PS	22+011,416	569.138,768	4.774.519,157	162,8083	Infinito	
PS	22+011,507	569.138,818	4.774.519,082	161,6577	-5,000	
	22+020	569.143,630	4.774.512,083	161,6577		
	22+040	569.154,960	4.774.495,602	161,6577		
	22+060	569.166,291	4.774.479,121	161,6577		
	22+072,512	569.173,379	4.774.468,811	161,6577		

DP-3204-SW

PUNTOS SINGULARES

Estación	Lonxitude	Coord. X	Coord. Y	Acimut	Radio	Parám.	X Centro	Y Centro
0-007,974	0,000	569.074,039	4.774.604,986	229,0838	Infinito			
0+053,117	61,092	569.047,090	4.774.550,159	229,0838	Infinito			

PUNTOS DO EIXE CADA 20 METROS

	Estación	Coor. X	Coor. Y	Acimut	Radio	Parám.
PS	0-007,974	569.074,039	4.774.604,986	229,0838	Infinito	
	0+000	569.070,521	4.774.597,829	229,0838		
	0+020	569.061,699	4.774.579,880	229,0838		
	0+040	569.052,876	4.774.561,931	229,0838		
	0+053,117	569.047,090	4.774.550,159	229,0838		

GLORIETA DO EMPALME

PUNTOS SINGULARES

Estación	Lonxitude	Coord. X	Coord. Y	Acimut	Radio	Parám.	X Centro	Y Centro
0+000,000	0,000	569.081,064	4.774.598,124	272,6760	13,500		569.075,446	4.774.610,400
0+054,001	54,001	569.081,064	4.774.622,675	127,3263	13,500		569.075,446	4.774.610,400
0+054,001	0,000	569.081,064	4.774.622,675	127,3263	Infinito			
0+084,823	30,822	569.081,064	4.774.598,124	272,6760	13,500		569.075,446	4.774.610,400

PUNTOS DO EIXE CADA 20 METROS

	Estación	Coor. X	Coor. Y	Acimut	Radio	Parám.
PS	0+000,000	569.081,064	4.774.598,124	272,6760	13,500	
	0+020	569.063,721	4.774.603,709	366,9900		
	0+040	569.067,736	4.774.621,481	61,3040		
PS	0+054,001	569.081,064	4.774.622,675	127,3263	13,500	
PS	0+054,001	569.081,064	4.774.622,675	127,3263	13,500	
	0+060	569.085,796	4.774.619,067	155,6181		
	0+080	569.085,002	4.774.600,864	249,9321		
	0+084,823	569.081,064	4.774.598,124	272,6759		

APÉNDICE 2. LISTAXES DE TRAZADO EN ALZADO

AC-840-N

PUNTOS DO EIXE CADA 10 METROS

Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Lonx.(L)	Radio(kv)	Frecha	Theta(%)
21+410,000	533,215	2,6404					
21+420,000	533,471	2,5208					
21+430,000	533,725	2,5598					
21+440,000	533,987	2,6001					
21+450,000	534,249	2,7197					
21+460,000	534,526	2,7197					
21+470,000	534,817	3,2996					
21+480,000	535,105	2,6807					
21+490,000	535,379	2,7161					
21+500,000	535,639	2,4597					
21+510,000	535,866	2,2998					
21+520,000	536,077	2,1008					
21+530,000	536,286	2,0801					
21+540,000	536,502	2,1594					
21+550,000	536,719	1,9995					
21+560,000	536,914	1,8604					
21+570,000	537,098	1,8396					
21+580,000	537,289	1,9006					
21+590,000	537,467	1,8604					
21+600,000	537,632	1,6003					
21+610,000	537,778	1,3196					
21+620,000	537,908	1,3000					
21+630,000	538,033	0,2197					
21+640,000	538,060	0,3406					
21+650,000	538,135	0,7190					
21+660,000	538,229	0,9802					
21+670,000	538,324	0,9192					
21+680,000	538,408	0,7397					
21+690,000	538,499	0,9412					
21+700,000	538,592	0,9399					
21+710,000	538,686	0,9192					
21+720,000	538,783	1,0203					
21+730,000	538,886	1,0193					
21+740,000	539,005	1,1243					
21+750,000	539,157	1,3806					
21+760,000	539,277	1,0608					
21+770,000	539,366	0,8398					
21+780,000	539,465	1,2402					
21+790,000	539,581	1,0999					
21+800,000	539,731	1,7200					
21+810,000	539,891	1,5393					
21+820,000	540,043	1,5002					
21+830,000	540,187	1,4404					
21+840,000	540,380	2,0872					
21+850,000	540,604	2,2607					
21+860,000	540,824	2,1008					
21+870,000	541,035	2,1008					
21+880,000	541,243	2,0410					
21+888,607	541,402	1,9750					

AC-840-S

PUNTOS DO EIXE CADA 10 METROS

Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Lonx.(L)	Radio(kv)	Frecha	Theta(%)
21+920,000	542,177	2,4554					
21+930,000	542,364	2,3193					
21+940,000	542,593	2,5093					
21+950,000	542,829	2,2205					
21+960,000	543,048	2,1802					
21+970,000	543,283	2,3596					
21+980,000	543,520	2,6254					
21+990,000	543,771	2,4805					
22+000,000	544,018	2,4650					
22+010,000	544,271	2,4310					
22+020,000	544,504	2,3010					
22+030,000	544,711	2,3692					
22+040,000	544,942	2,2633					
22+050,000	545,198	2,1919					
22+060,000	545,434	2,0845					
22+065,523	545,548	1,9168					

DP-3204-NE

PUNTOS DO EIXE CADA 10 METROS

Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Lonx.(L)	Radio(kv)	Frecha	Theta(%)
0+000,000	541,353	-2,1606					
0+010,000	541,159	-1,7200					
0+020,000	541,059	-0,9790					
0+030,000	540,894	-1,8799					
0+040,000	540,681	-2,1399					
0+046,000	540,560	-2,0020					

DP-3204-SW

PUNTOS DO EIXE CADA 10 METROS

Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Lonx.(L)	Radio(kv)	Frecha	Theta(%)
0+000,000	541,801	1,4795					
0+010,000	541,950	1,5002					
0+020,000	542,182	2,5806					
0+030,000	542,463	2,8003					
0+040,000	542,791	3,3398					
0+050,000	543,122	3,3203					

GLORIETA DO EMPALME

PUNTOS DO EIXE CADA 10 METROS

Estación	Cota	Pente.(%)	Cota Ver.	Lonx.(L)	Radio(kv)	Frecha	Theta(%)
0+000,000	541,836	1,0736					
0+010,000	541,873	-0,3412					
0+020,000	541,768	-1,7559					
0+030,000	541,524	-2,8294					
0+040,000	541,312	-1,4147					
0+050,000	541,241	0,0000					
0+060,000	541,312	1,4147					
0+070,000	541,524	2,8294					
0+080,000	541,768	1,7559					
0+090,000	541,873	0,3412					
0+100,000	541,836	-1,0736					
0+110,000	541,658	-2,4883					
0+120,000	541,368	-3,0000					
0+130,000	541,068	-3,0000					
0+134,823	540,923	-3,0000					

ANEXO Nº 7. TRAFICO E FIRMES

1. NORMATIVA

A determinación do firme a dispoñer baséase nas especificacións indicadas nas Instrucións 6.1-IC *Seccións de firme* e 6.3-IC *Rehabilitación de Firmes,* publicadas no B.O.E. do 12 de decembro de 2003.

2. TRÁFICO

2.1. DATOS DE AFOROS

Da Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2015, editada pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, obtivéronse os seguintes datos de aforo na estación do PQ 18+000 estrada AC-840.



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
IMD	5117	5029	5022	4777	4802	4887	4826	4606	4412	4482



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
IMDp	977	518	552	530	538	528	521	497	476	480

2.2. PROGNOSE DE TRÁFICO

Sempre que existan datos suficientes, poden axustarse os datos de aforo a unha estimación logarítmica que responde á formula seguinte:

$$IMD_m = IMD_n\ (1+t)^{m-n}$$

O axuste consiste en atopar unha taxa de crecemento que minimice a diferenza entre a distribución teórica e os datos de aforos. Por outra banda, a tendencia da porcentaxe vehículos pesados estímase linearmente, axustando por mínimos cadrados.

Para o análise, prescindirase dos datos do ano 2005, xa que son notoriamente pouco significativos da tendencia dos anos seguintes. Na táboa seguinte expóñense os resultados:

TAXA DE CRECEMENTO	IMD 2016	IMDp 2016	IMDp CARRIL 2016	CATEGORÍA DE TRÁFICO
-1,50%	4343	469	235	T2

3. FIRME

3.1. CASOS DE PAVIMENTACIÓN

No presente proxecto inclúense varias casuísticas de pavimentación:

- Zonas nas que existe pavimento bituminoso na actualidade, nas que unicamente se estenderá unha capa de rodadura nova, previo fresado.
- Zonas nas que é necesaria a execución da sección estrutural completa por non existiren na actualidade un firme axeitado.

3.2. EXPLANADA

Nos casos nos que é necesaria a execución da sección completa do firme considérase necesaria a disposición de 75 cm de solo seleccionado para obter explanada de categoría E2

3.3. REHABILITACIÓN DA ESTRADA AC-840

No tronco da estrada AC-840 no que xa existe firme bituminoso proxéctase o fresado do mesmo dun espesor de 3 cm da capa de rodadura existente e a extensión no espazo fresado de mestura bituminosa descontinua do tipo BBTM 11A con betume modificado con polímeros PMB 45/80-60, trala aplicación sobre a superficie fresada limpa dunha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual, cumprindo deste xeito as prescricións do PG-3.

3.4. FIRME COMPLETO NA ESTRADA AC-840

Nas zonas nas que cómpre realizar unha ampliación da plataforma proxéctase a execución da sección estrutural completa. Entre as seccións de firme recollidas na figura 2.2 da Norma 6.1-IC, en función das categorías de explanada e de tráfico pesado (E2 e T2 respectivamente, neste caso), óptase pola sección nº 221, formada por 25 cm de saburra artificial e 25 cm de mestura bituminosa.

De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 3 cm de mestura bituminosa descontinua tipo BBTM 11A PMB 45/80-60
- Intermedia: 10 cm de de formigón bituminoso tipo AC-22 bin BC50/70 S (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Base: 12 cm de formigón bituminoso tipo AC-32 base BC50/70 G (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Subbase: 25 cm de saburra artificial ZA 0/20. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF4 IMP cunha dotación de 1500 g/m^2, que garante 600 g/m^2 de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

3.5. FIRME COMPLETO NA GLORIETA DO EMPALME

De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, e seguindo o criterio establecido no apartado anterior sobre o macádam bituminoso, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 5 cm de formigón bituminoso tipo AC-16 surf BC50/70 S (con betume mellorado con caucho).
- Intermedia: 10 cm de de formigón bituminoso tipo AC-22 bin BC50/70 S (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Base: 12 cm de formigón bituminoso tipo AC-32 base BC50/70 G (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.
- Subbase: 25 cm de saburra artificial ZA 0/20. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF4 IMP cunha dotación de 1500 g/m^2, que garante 600 g/m^2 de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

3.6. REHABILITACIÓN NA GLORIETA DO EMPALME E NA ESTRADA DP-3204

Sobre o firme existente da contorna da glorieta do Empalme e da estrada provincial DP-3204 proxéctase o fresado dun espesor de 5 cm da capa de rodadura existente e a disposición do mesmo espesor de formigón bituminoso tipo AC-16 surf BC50/70 S (con betume mellorado con caucho), trala aplicación sobre a superficie fresada limpa dunha rega de adherencia mediante emulsión C60BP3 TER cunha dotación de 500 g/m^2 que garanta 285 g/m^2 de ligante residual.

3.7. ESPAZO PAVIMENTADO EN ILLAS

Para a pavimentación das bandas rebasables das illas das intersecciónss, deseñouse a seguinte sección estrutural

- Lastro prefabricado bicapa de espesor 8 cm.
- Morteiro de asento M-5, con espesor de 2 cm.
- Formigón HNE-20 de 15 cm de espesor.

3.8. BEIRARRÚA

Para o deseño da pavimentación das beirarrúas séguense as indicacións do Catálogo de seccións de pavimentación de espazos urbanos, incluído nas "*Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano*" editado polo Ministerio de Fomento no ano 2000.

Entre as posibilidades que permite o catálogo para os pavimentos de espazos do peón adóptase, de entre as posibilidades que ofrece, a sección 168 con algunhas modificacións, resultando a seguinte sección:

- Louseta hidráulica de 20x20 cm, de espesor 3 cm.
- Morteiro de asento M-5, con espesor de 2 cm.
- Recheo con HNE-20 dende o firme existente ou ben nun espesor de 15 cm dende o recheo de solo tolerable.

ANEXO Nº 8. HIDROLOXÍA E DRENAXE

1. ESTIMACIÓN DE PRECIPITACIÓNS MÁXIMAS DIARIAS

1.1. METODOLOXÍA

Para a estimación das precipitacións totais diarias correspondentes aos distintos períodos de retorno considerados utilízase a metodoloxía recollida na publicación "*Máximas lluvias diarias en la España Peninsular*" da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento, baseada na aplicación de modelos estatísticos ás series anuais de máximas chuvias diarias recompiladas en estacións pluviométricas con 30 ou máis anos de rexistro agrupadas en rexións con características meteorolóxicas comúns.

Basicamente, a metodoloxía consiste en obter a precipitación máxima diaria nun punto xeográfico determinado e para o período de retorno desexado multiplicando o valor medio da máxima precipitación diaria anual polo que se denomina cuantil rexional, que ten distintos valores en función do período de retorno.

1.2. ESTIMACIÓN DE PRECIPITACIÓNS

As coordenadas U.T.M. (fuso 29) aproximadas das zona de proxecto son as seguintes:

X: 569.000

Y: 4775300

Empregando a aplicación informática incluída na publicación "*Máximas lluvias diarias en la España Peninsular*", obtéñense os seguintes resultados, idénticos para ambas zonas de proxecto:

PERÍODO DE RETORNO T (ANOS)	PRECIPITACIÓN MÁXIMA DIARIA Pd (mm)
10	85
100	131
500	168

A continuación preséntase o mapa de isoliñas da precipitación máxima anual, do coeficiente de variación Cv, que se tomou 0,3540 e a táboa para a obtención do cuantil rexional.



Figura 1. Isoliñas del valor rexional del coeficiente de variación Cv



Figura 2. Relación entre os cuantís rexionais Yt, o período de retorno en anos T, a probabilidade (%) de non superar o cuantil nun ano e o coeficiente de variación Cv



Figura 3. Mapa de Isolíñas da máxima precipitación diaria anual.

1.3. ESCORRENTÍA

O coeficiente C de escorrentía define a proporción da compoñente superficial da precipitación de intensidade I, e depende da razón entre a precipitación diaria Pd correspondente ao período de retorno considerado e o límite de escorrentía Po a partir do cal iníciase aquela. O valor de C pode obterse da fórmula:

$$C = \frac{(Pd - Po)\cdot(Pd + 23\cdot Po)}{(Pd + 11\cdot Po)^2}$$

O límite de escorrentía Po obtense da táboa 2.1 da Instrución 5.2-IC "*Drenaje superficial*" da Dirección General de Carreteras, multiplicando os valores nela contidos por un coeficiente corrector K dado pola figura 2.5 da citada Instrución (para a zona de proxecto estímase que dito coeficiente corrector é 1,9).

USO DA TERRA	PENDENTE (%)	CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS	GRUPO DE SOLO			
			A	B	C	D
Barbeito	≥ 3	R	15	8	6	4
		N	17	11	8	6
	< 3	R/N	20	14	11	8
Cultivos en fieira	≥ 3	R	23	13	8	6
		N	25	16	11	8
	< 3	R/N	28	19	14	11
Cereais de inverno		R	29	17	10	8
	≥ 3	N	32	19	12	10
	< 3	R/N	34	21	14	12
Rotación de cultivos pobres	≥ 3	R	26	15	9	6
		N	28	17	11	8
	< 3	R/N	30	19	13	10
Rotación de cultivos densos	≥ 3	R	37	20	12	9
		N	42	23	14	11
	< 3	R/N	47	25	16	13
Pradeiras	≥ 3	Pobres	24	14	8	6
		Medias	53	23	14	9
		Boas	70	33	18	13
		Moi Boas	80	41	22	15
	< 3	Pobres	58	25	12	7
		Medias	80	35	17	10
		Boas	120	55	22	14
		Moi Boas	250	100	25	16
Plantacións regulares de aproveitamento forestal	≥ 3	Pobres	62	26	15	10
		Medias	80	34	19	14
		Boas	100	42	22	15
	< 3	Pobres	75	34	19	14
		Medias	95	42	22	15
		Boas	150	50	25	16
Masas forestais (bosques, monte baixo, etc.)		Moi claras	40	17	8	5
		Claras	60	24	14	10
		Medias	75	34	22	16
		Espesas	90	47	31	23
Rocas permeables	≥ 3		3			
	< 3		5			
Rocas impermeables	≥ 3		2			
	< 3		4			

USO DA TERRA	PENDENTE (%)	CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS	GRUPO DE SOLO			
			A	B	C	D
Notas: - R denota cultivo segundo a liña de máxima pendente. N denota cultivo segundo as curvas de nivel. - As zonas abancadas inclúense entre aquelas de pendente menor que el 3%. - Os núcleos urbanos, edificacións rurais, camiños, etc., no se terán en conta se representan un porcentaxe desprezable do área total. En caso contrario, deberán diferenciarse os porcentaxes das superficies impermeables (Po=0) e dos distintos tipos de solo (Po segundo a táboa). - Ao estimar o valor Po para o cálculo, deben terse en conta as previsibles modificacións futuras na conca, como urbanizacións, repoblacións, cambios de cultivos, etc.						

Figura 4. Mapa do coeficiente corrector do límite de escorrentía (fig. 2.5 Instrución 5.2-IC)

A información sobre os usos da terra en cada conca vertente foi obtida do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA) da Xunta de Galicia. A zona de proxecto está formada por:

- Cultivos en fieira con pendente ≥ 3% e características hidrolóxicas N (Po=16)
- Praderías con pendente ≥ 3% e características hidrolóxicas medias (Po=23)

Para o uso da táboa 2.1, os solos se clasifican nos grupos da táboa 2.2, en cuxa definición intervén á súa vez a textura definida pola figura 2.6 da Instrución 5.2-IC. De acordo coa información do mapa de solos da provincia de A Coruña a escala 1:250.000, a zona de proxecto está formada por solos tipo ránker pardo e terra parda mesotrófica. Se trata, segundo a citada publicación, de solos ben drenados. Por tanto, conforme coa táboa 2.2 da Instrución 5.2-IC, conclúese que toda a zona de proxecto está formada por solos pertencentes ao grupo B.

GRUPO	INFILTRACIÓN (cando están moi húmidos)	POTENCIA	TEXTURA	DRENAXE
A	Rápida	Grande	Areosa Areno-limosa	Perfecto
B	Moderada	Media a grande	Franco-areosa Franca Franco-arxilo-areosa Franco-limosa	Bo a moderado
C	Lenta	Media a pequeña	Franco-arxilosa Franco-arxilo-limosa Arxilo-areosa	Imperfecto
D	Moi lenta	Pequena (litosolo) ou horizontes de arxila	Arxilosa	Pobre ou moi pobre
Nota: - Os terreos con nivel freático alto incluiranse no Grupo D.				



Figura 5. Diagrama triangular para a determinación da textura (fig. 2.6 Instrución 5.2-IC)

2. DRENAXE

2.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Enténdese como drenaxe o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que podan ser evacuadas, de xeito que non cause danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a ter en conta son as seguintes:

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 10 anos.
- O elemento principal de recollida e condución da auga son o bordo e a rígola.

2.2. DRENAXE SUPERFICIAL

Debido ás características do proxecto non ten sentido falar da creación dunha rede nova de drenaxe, xa que non existe un aumento da superficie a desaugar nin variación algunha das súas características.

Aínda así, modifícase parte da rede de drenaxe existente (considerado satisfactorio na actualidade), adaptando os pozos e sumidoiros á nova planta da intersección. Para isto, as actuacións que se levan a cabo son as seguintes:

- Reutilización de sumidoiros existentes.
- Retirada de sumidoiros existentes.
- Construción de novos sumidoiros, que se conectarán mediante tubos de PVC á rede de drenaxe existente.

ANEXO Nº 9. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

1. OBXECTO

O presente anexo ten por obxectivo analizar o grado de compatibilidade da execución das obras coa circulación da estrada que é obxecto de actuación, propoñendo as solucións que se consideren óptimas para diminuír os devanditos efectos e manter o servizo dentro de condicións razoables de funcionamento.

2. NORMATIVA

Para o desenvolvemento do presente anexo tívose en conta a seguinte normativa:

- MINISTERIO DE FOMENTO "*Instrucción de Carreteras. Norma 8.3-IC Señalización, balizamiento, defensa, limpieza y terminación de obras fijas en vías fuera de poblado*". Orde do 31 de agosto de 1987. Madrid. 1987.
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Manual de ejemplos de señalización de obras fijas*". Dirección General de Carreteras. Madrid. 1997.
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Señalización móvil de obras*". Dirección General de Carreteras. Madrid. 1997.

3. ANÁLISE DO EFECTO DAS OBRAS

As situacións máis frecuentes durante o desenvolvemento das obras recollidas do presente proxecto serán as seguintes:

- Obras na contorna da glorieta do Empalme, na que se realizarán traballo no exterior da calzada (beirarrúas) e ampliación de plataforma. Os traballos requirirán o peche dun dos carriles mentres se executan os traballos previstos no outro.

Para as devanditas situacións seguiranse as recomendacións de sinalización dos exemplos 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.7, 1.8, 1.9, 1.10 e 1.12 (calzada única con dous carrís) do *Manual de ejemplos de señalización de obras fijas*.

Estímase innecesaria a implantación de itinerarios alternativos.

4. DESVÍOS DA CIRCULACIÓN

4.1. XERALIDADES

A efectos da Instrución 8.3-IC, e atendendo á funcionalidade das vías afectadas polas obras, estas clasifícanse dentro dos casos A (vías de dobre sentido de circulación, calzada única con 2 carrís) ou B (vías de dobre sentido de circulación, calzada única con 2 carrís e un carril adicional).

En canto á situación do obstáculo representado por unha zona fixa de obras ou actividades, na Instrución 8.3-IC distínguense os casos seguintes:

1. Exterior á plataforma.
2. Na beiravía exterior.
3. Na beiravía interior.
4. Na mediana.
5. Na calzada, sen diminuír o número de carrís abertos á circulación.
6. Na calzada, diminuíndo nun o número de carrís abertos á circulación.
7. Na calzada, de forma que se requira diminuír en máis dun o número de carrís abertos á circulación.
8. Na calzada, de forma que se requira o corte total desta.

A combinación de ambas as casuísticas (funcionalidade da vía e situación do obstáculo) máis frecuente durante o desenvolvemento das obras será a **A6**.

5. LIMITACIÓN DA VELOCIDADE

Cando se peche un carril á circulación, este poderá ser interior ou exterior, e os vehículos que por el transiten deberán converxer cos do carril contiguo do mesmo sentido. A realización da manobra requirirá unha redución da velocidade dos vehículos.

Trátase por tanto de reducir a velocidade de percorrido dos vehículos desde a de aproximación (VAI) ata a velocidade limitada (VL) dos vehículos ao principio do peche do carril, ao longo dun certo percorrido anterior á sección en que sexa necesaria esta última. O modelo empregado é o clásico composto por un primeiro percorrido a velocidade constante, durante un certo tempo de percepción e reacción por parte do condutor (estimado nuns dous segundos) ante o aviso de que vai ter que reducir a súa velocidade, seguido dun movemento uniformemente decelerado en rasante inclinada ata alcanzar a VL.

O valor da deceleración media (non compensada pola inclinación da rasante) pode tomarse desde un 5 km/h/s, correspondentes a reter o vehículo por medio do motor cortando a admisión de aire a este, ata un 10 km/h/s, correspondentes á aplicación dos freos sen brusquidade.

A relación deste modelo coa sinalización vertical é a seguinte:

- O usuario, ao percibir o primeiro sinal TP-18 (obras), empeza a reducir a súa velocidade se é preciso segundo o modelo descrito ata que, ao chegar a aquela, non supera a máxima permitida.
- O primeiro sinal TR-301 (limitación de velocidade) debe ser visible, como mínimo, desde a TP-18, a cal deberá distar dela unha distancia non inferior á correspondente á necesaria redución de velocidade, incluíndo o tempo de percepción e reacción.
- Cando haxa máis sinais TR-301 deberán situarse de forma que cada unha sexa visible desde a anterior, e que á súa altura a velocidade real non pase a sinalada. Non será necesario ter en conta o tempo de percepción e reacción, pois o proceso de deceleración será agora continuo.
- Cando a ordenación da circulación implique a detención dos vehículos, a primeira sección en que esta poida producirse deberá distar do último sinal TR-301, como mínimo, o necesario para deterse desde a velocidade sinalada.

Adóptase para VL un valor de 50 km/h (considerando leste o maior valor posible compatible coa visibilidade e proteccións dispoñibles), salvo no caso de ordenación en sentido único alternativo, na que o limite para os vehículos que non teñan que deterse rebáixase a 40 km/h.

Na táboa 3 da Instrución 8.3-IC resúmense as distancias percorridas segundo o modelo descrito, para diversos valores das velocidades de aproximación VAI e limitada VL. Na táboa consígnanse como recomendables as distancias correspondentes a deceleración media de 5 km/hora/s, e como mínimas as correspondentes a 10 km/hora/s.

Para lograr limitar a velocidade a un valor VL ao aproximarse á zona de obras recorrerase a dispoñer unha axeitada sinalización vertical.

O peche dun só carril á circulación farase diminuíndo linealmente a súa anchura, de forma que a cotanxente do ángulo formado pola liña inclinada de peche do carril co eixo da vía non sexa menor de VL/1,6.

6. SINALIZACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS

6.1. ESQUEMAS DE SINALIZACIÓN

Achéganse a continuación os esquemas de sinalización a adoptar para os desvíos da circulación contemplados no presente proxecto:



Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles



Zona de obra: En el arcén y parte de carril	**Ejemplo: 1.4**
Por ejemplo: Mantenimiento, etc.	**Figura: A5/3**

Ministerio de Fomento
Dirección General de Carreteras

Señalización de Obras Fijas

Vía de doble sentido de circulación
calzada única con 2 carriles



Zona de obra: En el arcén y carril con ampliación de plataforma	**Ejemplo: 1.5**
Por ejemplo: Mantenimiento, etc.	**Figura: A5/3**

7. ELEMENTOS DE SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO

Tendo en conta as características das obras para realizar e os casos que se corresponden coa normativa vixente, dispoñeranse os seguintes elementos de sinalización e balizamento:

- Sinais de perigo TP-18 (obras).
- Sinais de regulamentación e prioridade TR-301 (limitación de velocidade), TR-305 (prohibición de adiantamento) e TR-500 (fin de prohibicións).
- Sinais de indicación TS-52/TS-53 (redución de carril).
- Sinais manuais TM-2 (paso permitido) e TM-3 (paso prohibido).
- Elementos reflectores TB-1 (panel direccional alto), TB-6 (conos), TB-7 (picarañas) e TB-12 (marca viaria de obra).

Os sinais cumprirán as prescricións da Instrución 8.3-IC en canto ás súas dimensións mínimas.

O bordo inferior dos sinais deberá estar a 1 m do chan.

A fin de lograr unha visibilidade máxima, todas as superficies planas de sinais e elementos de balizamento reflectores (excepto a marca viaria TB-12) deberán estar perpendiculares ao eixo da vía, quedando expresamente prohibido o situalas paralelas ou oblicuas á traxectoria dos vehículos.

O deseño dos sinais TP, TR e TS serán iguais ao das que se empreguen para a ordenación da circulación cando non haxa obras, agás que o fondo de todos os sinais TP, e total ou parcialmente o de todas sinálelas TS será amarelo.

Os elementos de cor branca, amarelo, vermello e azul deberán ser reflectores.

ANEXO Nº 10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

1. OBXECTO

O presente anexo ten como obxecto a descrición e xustificación dos elementos de sinalización, balizamento e defensas incluídos no proxecto.

1. NORMATIVA

Para o desenvolvemento do presente anexo tívose en conta a seguinte normativa:

- MINISTERIO DE FOMENTO "*Instrucción de Carreteras. Norma 8.1-IC Señalización vertical*". Orde FOM/534/2014 do 20 de marzo.
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Instrucción de Carreteras. Norma 8.2-IC Marcas viales*". Orde Ministerial de 16 de xullo de 1987. Madrid. 1987.

2. SINALIZACIÓN VERTICAL

2.1. CLASIFICACIÓN DOS VIARIOS

A sinalización vertical e horizontal, así coma os sistemas de contención e balizamento, deberán ser os axeitados para o tipo de vía en proxecto. Os viarios teñen as seguintes características:

EIXE	TIPO	ANCHO DE BEIRAVÍA	V_P (km/h)	V_{legal} ASC. (km/h)	V_{legal} DESC. (km/h)	IMD
AC-840	Convencional	< 1,50 m	60	60	60	> 1500
DP-3204	Convencional	< 1,50 m	40	40	40	< 1500

2.2. ELEMENTOS

O inventario da sinalización vertical proxectada, incluíndo o código que recibe no *REGLAMENTO GENERAL DE CIRCULACIÓN* é o seguinte:

CÓDIGO	DESCRICIÓN
P-4	Preaviso circulación xiratoria
R-1	Ceda o paso
R-2	Detención obrigatoria ou STOP
R-101	Entrada prohibida
R-301	Limitación da velocidade máxima
R-400a	Paso obrigatorio
R-402	Circulación xiratoria
S-22	Cambio de sentido
S-200	Cartel presinalización glorieta
S-310	Carteis frecha
S-800	Distancia do comezo de perigo ou prescrición
S-870	Aplicación da sinalización

2.3. CARACTERÍSTICAS

2.3.1. RETRORREFLECTANCIA

Tal como establece a normativa vixente, para que os sinais sexan visibles en todo momento, todos os seus elementos constituíntes deberán ser retrorreflectantes: fondo, caracteres, orlas, frechas, símbolos e pictogramas en cor, agás os de cor negro e azul ou gris escuro.

A clase de retrorreflexión será a mesma en todos os elementos dun mesma sinal ou cartel e non deberá ser inferior aos prescritos na táboa 1 da Norma 8.1-IC. O caso presente corresponde a unha zona periurbana, polo que as características de retrorreflexión serán as indicadas na táboa seguinte:

TIPO DE SINAL	CLASE DE RETRORREFLEXIÓN
Sinais de código	Clase RA2
Carteis	Clase RA3-ZB

2.3.2. DIMENSIÓNS

Os tamaños dos sinais verticais empregados varían dependendo da categoría da estrada na que se atopan, no caso en estudio, os tamaños dos sinais prescritos pola normativa para os viarios en proxecto son os seguintes:

TRIANGULAR	CIRCULAR	OCTOGONAL	CADRADA
L = 1.350 mm	Ø=900 mm	2A =900 mm	L = 900 mm

2.4. DISPOSICIÓN LONXITUDINAL DE SINAIS E CARTEIS

- Os **sinais de perigo** colocaranse, en xeral, entre 150 e 250 m antes da sección onde se poda atopar o perigo que anuncien, dependendo da velocidade de percorrido, visibilidade dispoñible, natureza do perigo e da manobra necesaria.
- Os **sinais de regulamentación** disporanse na sección onde comece a súa aplicación, reiterándose en intervalos correspondentes a un tempo de percorrido dun minuto.
- Os **sinais ou carteis de indicación** poderán ter diversas colocacións, segundo os casos:
  - Carteis de presinalización, confirmación e de destino para saída inmediata estarán dispostos con arranxo a disposicións específicas que se tratarán mais adiante
  - Os carteis frecha, o comezo de illotes tipo lágrima ou de encanamento (non nas divisorias) e, excepcionalmente, na marxe oposta a aquel polo que se acceda a outra estrada.

2.5. DISPOSICIÓN TRANSVERSAL DE SINAIS E CARTEIS

Enténdese por afastamento dunha sinal respecto a un bordo coma a distancia que separa o plano vertical tanxente ó bordo da sinal mais próxima á calzada, do plano vertical que conten o borde da beiravía, o borde da estrada ou o plano tanxente á barreira de seguridade e máis próximo á sinal. As distancias descríbense no seguinte cadro:

SEPARACIÓN Ó BORDE DA ESTRADA	SEPARACIÓN Ó BORDE DA BEIRAVÍA	ALTURA SOBRE A ESTRADA Ó BORDE INFERIOR DO SINAL
Mínimo 1,00 m Recomendable 1,50 m	Mínimo 0,50 m	2,00 m

3. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

3.1. INTRODUCCIÓN

As dimensións das marcas viarias empregadas (lonxitudinais descontinuas, lonxitudinais continuas, transversais, frechas e inscricións) varían en función do tipo de vía a sinalizar e da velocidade máxima de circulación na mesma.

3.2. SELECCIÓN DO TIPO DE MATERIAL

A selección da clase de material mais idónea para cada aplicación de marca viaria levarase a cabo mediante a determinación do "factor de desgaste", definido como a suma dos catro valores individuais asignados na táboa seguinte a todas e cada unha das características da estrada.

CARACTERÍSTICA	**VALOR INDIVIDUAL DE CADA CARACTERÍSTICA**					
	1	2	3	4	5	8
Situación da marca viaria	Zona excluída ó tráfico	Banda lateral esquerda (calz. separ.)	Bandas laterais (calz. única)	Separación de carrís	Separación de carrís especiais	Símbolos, letras e frechas
Textura superficial (altura de area, en mm)	Baixa H < 0,7	Media 0,7<H<1,0	-	Alta H > 1,0	-	-
Ancho de calzada (a, en m)	Vías de calzadas separadas	Calz. única boa visibilid. a ≥ 7,0	Calz. única boa visib. 6,5< a< 7,0	Calz. única boa visib.. a < 6,5	Calzada única, mala visibilidade	-
IMD	< 5.000	5.000-10.000	10.000-20.000	> 20.000	-	-

No caso en estudo, o factor de desgaste correspondente a cada situación de marca viaria é o seguinte:

Situación da marca viaria	Marca na zona excluída ó tráfico	Bandas laterais, en vías de calzada única	Eixo ou separación de carrís	Marcas viarias para separación de carrís especiais	Pasos de peóns e ciclistas. Símbolos, letras e frechas
Factor de desgaste	**1+2+3+2 = 8**	**3+2+3+2 = 10**	**4+2+3+2 = 11**	**5+2+3+2 = 12**	**8+2+3+2 = 15**

Obtido o factor de desgaste, a clase de material mais axeitada seleccionarase de acordo co criterio especificado na táboa seguinte.

FACTOR DE DESGASTE	**CLASE DE MATERIAL**
4-9	Pinturas
10 - 14	Produtos de longa duración (termoplásticos de aplicación en quente e plásticos en frío) aplicados por pulverización ou marca viaria prefabricada.
15 - 21	Produtos de longa duración (termoplásticos en quente e plásticos en frío), aplicados por extrusión ou por arrastre; ou marca viaria prefabricada.

Segundo o anterior, conclúese que:

- As marcas viarias en zonas excluídas ó tráfico serán a base de pinturas.
- As bandas laterais e as marcas de separación de carrís serán a base de produtos de longa duración aplicados por pulverización.
- Os símbolos, letras e frechas serán a base de produtos de longa duración aplicados por extrusión ou arrastre.

Ademais, as liñas de borde de calzada construiranse con resalte, de acordo coa "*Nota de Servicio 2/07 sobre los criterios de aplicación y mantenimiento de las características de la señalización horizontal*" do Ministerio de Fomento. Cando a aplicación deba facerse directamente sobre o pavimento, utilizaranse os criterios de compatibilidade que se expoñen na táboa seguinte:

FAMILIA	**Tipo de pavimento**	**B**	**C**	**D**	**E**	**F**
	Material e tipo de aplicación	**Aglom. Bitum. Convenc. novo**	**Aglom. Bitum. Convenc. vello**	**Argamasa bitumin.**	**Aglom. drenante**	**Formigón de cemento**
PINTURAS	alcidica modificada pulverizac.	Pouco/Moi[1] apropiada	Apropiada	Nada apropiada	Apropiada[1]	Nada/Moi[3] apropiada
	acrílica termoplast. pulverizac.	Apropiada	Moi apropiada	Nada apropiada	Moi apropiada[2]	Moi apropiada
	acrílica base auga pulverizac.	Moi apropiada	Apropiada	Moi[1]/ Pouco apropiada	Moi apropiada[1]	Apropiada
IMPRIMAC.	acrílica pulverizac.	-	-	-	-	Moi apropiada[2]
LONGA DURACION	termoplast. quente pulverizac.	Moi apropiada	Apropiada	Nada apropiada	Apropiada[1]	Nada/Pouco[3] apropiada
	termoplast. quente extrusión	Moi apropiada	Pouco apropiada	Nada apropiada	Moi apropiada	Nada/Pouco[3] apropiada
	termoplast. quente zapatón	Nada apropiada	Nada apropiada	Nada apropiada	Moi apropiada	Nada apropiada
	plast. frío dos comp. pulverizac.	Moi apropiada	Moi apropiada	Apropiada	Apropiada[1]	Moi apropiada
	plast. frío dos comp. extrusión	Moi apropiada	Apropiada	Pouco apropiada	Apropiada	Moi apropiada[4]
	plast. frío dos comp. zapatón	Moi apropiada[4]	Apropiada[4]	Pouco apropiada[4]	Apropiada	Moi apropiada[4]
	cintas prefabr.	Moi apropiada	Apropiada	Apropiada	Moi apropiada	Moi apropiada

[1] Dúas mans [2] Para rebordo de negro [3] Con imprimación [4] Só aplicación manual

Dado que no caso presente hase dispoñer a marca viaria sobre pavimento bituminoso de nova construción, considerase moi apropiado o uso de pintura acrílica de base acuosa e o produto de longa duración termoplástico aplicado por pulverización ou por extrusión.

3.3. MARCAS LINEAIS LONXITUDINAIS DISCONTINUAS

3.3.1. SEPARACIÓN DE CARRÍS NORMAIS

Empregarase como marca lineal a M-1.3 para a separación de carrís normais do mesmo sentido de circulación, por tratarse dunha vía con VM ≤ 100 km/h.

3.3.2. BORDE DE ESTRADA

Nos supostos de utilización, empregarase a marca M-1.12 como marca lineal de borde de estrada.

3.4. MARCAS LINEAIS LONXITUDINAIS CONTINUAS

3.4.1. SEPARACIÓN DE CARRILES CON PROHIBICIÓN DE ADIANTAMENTO

Empregarase como marca lineal a M-2.2 para separación de carrís con prohibición de adiantamento.

3.4.2. BORDE DE ESTRADA

Nos supostos de utilización, empregarase a marca M-2.6 como marca lineal de borde de estrada, por tratarse dunha vía con VM ≤ 100 km/h e beiravía<1,5 m.

3.5. MARCAS LINEAIS TRANSVERSAIS E INSCRICIÓNS

3.5.1. LIÑA DE CEDA O PASO

Empregarase a marca transversal descontinua M-4.2 en interseccióǹns en aquelas vías que non posúen prioridade. A lonxitude da liña coincidirá coa anchura do carril ou carrís a que se refire a obrigación de ceder o paso.

3.5.2. LIÑA DE DETENCIÓN

Empregarase a marca transversal continua M-4.1 nos lugares onde estea indicada a detención da circulación por motivos de seguridade. A lonxitude da liña será a anchura do carril o que se refire.

3.5.3. LIÑA DE PASO DE PEÓNS

Empregarase a marca transversal continua M-4.3 nos lugares onde estea indicado o paso de peóns, onde os condutores de vehículos e animais deben deixarlles paso. A lonxitude da liña será de 4 metros como mínimo.

3.5.4. CEDA O PASO

Disporase a sinal M-6.5 a unha distancia de 5 metros da liña de CEDA O PASO.

3.6. OUTRAS MARCAS

Para as frechas que sexan necesarias pintar (indicación antes de intersección, neste caso) utilizarase a marca M-5.2, por tratarse de vías con VM≤ 60 km/h. Para os cebreados que sexa necesario pintar (interseccióńns, illotes, etc.) utilizarase a marca M-7.2, por tratarse de vías con VM ≤ 60 km/h.

4. BALIZAMENTO

Nos bordes de calzada das estradas AC-840 e DP-3204 colocaranse captafaros que serán reflectantes tipo ollo de gato de dobre cara.

Instalaranse nas beiravías da estrada cada 5 m por cada marxe en zonas de interseccióńns e cada 20 m na restante lonxitude dos eixes.

5. DEFENSAS

5.1. DEFINICIÓN

De acordo coa OC 35/2014, as barreiras de seguridade son sistemas de contención de vehículos deseñados para a súa instalación nas marxes e medianas da estrada.

5.2. CRITERIOS DE INSTALACIÓN

A instalación de sistemas de contención de vehículos estará xustificada nos seguintes casos:

- Zonas nas que se detecte, como consecuencia da presenza de obstáculos, desniveis ou elementos de risco próximos á calzada, a probabilidade de que se produza un accidente normal, grave ou moi grave e haxa que descartar as solucións alternativas contempladas no apartado 2.1 da OC 35/2014.
- Zonas cuxa protección teña sido incluída entre as medidas correctoras derivadas dunha Declaración de Impacto Ambiental (como lagos, zonas húmidas, cursos de auga, depósitos arqueolóxicos, etc.), aínda cando non haxa un obstáculo ou desnivel nas proximidades do bordo da calzada.

No primeiro dos casos considerarase o risco de accidente, relacionado coa probabilidade do suceso e coa magnitude dos danos e lesións previsibles, tanto para os ocupantes do vehículo coma para outras persoas ou bens situados nas proximidades. Admitirase que o risco de accidente é o seguinte:

- **Risco de accidente moi grave**:

  En calquera tipo de estrada e para todas as velocidades de proxecto , cando o treito estea nalgún dos seguintes supostos

  - Paso sobre unha vía férrea en servizo.
  - Existencia dunha vía férrea paralela próxima á estrada e situada a máis de 1 m por debaixo do nivel desta.
  - Existencia a nivel inferior de instalacións contiguas a unha obra de paso, permanentemente habitadas ou utilizadas para almacenamento de substancias perigosas, ou que presten servizo público de interese xeral, previamente autorizadas a tal fin e situadas dentro da zona de afección da estrada.

- Existencia a nivel inferior de calquera tipo de infraestrutura do transporte terrestre, e que no emprazamento da estrada superior concorran curvas horizontais ou acordos verticais de dimensións inferiores ás contempladas pola Norma 3.1 . I. C. Trazado, para a velocidade de proxecto correspondente.
- Nós de dúas estradas cando a do nivel superior teña unha intensidade media diaria de vehículos pesados igual ou superior a 2000. A intensidade media diaria a considerar será a correspondente ao ano de posta en servizo en vías en fase de proxecto ou construción.
- Eventualmente, en emprazamentos singulares en, ou xunto á coroación de obras de fábrica, tales como:
  - Nós complexos nos que poida resultar máis probable que se produza un erro por parte do condutor.
  - Intersecciónss situadas nas proximidades de obras de paso.
  - Emprazamentos cunha accidentalidade por saída de vía anormalmente elevada.
  - Estruturas singulares, entendendo como tales as que teñen luces superiores a 200 m, así como aquelas de menor lonxitude que salvan zonas singulares (grandes cursos de auga, encoros, vales de moi difícil acceso).
  - En estradas con calzadas separadas, cando a estrutura estea inscrita nunha aliñación circular en planta de radio menor que 300 m.
  - En estradas con calzadas separadas, cando antes de acceder a unha estrutura exista unha pendente media superior ao 3%, continuada de máis de 400 m de lonxitude.

▪ **Risco de accidente grave**:

- Casos nos que falte algún dos requisitos descritos para ser considerado como risco de accidente moi grave, sendo a intensidade media diaria (IMD) por calzada superior a 10 000 vehículos.
- Velocidade de proxecto superior a 80 km/h e nas proximidades existencia de:
  - Ríos, encoros e outras masas de auga con corrente impetuosa ou profundidade superior a 1 m e barrancos ou gabias profundas.
  - Accesos a pontes, túneles e pasos estreitos.
- Velocidade de proxecto superior a 60 km/h e existencia nas proximidades de:
  - Elementos nos que un choque poida producir a caída de obxectos de gran masa sobre a plataforma (tales como pilas de pasos superiores, pórticos ou bandeirolas de sinalización, estruturas de edificios, pantallas acústicas e outros similares).
  - Obstáculos tales que o choque dun vehículo contra eles poida producir danos graves en elementos estruturais dun edificio, paso superior ou outra construción.
  - Caída desde estruturas e obras de paso, exceptuando obras de drenaxe con altura de caída desde a calzada menor de 2 m.
  - Caída desde muros de sostemento (ao lado do desnivel) dunha estrada en terreo accidentado ou moi accidentado.

▪ Estradas ou calzadas paralelas con circulación no sentido oposto, nas que a anchura da mediana (definida segundo Regulamento Xeral de Estradas; R.D. 1812/1994), ou que a distancia entre a calzada principal e a de servizo, sexa inferior á establecida na táboa 1.

TIPO DE VÍA: CALZADA ÚNICA	INCLINACIÓN TRANSVERSAL DA MARXE H:V	RISCO DE ACCIDENTE	
		MOI GRAVE OU GRAVE	NORMAL
Recta, lado interior da curva e lado exterior dunha curva de R>1500 m	> 8:1	7,5	4,5
	8:1 a 5:1	9	6
	< 5:1	12	8
Lado exterior dunha curva de R>1500 m	> 8:1	12	10
	8:1 a 5:1	14	12
	< 5:1	16	14

▪ **Risco de accidente normal**:

- Obras de paso, cando non se dean os requisitos para que o risco de accidente sexa grave ou moi grave.
- Casos nos que falte algún dos requisitos descritos para ser considerado como risco de accidente grave.
- Velocidade de proxecto superior a 80 km/h e existencia nas proximidades de:
  - Obstáculos, árbores ou postes, de máis de 15 cm de diámetro, ou postes SOS.
  - Elementos de sustentación de carteis de sinalización ou báculos de iluminación non provistos dun fusible estrutural que permita o seu doado desprendemento ou abatemento ante un impacto ou que, aínda estando provistos dun fusible estrutural, a súa caída en caso de impacto poida provocar danos a terceiros.
  - Cimentacións ou elementos do drenaxe superficial (arquetas, impostas, etc.) que sobresaian do terreo máis de 7 centímetros.
  - Sempre que a intensidade media diaria (IMD) sexa superior a 1.500 vehículos, os chanzos e cunetas de máis de 15 cm de profundidade, agás as gabias suficientemente tendidas.
  - Desmontes, se o noiro (relación H:V) é inferior a 3:1, se os cambios de inclinación transversal non se redondearon; ou a 2:1, en caso contrario.
  - Terrapléns, se o noiro (relación H:V) é inferior a 5:1, se os cambios de inclinación transversal non se redondearon e a 3:1, en caso contrario; ou, en todo caso, se o terraplén é de altura superior a 3 m.
- Existencia nas proximidades dun muro de sostemento nunha estrada con velocidade de proxecto superior a 60 km/h e terreo accidentado ou moi accidentado.
- Sempre que aínda que non se dean os requisitos para que o risco de accidente sexa grave ou moi grave, en emprazamentos singulares con accidentes por saída de vía, tales como:
  - Nós complexos.
  - Intersecciónss situadas nas proximidades de obras de paso.
  - Emprazamentos cunha elevada accidentalidade.

Tendo en conta que ningún dos viarios que accedes á glorieta supera a velocidade de proxecto de 60 km/h, non se estima necesaria a colocación de barreiras de protección, por non atoparse as solucións proxectadas nos supostos que xustifican a súa colocación.

APÉNDICE 1. CÁLCULO DA BANDEIROLA

1. DESCRICIÓN DA ESTRUTURA

A estrutura sometida a comprobación é unha bandeirola de sinalización bidintel, composta por un pilar metálico e dúas trabes en voadizo, arriostradas verticalmente.



Figura 1. Alzado da bandeirola

2. NORMATIVA E REFERENCIAS

A continuación cítase a normativa de aplicación e as referencias consultadas para a realización da presente memoria de cálculo:

- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE NORMALIZACIÓN Y CERTIFICACIÓN (AENOR) "*Norma UNE 135211:2013 Señalización vertical. Elementos de sustentación y anclaje. Hipótesis de cálculo*" 1ª Edición. AENOR. Madrid. 2013
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Guía de cimentaciones en obras de carretera*". 2ª Edición. Centro de Publicacións do Ministerio de Fomento. Madrid. 2004
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Norma de construcción sismorresistente: Puentes NCSP-07*". R.D. 637/2007, de 18 de maio. Centro de Publicacións do Ministerio de Fomento. Madrid. 2007.
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Instrucción de hormigón estructural EHE-08*". R.D. 1247/2008, de 18 de xullo. 1ª Edición. Centro de Publicacións do Ministerio de Fomento. Madrid. 2008
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Instrucción de acero estructural EAE-11*". R.D. 751/2011, de 27 de mayo. 2ª Edición. Centro de Publicaciones del Ministerio de Fomento. Madrid. 2012

3. BASES DE CÁLCULO

3.1. VIDA ÚTIL

Enténdese por *vida útil* dun elemento ou estrutura o período de tempo a partir da súa posta en servizo, durante a cal debe cumprir a función para a que foi construído, contando coa conservación axeitada pero sen requirir operacións de rehabilitación. Na táboa seguinte reflíctese a vida útil segundo a normativa de aplicación considerada.

ESTRUTURA	VIDA ÚTIL	NORMATIVA DE APLICACIÓN
Bandeirola	25 anos	*EAE-11* (Táboa 5.1) Elementos estruturais reemplazables

3.2. SITUACIÓNS DE PROXECTO

Unha *situación de proxecto* dunha estrutura é un conxunto de condicións físicas que representan as circunstancias reais que poden presentarse durante certo intervalo de tempo para o cal no proxecto se ha de comprobar que non se superan os estados límite pertinentes. Considérase que, durante ese intervalo de tempo, os factores que afectan á seguridade estrutural non varían.

A situacións consideradas no presente proxecto son:

- **Situacións persistentes**, que corresponden ás condicións de uso normais da estrutura durante a súa vida útil.
- **Situacións transitorias**, que se producen cando as condicións de uso ou estado da estrutura son temporais como, por exemplo, durante a súa construción ou reparación, e para as que se considerará unha duración máxima de ano.
- **Situacións accidentais**, que corresponden a condicións excepcionais aplicables á estrutura, como por exemplo as provocadas por un impacto. Considéranse instantáneas.
- **Situacións sísmicas**, que corresponden a condicións excepcionais aplicables á estrutura durante un evento sísmico. Distínguese das situacións accidentais debido a que nela establécense diferentes niveis da magnitude da acción en función dos requisitos de seguridade ou servizo.

3.3. CRITERIOS DE COMPROBACIÓN

3.3.1. MÉTODO DOS ESTADOS LÍMITE

Defínense como *estados límite* aquelas situacións nas que, de ser superadas, pode considerarse que a estrutura non cumpre algunha das funcións para as que foi proxectada.

O procedemento de comprobación, para un certo estado límite, consiste en deducir, por unha banda, o efecto das accións aplicadas á estrutura ou a parte dela e, por outra, a resposta da estrutura para a situación límite en estudo. O estado límite quedará garantido se se verifica, cun índice de fiabilidade suficiente, que a resposta estrutural non é inferior que o efecto das accións aplicadas.

3.3.1.1. Estado límite último

A denominación de *estado límite último (E.L.U.)* engloba a todos aquelas situacións que producen o fallo da estrutura, por perda de equilibrio, colapso ou rotura da mesma ou de parte de ela. Como estados límite últimos considéranse os seguintes:

- **E.L.U. de equilibrio**, por perda de estabilidade estática dunha parte ou do conxunto da estrutura. Para a súa comprobación debe satisfacerse a seguinte condición:

$$E_{d,stb} \geq E_{d,dst}$$

  - $E_{d,stb}$: Valor de cálculo dos efectos das accións estabilizadoras
  - $E_{d,dst}$: Valor de cálculo dos efectos das accións desestabilizadoras

- **E.L.U. de rotura** por esgotamento resistente ou deformación plástica excesiva, e onde a resistencia dos materiais estruturais é determinante. Na comprobación debe satisfacerse a condición:

$$R_d \geq S_d$$

  - R_d : Valor de cálculo da resposta estrutural
  - S_d : Valor de cálculo dos efectos das solicitacións

- **E.L.U. de fatiga**, relacionado cos danos que poida sufrir unha estrutura ou calquera dos seus elementos como consecuencia de solicitacións variables repetidas

3.3.1.2. Estado límite de servizo

A denominación de *estado límite de servizo (E.L.S)* abrangue todos aquelas situacións para as que non se verifican os requisitos de funcionalidade, comodidade ou aspecto da estrutura, sen que isto supoña o colapso da mesma. Poden clasificarse en reversibles e irreversibles. Os primeiros son aqueles que deixan de ser superados cando desaparece a acción que os provoca. O estados límites de servizo irreversibles son aqueles que , unha vez superados, mantéñense de xeito permanente, incluso eliminando a acción que os provocou.

Como estados límites de servizo considéranse os seguintes:

- **E.L.S. de deformación**
- **E.L.S. de vibracións**

Na comprobación debe satisfacerse a condición:

$$C_d \geq E_d$$

- E_d : Valor de límite admisible para o estado límite a comprobar.
- C_d : Valor de cálculo dos efectos das solicitacións

3.3.1.3. Estado límite de durabilidade

Enténdese por *estado límite de durabilidade (E.L.D.)* o producido polas accións físicas ou químicas, diferentes ás cargas e accións do análise estrutural, que poden degradar os materiais ata límites inaceptables. Na comprobación debe satisfacerse a condición:

$$t_L \geq t_d$$

- t_L : Tempo necesario para que o axente agresivo produza un ataque ou degradación significativo.
- t_d : Vida útil

3.3.2. VERIFICACIÓN CON COEFICIENTES DE SEGURIDADE

Para as comprobacións de **estados límite de tipo estrutural**, utilízase o método de coeficientes de seguridade parciais. Este método permite ter en conta de maneira sinxela o carácter aleatorio das variables de solicitación, de resistencia e dimensionais que interveñen no cálculo. O valor de cálculo dunha variable obtense a partir do seu principal valor representativo, ponderándoo mediante o seu correspondente coeficiente parcial de seguridade. Os coeficientes parciais de seguridade non teñen en conta a influencia de posibles erros humanos

Na comprobación de **estados límite de tipo xeotécnico** séguese o proceso clásico indicado na *Guía de cimentaciones en obras de carretera*, baseado no concepto de coeficiente de seguridade único, que engloba nun só número a imprecisión que ten que considerarse tanto nas accións como nas resistencias, nos modelos de cálculo ou debida a calquera outra causa de incerteza, excepto o erro humano.

3.4. PROGRAMAS UTILIZADOS

Para o dimensionamento e cálculo da estrutura utilizouse o programa *CYPE 3D* de *CYPE Ingenieros S.A.* na súa versión 2016.o que está adaptada á normativa española vixente. A calibración do programas de cálculo utilizados atópase a disposición do usuario e considerouse satisfactoria.

4. DATOS XEOTÉCNICOS

De acordo co establecido no estudio xeotécnico, as características do terreo consideradas son as seguintes:

Peso volumétrico do terreo no extradorso	γ_T = 19,00 kN/m³
Ángulo de rozamento interno do terreo	φ = 33,70°
Ángulo de rozamento terreo-extradorso	δ = 22,50°
Ángulo de rozamento terreo-cimentación	δ_{cim} = 33,70°
Capacidade portante do terreo de cimentación	σ_{adm} = 175 kN/m²

5. MATERIAIS

5.1. VALORES CARACTERÍSTICOS

5.1.1. FORMIGÓN

Os elementos de formigón proxéctanse considerando os seguintes tipos de ambiente, de entre os definidos na táboa 8.2.2 da Instrución EHE-08, e aos que lles corresponden as seguintes características mínimas tamén segundo a devandita normativa:

- Abertura de fisura máxima, segundo a táboa 5.1.1.2
- Recubrimento mínimo segundo táboas 37.2.4.1.a, b e c
- Máxima relación auga/cemento e mínimo contido de cemento, segundo táboa 37.3.2.a
- Resistencia característica mínima recomendada, segundo táboa 37.3.2.b

ELEMENTO ESTRUTURAL	CLASE EXPOS.	ABERTURA MÁX. w_{max}	REC. MÍNIMO	MÁXIMA A/C	MÍN. CON. CEMENTO	RESIST. MÍN.
Alicerces	IIa	0,3 mm	30 mm	0,60	275 kg/m^3	25 MPa

As características do formigón empregado especifícanse na seguinte táboa:

Tipificación	HA-25/B/20/IIa
Resistencia característica ós 28 días: f_{ck}	25 Mpa
Módulo de elasticidade secante a 28 días: E_{cm}	28 200 MPa
Módulo de elasticidade instantáneo a 28 días: E_c	32 000 MPa
Tipo de cemento	CEM II/A-V
Nivel de control da resistencia	Estatístico
Nivel de control da execución	Normal

5.1.2. ACEIRO PARA ARMAR

Para a estrutura en estudo contémplase a utilización de aceiro no armado dos elementos de formigón, coas características especificadas no cadro seguinte:

Designación	B-500S
Límite elástico: f_{yk}	500 MPa
Modulo de elasticidade de cálculo	200 000 MPa
Nivel de control previsto	Normal

5.1.3. ACEIRO ESTRUTURAL

Para os elementos de aceiro da estrutura, as condicións de execución e uso tratan de categorizar os riscos inherentes ao tipo de construción e ao tipo de accións que poden incidir sobre a mesma. A definición da categoría de execución establécese de acordo coa táboa 6.2.3 da Instrución EAE, en función do nivel de risco e da categoría de uso. En consecuencia, os elementos que forman parte da estrutura poden clasificarse da maneira seguinte:

Nivel de risco	**CC2**	Elementos nos que fallo compromete a seguridade de persoas mais non do público en xeral
Categoría de uso	**SC2**	Estruturas sometidas a vibracións por efecto do vento.
Categoría de execución	**PC1**	Compoñentes de soldaduras de aceiro con grado inferior a S355 realizadas en obradoiro

Os criterios anteriores determinan unha **clase de execución 3**.

Os elementos de aceiro proxéctanse considerando as seguintes clases de exposición, de entre as definidas nas táboas 8.2.2.a e 8.2.2.b da Instrución EAE:

- Relativa á corrosión atmosférica: Clase C2 (Áreas rurais na súa meirande parte).
- Relativa á auga e ao solo: Clase lm3 (Solo)

Para o cálculo, considéranse as seguintes características do material:

Designación	S 275 JR
Límite elástico (f_{yk})	275 MPa
Módulo de elasticidade de cálculo (E_k)	200 000 MPa
Coeficiente de dilatación térmica lineal (α_T)	$12 \cdot 10^{-6}$

5.2. VALORES DE CÁLCULO

Os valores de cálculo das propiedades dos materiais (R_d) obtéñense a partir dos valores característicos (R_k) divididos polos seguintes coeficientes parciais de seguridade (γ_m):

$$R_d = \frac{R_k}{\gamma_m}$$

MATERIAL	COMPROBACIÓN E.L.U.	COEFICIENTE
Formigón armado	Situación persistente ou transitoria	γ_C = 1,50
	Situación accidental	γ_C = 1,30
Aceiro para armaduras	Situación persistente ou transitoria	γ_S = 1,15
	Situación accidental	γ_S = 1,00
Aceiro estrutural	Resistencia das seccións transversais	γ_{M0} = 1,05
	Resistencia fronte a inestabilidade	γ_{M1} = 1,05
	Resistencia a rotura de seccións en tracción	γ_{M2} = 1,25
	Resistencia das unións	γ_{M2} = 1,25

Para a comprobación dos E.L.S. adoptaranse como coeficientes parciais para a resistencia valores iguais á unidade.

6. ACCIÓNS

6.1. VALORES CARACTERÍSTICOS

6.1.1. PERMANENTES (G)

Adoptáronse os seguintes valores do peso específico para o cálculo do peso propio dos elementos estruturais:

- Aceiro estrutural: 78,5 kN/m^3
- Formigón armado 25,0 kN/m^3

Ademais do peso propio dos elementos estruturais, é necesario considerar a cargas mortas sobre a estrutura, que neste caso é o peso do cartel de lamas. Tómase un valor de 0,15 kN/m^2.

6.1.2. VARIABLES (Q)

6.1.2.1. Vento

De acordo coa UNE 135311:2013, debe considerarse unha carga unitaria de vento de 1,5 kN/m^2 como suma de presión máis succión, actuando perpendicularmente ao cartel nunha das súas caras

6.1.2.2. Acción térmica

De acordo coa UNE 135311:2013, debe considerarse unha variación uniforme en tódalas barras de ±30°

6.1.3. SÍSMICAS (S)

Segundo a NCSP-07, no T.M. de Curtis non será necesario considerar accións sísmicas dado que o valor da aceleración básica de cálculo é inferior a 4 centésimas da aceleración da gravidade.

6.2. VALORES REPRESENTATIVOS

O valor representativo dunha acción é o valor desta utilizado para a verificación dos estados límite.

6.2.1. ACCIÓNS PERMANENTES

Para as accións permanentes considerarase un único valor representativo, coincidente cos seus valores característico G_k

6.2.2. ACCIÓNS VARIABLES

Para as accións variables defínense os valores representativos seguintes que se obterán multiplicando o valor característico polo coeficiente redutor Ψ, segundo se indica a continuación:

- **$\Psi_0 Q_k$ Valor de combinación:** Será o valor da acción cando actúe con algunha outra acción variable. Utilízase para as comprobacións de estados límite últimos en situación persistente ou transitoria e de estados límites de servizo irreversibles
- **$\Psi_1 Q_k$ Valor frecuente**. Será o valor da acción que sexa superado durante período de curta duración respecto á vida útil da estrutura. Utilízase nas comprobacións de estados límite últimos en situación accidental e de estados límite reversibles.
- **$\Psi_2 Q_k$ Valor case permanente**. Será o valor da acción que sexa superado durante unha grande parte da vida útil da estrutura. Utilízase tamén nas comprobacións de estados límite últimos en situación accidental e de estados límite reversibles.

O valor dos coeficientes utilizados para o caso en estudio especifícase no cadro seguinte:

TIPO DE ACCIÓN VARIABLE	Ψ_0	Ψ_1	Ψ_2
Vento	0,6	0,2	0,0
Acción térmica	0,6	0,5	0,5

6.3. VALORES DE CÁLCULO

6.3.1. VALORES DE CÁLCULO PARA COMPROBACIÓNS EN E.L.U.

Para o estudo de estados límite con coeficientes de seguridade parciais, o valor de cálculo dunha acción obtense multiplicando o seu valor representativo polo correspondente coeficiente parcial γ_F.

TIPO DE ACCIÓN		COMPROB. DE EQUILIBRIO		COMPROB. RESISTENTES	
		Estabilizador	Desestab.	Favorable	Desfav.
Permanentes	Peso propio e cargas mortas	γ_G = 0,90	γ_G = 1,10	γ_G = 1,00	γ_G = 1,35
Variables	Vento	γ_Q = 0,00	γ_Q = 1,50	γ_Q = 0,00	γ_Q = 1,50
	Acción térmica	γ_Q = 0,00	γ_Q = 1,33	γ_Q = 0,00	γ_Q = 1,33

6.3.2. VALORES DE CÁLCULO PARA COMPROBACIÓNS EN E.L.S.

TIPO DE ACCIÓN	PERSISTENTES E TRANSITORIAS	
	Favorable	Desfavorable
Permanentes	γ_G = 1,00	γ_G = 1,00
Variables	γ_Q = 0,00	γ_Q = 1,00

6.3.3. VALORES DE CÁLCULO PARA COMPROBACIÓNS CON COEFICIENTE ÚNICO

Para o estudo de estados límite baseados no cálculo dun coeficiente de seguridade único, adoptarase como coeficiente de maioración de accións a unidade, xa sexan estas accións de efecto favorable ou desfavorable e de carácter permanente, variable ou accidental (salvo para as accións variables de efecto favorable, en que se tomará un coeficiente de ponderación de valor nulo).

6.4. COMBINACIÓN DE ACCIÓNS

6.4.1. COMPROBACIÓNS DE E.L.U.

Situacións persistentes ou transitorias

$$\sum_{i\geq 1} \gamma_{G,i} G_{k,i} + \gamma_{Q,1} Q_{k,1} + \sum_{i>1} \gamma_{Q,i} \psi_{0,i} Q_{k,i}$$

- $G_{k,i}$ Valor representativo de cada acción permanente
- $Q_{k,1}$ Valor característico da acción variable dominante
- $\psi_{0,i}\ Q_{k,i}$ Valores de combinación das accións variables concomitantes con $Q_{k,1}$

6.4.2. COMPROBACIÓNS DE E.L.S. E XEOTÉCNICOS

Combinación característica: Utilízase para a verificación de E.L.S. irreversibles (fisuración, etc.) e para comprobación de estados límite de tipo xeotécnico

$$\sum_{i\geq 1} \gamma_{G,i} G_{k,i} + \gamma_{Q,1} Q_{k,1} + \sum_{i>1} \gamma_{Q,i} \psi_{0,i} Q_{k,i}$$

- $G_{k,i}$ Valor representativo de cada acción permanente
- $Q_{k,1}$ Valor característico da acción variable dominante
- $\psi_{0,i}\ Q_{k,i}$ Valores de combinación das accións variables concomitantes con $Q_{k,1}$

Combinación frecuente: Utilizado para a verificación de E.L.S. reversibles (deformación, etc.)

$$\sum_{i\geq 1} \gamma_{G,i} G_{k,i} + \gamma_{Q,1} \psi_{1,1} Q_{k,1} + \sum_{i>1} \gamma_{Q,i} \psi_{2,i} Q_{k,i}$$

- $G_{k,i}$ Valor representativo de cada acción permanente
- $\psi_{1,1}\ Q_{k,1}$ Valor frecuente da acción variable dominante
- $\psi_{2,i}\ Q_{k,i}$ Valores case permanentes das accións variables concomitantes con $Q_{k,1}$

7. ANÁLISE

7.1. MODELO DE CÁLCULO

A estrutura modélase con elementos lineais de tipo barra, considerando un comportamento elástico e lineal dos materiais. A análise das solicitacións faise mediante un cálculo espacial por métodos matriciais.



Figura 2. Modelo de cálculo

A continuación proporciónanse as coordenadas dos nodos:

Referencia	Coordenadas			Vinculación exterior						Vinculación interior
	X (m)	Y (m)	Z (m)	Δ_x	Δ_y	Δ_z	θ_x	θ_y	θ_z	
N1	0,000	0,000	0,000	X	X	X	X	X	X	Empotrado
N2	0,000	0,000	6,390	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N3	0,000	0,000	7,290	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N4	0,000	0,000	7,500	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N5	0,915	0,000	7,290	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N6	2,843	0,000	7,290	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N7	4,772	0,000	7,290	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N8	6,700	0,000	7,290	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N9	7,000	0,000	7,290	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N10	0,915	0,000	6,390	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N11	4,772	0,000	6,390	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N12	6,700	0,000	6,390	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N13	2,843	0,000	6,390	-	-	-	-	-	-	Empotrado
N14	7,000	0,000	6,390	-	-	-	-	-	-	Empotrado

A conectividade das barras descríbese na táboa seguinte, sendo β_{xy} e β_{xz} os coeficientes de pandeo.

Barra (Ni/Nf)	Sección	Lonxitude (m)			β_{xy}	β_{xz}
		Indef. orixe	Deformable	Indef. extremo		
N1/N2	2xUPN 280 (Platab.)	-	6,280	0,110	0,70	1,55
N2/N3	2xUPN 280 (Platab.)	0,110	0,680	0,110	1,00	2,44
N3/N4	2xUPN 280 (Platab.)	0,110	0,100	-	1,00	7,29
N3/N5	2xUPN 220 (Empres.)	0,140	0,775	-	1,00	1,71
N5/N6	2xUPN 220 (Empres.)	-	1,928	-	1,00	2,80
N6/N7	2xUPN 220 (Empres.)	-	1,928	-	1,00	2,55
N7/N8	2xUPN 220 (Empres.)	-	1,928	-	1,00	2,21
N8/N9	2xUPN 220 (Empres.)	-	0,300	-	1,00	6,71
N10/N5	2xUPN 120 (Empres.)	0,110	0,680	0,110	1,00	1,04
N11/N7	2xUPN 120 (Empres.)	0,110	0,680	0,110	1,00	1,06
N12/N8	2xUPN 120 (Empres.)	0,110	0,680	0,110	1,00	1,11

Barra (Ni/Nf)	Sección	Lonxitude (m)			β_{xy}	β_{xz}
		Indef. orixe	Deformable	Indef. extremo		
N13/N6	2xUPN 120 (Empres.)	0,110	0,680	0,110	1,00	1,06
N2/N10	2xUPN 220 (Empres.)	0,140	0,775	-	1,00	1,71
N10/N13	2xUPN 220 (Empres.)	-	1,928	-	1,00	2,80
N13/N11	2xUPN 220 (Empres.)	-	1,928	-	1,00	2,55
N11/N12	2xUPN 220 (Empres.)	-	1,928	-	1,00	2,21
N12/N14	2xUPN 220 (Empres.)	-	0,300	-	1,00	6,71

No modelo implementáronse as seguintes accións:

Barra	Hipótese	Tipo	Valores		Posición		Dirección			
			P1	P2	L1 (m)	L2 (m)	Eixes	X	Y	Z
N1/N2	Peso propio	Uniforme	1,733	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N1/N2	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N1/N2	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N2/N3	Peso propio	Uniforme	1,733	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N2/N3	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N2/N3	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N3/N4	Peso propio	Uniforme	1,733	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N3/N4	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N3/N4	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N3/N5	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N3/N5	Peso propio	Faixa	0,203	-	0,200	0,915	Globais	0,000	0,000	-1,000
N3/N5	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N3/N5	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N3/N5	Vento	Faixa	2,175	-	0,200	0,915	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N5/N6	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N5/N6	Peso propio	Uniforme	0,203	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N5/N6	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N5/N6	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N5/N6	Vento	Uniforme	2,175	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N6/N7	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N6/N7	Peso propio	Uniforme	0,203	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N6/N7	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N6/N7	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N6/N7	Vento	Uniforme	2,175	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N7/N8	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N7/N8	Peso propio	Uniforme	0,203	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N7/N8	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N7/N8	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N7/N8	Vento	Uniforme	2,175	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N8/N9	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N8/N9	Peso propio	Uniforme	0,203	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N8/N9	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N8/N9	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N8/N9	Vento	Uniforme	2,175	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N10/N5	Peso propio	Uniforme	0,262	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N10/N5	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N10/N5	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N11/N7	Peso propio	Uniforme	0,262	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N11/N7	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N11/N7	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N12/N8	Peso propio	Uniforme	0,262	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N12/N8	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N12/N8	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N13/N6	Peso propio	Uniforme	0,262	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N13/N6	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N13/N6	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N2/N10	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N2/N10	Peso propio	Faixa	0,147	-	0,200	0,915	Globais	0,000	0,000	-1,000
N2/N10	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000

Barra	Hipótese	Tipo	Valores		Posición		Dirección			
			P1	P2	L1 (m)	L2 (m)	Eixes	X	Y	Z
N2/N10	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N2/N10	Vento	Faixa	1,575	-	0,200	0,915	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N10/N13	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N10/N13	Peso propio	Uniforme	0,147	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N10/N13	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N10/N13	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N10/N13	Vento	Uniforme	1,575	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N13/N11	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N13/N11	Peso propio	Uniforme	0,147	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N13/N11	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N13/N11	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N13/N11	Vento	Uniforme	1,575	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N11/N12	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N11/N12	Peso propio	Uniforme	0,147	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N11/N12	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N11/N12	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N11/N12	Vento	Uniforme	1,575	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000
N12/N14	Peso propio	Uniforme	0,576	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N12/N14	Peso propio	Uniforme	0,147	-	-	-	Globais	0,000	0,000	-1,000
N12/N14	Térmicas (T+)	Temperatura	30,00	30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N12/N14	Térmicas (T-)	Temperatura	-30,00	-30,00	-	-	Locais	0,000	0,000	1,000
N12/N14	Vento	Uniforme	1,575	-	-	-	Globais	-0,000	1,000	-0,000

As características mecánicas de cada sección expóñense na táboa seguinte:

Descrición	A (cm²)	Avy (cm²)	Avz (cm²)	Iyy (cm4)	Izz (cm4)	It (cm4)
UPN 280, Dobre en caixón con platabanda #10 mm, (UPN) Separación entre os perfís: 310,0 / 310,0 mm	225,00	75,00	141,00	75368,75	30268,75	66201,26
UPN 220, Dobre en caixón con presiñas, (UPN) Separación entre os perfís: 340,0 / 340,0 mm	74,80	30,00	31,59	5380,00	39482,95	32,00
UPN 120, Dobre en caixón con presiñas, (UPN) Separación entre os perfís: 390,0 / 390,0 mm	34,00	14,85	12,85	728,00	18703,44	8,30

7.2. COMPROBACIÓNS

7.2.1. ELU DE RESISTENCIA NAS BARRAS

Referencias:

- N: Esforzo axil (kN)
- Vy: Esforzo cortante segundo o eixo local Y da barra. (kN)
- Vz: Esforzo cortante segundo o eixo local Z da barra. (kN)
- Mt: Momento torsor (kN·m)
- My: Momento flector no plano 'XZ' (xiro da sección respecto ao eixo local 'Y' da barra). (kN·m)
- Mz: Momento flector no plano 'XY' (xiro da sección respecto ao eixo local 'Z' da barra). (kN·m)

Os esforzos indicados son os correspondentes á combinación pésima, é dicir, aquela que demanda a máxima resistencia da sección.

Orixe dos esforzos pésimos:

- G: Só gravitatorias
- GV: Gravitatorias + vento

η: Aproveitamento da resistencia. A barra cumpre se $\eta \leq 100$ %

Barra	η (%)	Posición (m)	Esforzos pésimos						Orixe	Estado
			N (kN)	Vy (kN)	Vz (kN)	Mt (kN·m)	My (kN·m)	Mz (kN·m)		
N1/N2	22,28	0,000	-24,382	0,000	25,500	91,80	176,26	40,38	GV	Cumpre
N2/N3	9,06	0,110	-2,189	29,518	14,734	52,80	11,66	25,91	GV	Cumpre
N3/N4	0,00	0,110	-0,173	0,000	0,000	0,00	0,00	0,00	G	Cumpre
N3/N5	15,89	0,140	29,518	14,734	-0,456	-0,02	-2,53	50,73	GV	Cumpre
N5/N6	15,45	0,000	22,203	13,178	-5,190	-0,03	-5,66	39,88	GV	Cumpre
N6/N7	6,68	0,000	10,740	8,977	-3,340	-0,03	-2,28	18,52	GV	Cumpre
N7/N8	1,92	0,000	3,211	4,781	-1,830	-0,03	-0,67	5,26	GV	Cumpre
N8/N9	0,11	0,000	0,000	0,653	-0,234	0,00	-0,04	0,10	GV	Cumpre
N10/N5	7,42	0,110	-5,613	0,000	7,315	0,00	2,58	0,00	G	Cumpre
N11/N7	6,76	0,110	-0,198	0,000	7,529	0,00	2,56	0,00	G	Cumpre
N12/N8	2,90	0,110	-0,113	0,065	3,211	0,01	1,09	0,02	GV	Cumpre
N13/N6	10,33	0,790	0,319	-0,007	11,463	0,01	-3,91	0,00	GV	Cumpre
N2/N10	17,25	0,140	-29,518	10,766	-10,931	-0,03	-9,70	37,50	GV	Cumpre
N10/N13	14,71	0,000	-22,203	9,641	-4,657	-0,03	-4,89	29,55	GV	Cumpre
N13/N11	5,59	0,000	-10,740	6,610	-3,375	-0,03	-2,40	13,88	GV	Cumpre
N11/N12	1,59	0,000	-3,211	3,575	-1,753	-0,03	-0,62	4,05	GV	Cumpre
N12/N14	0,08	0,000	0,000	0,473	-0,217	0,00	-0,03	0,07	GV	Cumpre

7.2.2. RESUMO DE COMPROBACIÓNS DE E.L.U. NAS BARRAS

Barras	COMPROBACIÓNS (EAE 2011)														Estado
	$\bar{\lambda}$	λ_w	N_t	N_c	M_Y	M_Z	V_Z	V_Y	M_YV_Z	M_ZV_Y	NM_YM_Z	$NM_YM_ZV_YV_Z$	M_t	M_tV_Z	M_tV_Y	
N1/N2	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	N_{Ed} = 0,00 N.P.(1)	x: 0 m η = 0,4	x: 0 m η = 18,2	η = 6,3	η = 1,2	V_{Ed} = 0,00 N.P.(2)	η < 0,1	N.P.(3)	x: 0 m η = 22,3	η < 0,1	η = 15,7	η = 1,4	N.P.(4)	**CUMPRE η = 22,3**
N2/N3	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	N_{Ed} = 0,00 N.P.(1)	x: 0,11 m η < 0,1	x: 0,11 m η = 1,2	x: 0,11 m η = 4,0	η = 0,7	η = 2,3	η < 0,1	η < 0,1	x: 0,11 m η = 4,8	η < 0,1	η = 9,1	η = 0,8	η = 2,6	**CUMPRE η = 9,1**
N3/N4	x: 0,11 m $\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	N.P.(5)	N_{Ed} = 0,00 N.P.(1)	x: 0,11 m η < 0,1	M_{Ed} = 0,00 N.P.(6)	M_{Ed} = 0,00 N.P.(6)	V_{Ed} = 0,00 N.P.(2)	V_{Ed} = 0,00 N.P.(2)	N.P.(3)	N.P.(3)	N.P.(7)	N.P.(8)	M_{Ed} = 0,00 N.P.(9)	N.P.(4)	N.P.(4)	**CUMPRE η < 0,1**
N3/N5	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0,14 m η = 12,7	x: 0,14 m η = 9,7	x: 0,14 m η = 1,7	x: 0,14 m η = 1,5	x: 0,14 m η = 0,1	x: 0,14 m η = 2,5	η < 0,1	η < 0,1	x: 0,14 m η = 15,9	η < 0,1	η = 0,6	x: 0,14 m η = 0,1	x: 0,14 m η = 2,5	**CUMPRE η = 15,9**
N5/N6	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η = 9,9	x: 0 m η = 11,0	x: 0 m η = 3,7	x: 0 m η = 1,2	x: 0 m η = 0,9	x: 0 m η = 2,2	η < 0,1	η < 0,1	x: 0 m η = 15,5	η < 0,1	η = 0,7	x: 0 m η = 0,9	x: 0 m η = 2,2	**CUMPRE η = 15,5**
N6/N7	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η = 4,6	x: 0 m η = 3,5	x: 1,928 m η = 1,8	x: 0 m η = 0,6	x: 0 m η = 0,5	x: 0 m η = 1,5	η < 0,1	η < 0,1	x: 0 m η = 6,7	η < 0,1	η = 0,7	x: 0 m η = 0,6	x: 0 m η = 1,5	**CUMPRE η = 6,7**
N7/N8	x: 0 m $\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η = 1,3	x: 0 m η = 1,0	x: 1,928 m η = 0,9	x: 0 m η = 0,2	x: 0 m η = 0,3	x: 0 m η = 0,8	η < 0,1	η < 0,1	x: 0 m η = 1,9	η < 0,1	η = 0,8	x: 0 m η = 0,3	x: 0 m η = 0,8	**CUMPRE η = 1,9**
N8/N9	x: 0 m $\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	x: 0 m $\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η = 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	M_{Ed} = 0,00 N.P.(9)	N.P.(4)	N.P.(4)	**CUMPRE η = 0,1**
N10/N5	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	N_{Ed} = 0,00 N.P.(1)	x: 0,11 m η = 0,6	x: 0,11 m η = 6,8	M_{Ed} = 0,00 N.P.(6)	η = 2,8	V_{Ed} = 0,00 N.P.(2)	η < 0,1	N.P.(3)	x: 0,11 m η = 7,4	η < 0,1	η = 0,6	η = 2,8	N.P.(4)	**CUMPRE η = 7,4**
N11/N7	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	N_{Ed} = 0,00 N.P.(1)	x: 0,11 m η < 0,1	x: 0,11 m η = 6,7	M_{Ed} = 0,00 N.P.(6)	η = 2,9	η < 0,1	η < 0,1	N.P.(3)	x: 0,11 m η = 6,8	η < 0,1	η = 0,7	η = 2,9	η < 0,1	**CUMPRE η = 6,8**
N12/N8	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	x: 0,11 m $\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0,789 m η < 0,1	x: 0,11 m η < 0,1	x: 0,11 m η = 2,9	x: 0,11 m η < 0,1	η = 1,2	η < 0,1	x: 0,11 m η < 0,1	x: 0,11 m η < 0,1	x: 0,11 m η = 2,9	x: 0,11 m η < 0,1	η = 0,7	η = 1,2	η < 0,1	**CUMPRE η = 2,9**
N13/N6	N.P.(10)	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0,789 m η < 0,1	N_{Ed} = 0,00 N.P.(10)	x: 0,79 m η = 10,3	M_{Ed} = 0,00 N.P.(6)	η = 4,4	η < 0,1	η < 0,1	x: 0,11 m η < 0,1	x: 0,79 m η = 10,3	η < 0,1	η = 0,7	η = 4,5	η < 0,1	**CUMPRE η = 10,3**
N2/N10	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0,14 m η = 6,8	x: 0,14 m η = 9,8	x: 0,14 m η = 6,3	x: 0,14 m η = 1,1	x: 0,14 m η = 1,8	x: 0,14 m η = 1,8	η < 0,1	η < 0,1	x: 0,14 m η = 17,3	η < 0,1	η = 0,7	x: 0,14 m η = 1,8	x: 0,14 m η = 1,8	**CUMPRE η = 17,3**
N10/N13	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η = 5,4	x: 0 m η = 11,0	x: 0 m η = 3,2	x: 0 m η = 0,9	x: 0 m η = 0,8	x: 0 m η = 1,6	η < 0,1	η < 0,1	x: 0 m η = 14,7	η < 0,1	η = 0,7	x: 0 m η = 0,8	x: 0 m η = 1,6	**CUMPRE η = 14,7**
N13/N11	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η = 2,5	x: 0 m η = 3,6	x: 1,928 m η = 1,8	x: 0 m η = 0,4	x: 0 m η = 0,6	x: 0 m η = 1,1	η < 0,1	η < 0,1	x: 0 m η = 5,6	η < 0,1	η = 0,7	x: 0 m η = 0,6	x: 0 m η = 1,1	**CUMPRE η = 5,6**
N11/N12	$\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	$\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η = 0,7	x: 0 m η = 1,1	x: 1,928 m η = 0,9	x: 0 m η = 0,1	x: 0 m η = 0,3	x: 0 m η = 0,6	η < 0,1	η < 0,1	x: 0 m η = 1,6	η < 0,1	η = 0,8	x: 0 m η = 0,3	x: 0 m η = 0,6	**CUMPRE η = 1,6**
N12/N14	x: 0 m $\bar{\lambda} < 3,0$ Cumpre	x: 0 m $\lambda_w \leq \lambda_{w,máx}$ Cumpre	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η = 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	x: 0 m η < 0,1	M_{Ed} = 0,00 N.P.(9)	N.P.(4)	N.P.(4)	**CUMPRE η = 0,1**

Comprobacións que non proceden (N.P.):
(1) A comprobación non procede, xa que non hai axil de tracción.
(2) A comprobación non procede, xa que non hai esforzo cortante.
(3) Non hai interacción entre momento flector e esforzo cortante para ningunha combinación. Por tanto, a comprobación non procede.
(4) Non hai interacción entre momento torsor e esforzo cortante para ningunha combinación. Por tanto, a comprobación non procede.
(5) A comprobación non procede, xa que non hai momento flector que comprima un á, de forma que se poida desenvolver o fenómeno de abolladura da alma inducida polo á comprimida.
.
(6) A comprobación non procede, xa que non hai momento flector.
(7) Non hai interacción entre axil e momento flector nin entre momentos flectores en ambas as direccións para ningunha combinación. Por tanto, a comprobación non procede.
(8) Non hai interacción entre momento flector, axil e cortante para ningunha combinación. Por tanto, a comprobación non procede.
(9) A comprobación non procede, xa que non hai momento torsor.
(10) A comprobación non procede, xa que non hai axil de compresión

7.2.3. PLACA DE ANCORAXE

Comprobación	Valores	Estado
Separación mínima entre pernos:	Mínimo: 96 mm	
3 diámetros	Calculado: 223 mm	Cumpre
Separación mínima pernos-borde:	Mínimo: 64 mm	
2 diámetros	Calculado: 65 mm	Cumpre
Esbeltez de rixidizadores:	Máximo: 50	
- Paralelos a X:	Calculado: 24,3	Cumpre
- Paralelos a Y:	Calculado: 25,5	Cumpre
Lonxitude mínima do perno:	Mínimo: 35 cm	
Lonxitude de ancoraxe necesaria por adherencia.	Calculado: 70 cm	Cumpre
Ancoraxe perno en formigón:		
- Tracción:	Máximo: 248,91 kN Calculado: 93,04 kN	Cumpre
- Cortante:	Máximo: 174,24 kN Calculado: 38,89 kN	Cumpre
- Tracción + Cortante:	Máximo: 248,91 kN Calculado: 148,6 kN	Cumpre
Tracción en vástago de pernos:	Máximo: 321,6 kN Calculado: 93,04 kN	Cumpre
Tensión de Von Mises en vástago de pernos:	Máximo: 476,19 MPa Calculado: 143,518 MPa	Cumpre
Aplastamento perno en placa:	Máximo: 502,86 kN	
Límite do cortante nun perno actuando contra a placa	Calculado: 38,89 kN	Cumpre
Tensión de Von Mises en seccións globais:	Máximo: 261,905 MPa	
- Dereita:	Calculado: 33,6372 MPa	Cumpre
- Esquerda:	Calculado: 39,1177 MPa	Cumpre
- Arriba:	Calculado: 90,1157 MPa	Cumpre
- Abaixo:	Calculado: 88,5219 MPa	Cumpre
Frecha global equivalente:		
Limitación da deformabilidade dos voos	Mínimo: 250	
- Dereita:	Calculado: 28830,5	Cumpre
- Esquerda:	Calculado: 25390	Cumpre
- Arriba:	Calculado: 9041,45	Cumpre
- Abaixo:	Calculado: 10028,5	Cumpre
Tensión de Von Mises local:	Máximo: 261,905 MPa	
Tensión por tracción de pernos sobre placas en voadizo	Calculado: 119,618 MPa	Cumpre
Cúmprense todas as comprobacións		

7.2.4. CIMENTACIÓN

Comprobación	Valores	Estado
Tensións sobre o terreo:		
Criterio de CYPE Ingenieros		
- Tensión media en situacións persistentes:	Máximo: 0,175 MPa Calculado: 0,0252117 MPa	Cumpre
- Tensión máxima en situacións persistentes:	Máximo: 0,218665 MPa Calculado: 0,041202 MPa	Cumpre
Envorcamento:		
- En dirección X:	Reserva seguridade: 375,8 %	Cumpre
- En dirección Y:	Reserva seguridade: 83,3 %	Cumpre
Flexión na zapata:		
- En dirección X:	Momento: 18,33 kN·m	Cumpre
- En dirección Y:	Momento: 93,45 kN·m	Cumpre
Cortante na zapata:		
- En dirección X:	Cortante: 0,00 kN	Cumpre
- En dirección Y:	Cortante: 63,27 kN	Cumpre
Compresión oblicua na zapata:		
- Situacións persistentes:	Máximo: 5000 kN/m²	
Criterio de CYPE Ingenieros	Calculado: 12 kN/m²	Cumpre
Canto mínimo:	Mínimo: 25 cm	
Artigo 58.8.1 da norma EHE-08	Calculado: 90 cm	Cumpre
Espazo para ancorar arranques en cimentación:	Mínimo: 70 cm	
- N1:	Calculado: 81 cm	Cumpre
Contía xeométrica mínima:		
Artigo 42.3.5 da norma EHE-08	Mínimo: 0,0009	
- Armado inferior dirección X:	Calculado: 0,0017	Cumpre
- Armado superior dirección X:	Calculado: 0,0017	Cumpre
- Armado inferior dirección Y:	Calculado: 0,0017	Cumpre
- Armado superior dirección Y:	Calculado: 0,0017	Cumpre
Contía mínima necesaria por flexión:		
Artigo 42.3.2 da norma EHE-08	Calculado: 0,0018	
- Armado inferior dirección X:	Mínimo: 0,0001	Cumpre
- Armado inferior dirección Y:	Mínimo: 0,0003	Cumpre
- Armado superior dirección X:	Mínimo: 0,0001	Cumpre
- Armado superior dirección Y:	Mínimo: 0,0002	Cumpre
Diámetro mínimo de las barras:		
Recomendación do Artigo 58.8.2 (norma EHE-08)	Mínimo: 12 mm	

Comprobación	Valores	Estado
- Grella inferior:	Calculado: 20 mm	Cumpre
- Grella superior:	Calculado: 20 mm	Cumpre
Separación máxima entre barras:		
Artigo 58.8.2 da norma EHE-08	Máximo: 30 cm	
- Armado inferior dirección X:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado inferior dirección Y:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado superior dirección X:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado superior dirección Y:	Calculado: 20 cm	Cumpre
Separación mínima entre barras:		
Criterio de CYPE Ingenieros,	Mínimo: 10 cm	
- Armado inferior dirección X:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado inferior dirección Y:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado superior dirección X:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado superior dirección Y:	Calculado: 20 cm	Cumpre
Lonxitude de ancoraxe:		
Criterio de libro "Cálculo de estructuras de cimentación", J. Calavera.		
- Armado inf. dirección X cara a der:	Mínimo: 20 cm Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado inf. dirección X cara a esq:	Mínimo: 20 cm Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado inf. dirección Y cara arriba:	Mínimo: 20 cm Calculado: 76 cm	Cumpre
- Armado inf. dirección Y cara abaixo:	Mínimo: 20 cm Calculado: 76 cm	Cumpre
- Armado sup. dirección X cara a der:	Mínimo: 28 cm Calculado: 28 cm	Cumpre
- Armado sup. dirección X cara a esq:	Mínimo: 28 cm Calculado: 28 cm	Cumpre
- Armado sup. dirección Y cara arriba:	Mínimo: 28 cm Calculado: 76 cm	Cumpre
- Armado sup. dirección Y cara abaixo:	Mínimo: 28 cm Calculado: 76 cm	Cumpre
Lonxitude mínima de las patillas:	Mínimo: 20 cm	
- Armado inf. dirección X cara a der:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado inf. dirección X cara a esq:	Calculado: 20 cm	Cumpre
- Armado sup. dirección X cara a der:	Calculado: 28 cm	Cumpre
- Armado sup. dirección X cara a esq:	Calculado: 28 cm	Cumpre
Abertura de fisuras:	Máximo: 0,3 mm	
- Armado inferior dirección X:	Calculado: 0 mm	Cumpre
- Armado inferior dirección Y:	Calculado: 0,04 mm	Cumpre
- Armado superior dirección X:	Calculado: 0 mm	Cumpre
- Armado superior dirección Y:	Calculado: 0,02 mm	Cumpre
Cúmprense todas as comprobacións		

7.2.5. DESPRAZAMENTOS

Tal como se establece na norma UNE 135311:2013, os desprazamentos e xiros das barras mídense na parte superior do soporte e no extremo do lintel:



Figura 3. Nodos de referencia para comprobación (UNE 135311:2013)

Os desprazamentos permisibles máximos por cargas permanentes, segundo UNE 135311:2013 son:



LONXITUDE DO LINTEL L	LINTEL δ_Y	SOPORTE δ_X
≤ 6,0 m	L/130	H/300
6,0 < L ≤ 6,5 m	L/140	H/300
6,5 < L ≤ 7,5 m	L/150	H/300
7,5 < L ≤ 8,5 m	L/160	H/300
8,5 < L ≤ 9,0 m	L/170	H/300
> 9,0 m	L/200	H/300

Por efecto do vento limítanse os desprazamentos aos indicados:



LINTEL δ_Z	SOPORTE δ_Z
L/20	H/100

Para o caso en estudo, os desprazamentos máximos segundo os eixes locais do modelo son, para H=7,50 m e L= 7,0 m:

DESPRAZAMENTO MÁXIMO		
TIPO DE CARGAS	**LINTEL**	**SOPORTE**
Verticais	$\Delta_Z \leq L/150 = 47$ mm	$\Delta_X \leq H/300 = 25$ mm
Horizontais (Vento)	$\Delta_Y \leq L/20 = 350$ mm	$\Delta_Y \leq H/100 = 75$ mm

Os resultados do cálculo para os nodos de comprobación recóllense na táboa seguinte, na que se pode comprobar o cumprimento das limitacións establecidas pola UNE 135311:2013:

REFERENCIA	**DESCRIPCIÓN**	**DESPRAZAMENTOS EN EIXES GLOBAIS**					
		Δx (mm)	**Δy (mm)**	**Δz (mm)**	**Gx (mRad)**	**Gy (mRad)**	**Gz (mRad)**
N4 (Cabeza do soporte)	Peso propio	17,552	0,000	-0,025	0,000	4,159	0,000
	Térmicas (T+)	0,000	0,000	2,542	0,000	0,000	0,000
	Térmicas (T-)	0,000	0,000	-2,542	0,000	0,000	0,000
	Vento	0,000	20,136	0,000	-3,845	0,000	11,453
N9 (Extremo do lintel)	Peso propio	16,738	0,000	-31,341	0,000	4,341	0,000
	Térmicas (T+)	2,470	0,000	2,506	0,000	0,000	0,000
	Térmicas (T-)	-2,470	0,000	-2,506	0,000	0,000	0,000
	Vento	0,000	106,888	0,000	-10,824	0,000	12,846

Asdo. Hadrián Arias Durán
Enxeñeiro de camiños, canais e portos
Colexiado nº 20.565

ANEXO Nº 11. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

1. INTRODUCIÓN

1.1. NORMATIVA

No documento nº 3 do presente proxecto inclúese unha relación da normativa ambiental de aplicación para as obras recollidas no presente proxecto.

O obxecto do proxecto non se atopa entre os supostos dos anexos I y II da Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, polo que non é necesario sometelo a procedemento de avaliación ambiental.

1.2. OBXECTIVOS

O obxecto do presente anexo é analizar o proxecto dende un punto de vista ambiental, de xeito que se poidan prever e avaliar os efectos que sobre o ámbito puidesen producir a obra e a súa explotación.

1.3. METODOLOXÍA

Os pasos a seguir para acadar o obxectivo marcado no apartado anterior son os seguintes:

- Análise do proxecto, para identificar todos aqueles aspectos deste susceptibles de producir un impacto negativo no ámbito, tanto de forma directa como indirecta; considerando as fases de construción e explotación.
- Descrición do estado inicial do ámbito, definindo o medio físico, biolóxico e socioeconómico, con análise de todos os sistemas naturais que puidesen verse afectados pola obra e identificación daqueles parámetros susceptibles de sufrir algunha alteración como consecuencia dos impactos que se xeren.
- Avaliación dos impactos xerados sobre o ámbito durante as fases de construción e explotación.

2. DESCRICIÓN DAS OBRAS

O presente ten por obxecto definir e desenvolver as distintas unidades de obra precisas para poder levar a cabo a construción dunha glorieta no PQ 21+900 da estrada AC-840, no chamado Cruce do Empalme en Curtis.

ESTRADA	DENOMINACIÓN	REDE	TREITOS DE ACTUACIÓN
AC-840	Betanzos (AC-542) – Pontenova (PO-840)	Primaria Básica	PQ 21+800 a 22+075

A proposta de actuacións previstas pode dividirse en varias tipoloxías:

- Fresado de pavimento e levantamento de beirarrúas.
- Execución de pavimentos con mesturas bituminosas en frío e quente.
- Execución de pavimentos de lastro e louseta hidráulica.
- Plantacións.

3. ANÁLISE DO PROXECTO

As principais accións ou aspectos a considerar pola súa incidencia ambiental son:

3.1. FASE DE CONSTRUCIÓN

De carácter xeral:

- Prevese que pola obra e os seus arredores circule de forma secuencial a maquinaria propia de obra civil: escavadoras, retroescavadoras, camións, etc., sendo probable a coincidencia de dous ou tres destes tipos de maquinaria na obra.

Outros aspectos a considerar son:

- O tempo previsto para as obras é de tres meses.
- Os servizos afectados son os correspondentes a postes e liñas de telefonía e iluminación (servizos de subministración), que serán repostos durante o transcurso das obras.

3.2. FASE DE EXPLOTACIÓN

Dadas as características das obras proxectadas, na explotación só se consideran accións derivadas do propio tráfico: emisión de gases e ruído que, por outra parte, é de prever que se vexan diminuídos (respecto ao seu estado actual) ao producirse unha maior fluidez no tráfico.

4. INVENTARIO E VALORACIÓN DO MEDIO

4.1. OBXECTIVO

A descrición do medio preoperacional ten como finalidade definir e valorar o estado en que se atopa o medio natural e social antes da execución do proxecto. Para cada unha das variables consideradas no inventario, analizarase o seu valor para a conservación en función de cadanseus criterios aplicables, especificados no apartado correspondente.

4.2. XEOLOXÍA

Dende o punto de vista paleogeográfico, o ámbito no que se localizarán as obras sitúase dentro das Zonas Centroibérica de Julivert (1972) e IV das definidas por Matte (1968), denominada Galicia Media-Media-Tras Os Montes ou Zona Galaico-Castellana.

Dende o prisma litoestratigráfico, o repetido ámbito físico pertence ao denominado Dominio da Serie de Ordenes, caracterizado, neste ámbito, pola presenza dun macizo rochoso de natureza esquistosa, que, dende o punto de vista estrutural, se dispón en serie fortemente repregada, monoclinal, de dirección axial aproximada N.NE-S.SO e buzamento cara ao E.SE.

O tipo pétreo que predomina neste ámbito é a rocha granítica distinguíndose ademais:

- Rochas metasedimentarias: Lousas e filitas, Xistos de Ordes, Paragneises e Cuarcitas.
- Rochas graníticas: Ollo de sapo e Ortogneis
- Rochas básicas e ultrabásicas: Anfibolitas, Gabros e Pteridotitas serpentinizadas
- Materiais sedimentarios: do Terciario e do Cuaternario

4.3. CLIMATOLOXÍA

O clima de Curtis presenta unha tendencia ó continental, con perda do carácter oceánico producida polo afastamento da costa e a altura; períodos con temperaturas extremas, que en inverno poden condicionar

o desenvolvemento das plantas, período seco e soleado en verán, sen secas extremas, abundantes precipitacións e elevada humidade relativa.

4.4. HIDROXEOLOXÍA E HIDROLOXÍA

4.4.1. REDE HIDROGRÁFICA SUPERFICIAL

No municipio de Curtis discorren multitude de cursos de auga debido a que ás abundantes precipitacións únese na topografía uniforme, que rompe as canles en múltiples brazos. Nalgúns lugares a superficie chaira orixina brañas. Os cauces principais son o río Deo, o Mendo e o Mandeo, sendo este último o de maior importancia.

- Río Deo: nace ó sur de Teixeiro, moi próximo ó núcleo rural de Recareo e desemboca no Mandeo. A súa vez, recibe as augas do rego Medio, o rego de Abaixo, o Carballido e o dos Castros, todos eles pola marxe esquerda. A unión co rego dos Castros, serve de fronteira co Concello de Aranga, ata que chega ó río Mandeo.
- Río Mendo: Sitúase preto do núcleo de Curtis na cota aproximada de 550m, entre Paio Rodríquez e Cabana. O seu percorrido polo municipio é moi, corto xa que rapidamente o abandona, pasando a discorrer polo Concello de Cesuras. polo tanto, a súa área de influencia limítase ó oeste do Concello.
- Río Mandeo: É o principal curso fluviario do municipio atravesándoo de sur a norte; atopándose represado no último tramo do percorrido por Curtis, pola Presa da Central Eléctrica de Aranga. Recibe un gran número de afluentes ó seu paso polo municipio, como son o río Portocastro, o Casteirón, o Ramalleira e o río Deo.

Desde a súa cabeceira no marco das Pías ata chegar ó mar na ría de Betanzos, o río Mandeo efectúa un percorrido de 56km, durante os primeiros 5km o río descende polo monte de Cabazás, na serra da Cova da Serpe, cunha pendente de tan só o 2,74% Despois continúa un longo tramo duns 25km no que a inclinación aínda se suaviza máis. O perfil do Mandeo revitalízase lixeiramente cando baixa encaixado pola ladeira S e SE do Montemeá, en terras de Aranga, cunha inclinación do 7,27%, pero despois o val ábrese de novo e a pendente volve a ser moderada. En Sielas, a canle do río comeza outra vez a encaixarse ata chegar a Collantes, onde o val se abre definitivamente.

A cantidade anual de precipitacións que recibe a conca do río Mandeo diminúe sensiblemente no curso inferior do colector principal con respecto ós sectores medio e alto da conca. En efecto, a pluviosidade rexistrada nas estacións de Teixeiro e Mántaras (Irixoa) equivale ó dobre da que cae en Betanzos, se ben en calquera caso pódese falar de choivas abundantes, sempre superiores ós 800m³ anuais e polo tanto, plenamente homologables ós módulos habituais nos climas morno-húmido.

Dáse unha oscilación anual en canto ó caudal, tendo un máximo destacado no mes de febreiro e un mínimo en setembro. Pero a pesar desta oscilación anual, superior á que se atopa en boa parte dos ríos galegos, pódese seguir falando dunha alimentación relativamente regular e homoxénea durante todo o ano, cunha estación de augas altas claramente invernal e un moderado estiaxe centrado sobre todo en agosto e setembro.

O Mandeo ten un réxime fluviario de tipo pluviario oceánico, no que a contía e a distribución anual das precipitacións ten o seu reflexo directo, aínda que concerto retraso, no volume hídrico do rio.

Fora das concas fluviais destes ríos mais importantes, unha zona de parte sur do Concello verte cara a conca do río Tambre rumbo o municipio de Vilasantar a través do río Cabalar e o río dos Muíños. Todos estes ríos son de tipo oceánico, con réximes fluviais de máximos invernais e mínimos estivais simples. A súa irregularidade interanual é pequena, ó igual que o seu réxime pluviométrico.

4.4.2. AUGAS SUBTERRÁNEAS

Na zona estudada, diferéncianse dous tipos de terreos que posúen diferentes características hidrolóxicas en función da súa litoloxía dominante:

- *Zonas onde predominan rochas ígneas e metamórficas*

  A permeabilidade destas rochas en estado fresco é practicamente nula, tan só unida á presenza de fracturas, Sen embargo, nos metros máis superficiais onde sucede unha importante alteración do substrato rochoso orixínanse perfís de areas limosas que poden ter unha certa permeabilidade.

  As posibilidades de explotación hidroxeolóxica destes terreos onde se localizan os maiores núcleos de poboación da zona están limitadas á execución de captacións a ceo aberto e de pouca profundidade que se emprazan sobre as zonas superficiais máis alteradas. Os caudais obtidos destas pequenas explotacións non superan os 1 ou 1,5 L/S e están supeditados á recarga pluviométrica.

  No Oeste do Concello correspondendo coa zona de Xistos de Ordes, e no Centro, onde se sitúan os xistos e as rochas básicas e ultrabásicas o estrato é practicamente impermeable con drenaxes deficientes.

- *Zonas onde se acumulan sedimentos terciarios e cuaternarios*

  Debido á súa maior porosidade intergranular, estes sedimentos presentan en principio unhas condicións máis favorables para a infiltración e o almacenamento da auga subterránea. Sen embargo, a extensión na zona de ditos depósitos é moi limitada, polo que os núcleos de poboación que se ven abastecidos por estes acuíferos son reducidos.

  Nos terreos terciarios aparecen niveis de arxilas que impiden o desenvolvemento de acuíferos importantes, estando estes últimos ligados á existencia de areas ou gravas intercaladas entre as primeiras.

  Polo que respecta ós depósitos cuaternarios, orixinan acuíferos superficiais de pouco espesor, estreitamente ligados ás condicións estacionais, Dentro deste grupo merecen especial atención as lagoas aluviais, as cales sofren unha recarga adicional (superior en moitos casos á pluviométrica) procedente dos ríos ós que pertencen. Outros depósitos cuaternarios, como os coluvións, poden presentar condicións favorables para a infiltración e o almacenamento de auga, se ben debido a súa reducida extensión superficial non supón en conxunto un volume importante.

4.5. VEXETACIÓN

Para o estudio da flora e a vexetación do municipio de Curtis podemos contar coa aportación do traballo de Jenaro Dalda González "Vexetación da Cunca do Deo" (1972), xa que a área estudada supón unha parte moi importante da superficie do municipio.

A composición florista da zona está determinada pola localización entre a Rexión Floral Mediterránea e a Eurosiberiana. destacan en número os xeofitos subatlánticos e euatlánticos, seguidos de boreais e medio-europeos; sa en menor cantidade algúns endemismos ibero-atlánticos e en último lugasos subatlánticos-mediterraneos e mediterráneo. A homoxeneidade non está dada soamente pola situación xeográfica, senón tamén pola uniformidade de altitude e climática, que determina un número total de especies aparentemente escaso en relación coa superficie.

Se facemos referencia ó estudio das comunidades, debemos destacar que a homoxeneidade da climatoloxía fai do solo o factor ecolóxico diferencial das diferentes agrupacións.

- Comunidades de plantas nadando libremente na auga

- Comunidades rupícolas
- Vexetación de escombreiras, derrubamentos e pedregueiras
- Vexetación nitrófilo-ruderal
- Vexetación acuática radicante
- Prados de sega
- Vexetación das zonas higroturbosas ou brañas
- Comunidades ericifruticeta
- Alisedos
- Carballeiras

4.6. FAUNA

A fauna presente no municipio está formada por especies bastante comúns ben adaptadas a medios alterados, como ocorre en todos os hábitats fortemente antropizados ou afectados pola destrución da cuberta vexetal

Tendo en conta as unidades homoxéneas de vexetación, e as zonas cultivadas e habitadas, poden diferenciarse varios biotipos coincidentes con elas:

- Lei 16/1987 do 30 de xullo de Ordenación dos Transportes Terrestres R.D. 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres e modificacións posteriores: R.D. 858/1994, do 29 de abril; R.D. 1772/1994, do 5 de agosto; R.D. 1136/1997, do 11 de Xullo; R.D. 927/1998, do 14 de maio; R.D. 1830/1999, do 3 de decembro; R.D. 780/2001, do 6 de xullo; O.M. de 02.08.01; O.M. de 19.10.01; R.D. 366/2002, de 19 de abril e R.D. 2387/2004, do 30 de decembro polo que se aproba o Regulamento do Sector Ferroviario, a cal derroga determinadas normas, entre elas, a sección 2ª do Capítulo II, IV e V do título VI da Lei 16/1987; R.D. 1225/2006, do 27 de outubro.

1.3. AMBIENTAL

- Real Decreto 710/2015, de 24 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
- Real Decreto 180/2015, de 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Decreto 169/2014, do 26 de decembro, polo que se derroga o Decreto 154/1993, do 24 de xuño, polo que se aproba o réxime xurídico básico do servizo público de xestión dos residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento Nº 1357/2014 da Comisión Europea do 18 de decembro de 2014 polo que se substitúe o anexo III da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.
- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
- Orde AAA/1783/2013, de 1 de outubro, pola que se modifica o anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases, aprobado por Real Decreto 782/1998, do 30 de abril.
- Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Orde AAA/661/2013, do 18 de abril, pola que se modifican os anexos I, II e III do Real Decreto 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
- Orde do 1 de abril de 2013 pola que se designan os órganos da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas competentes para a tramitación das comunicacións previas ao exercicio de actividades de produción e xestión de residuos previstas pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 11/2012, do 19 de decembro, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Regulamento Nº 1179/2012 da Comisión Europea do 10 de decembro de 2012 polo que se establecen criterios para determinar cando o vidro recuperado deixa de ser residuo conforme á Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
- Real Decreto-Lei 17/2012, do 4 de maio, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Regulamento Nº 333/2011 do Consello Europeo do 31 de marzo de 2011 polo que se establecen criterios para determinar cando determinados tipos de ferralla deixan de ser residuos conforme á Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.
- Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 7/2008 de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Orde MAM/85/2008, do 16 de xaneiro, por a que se establecen os criterios técnicos para a valoración dos danos ao dominio público hidráulico e as normas sobre toma de mostras e análise de verteduras de augas residuais.
- Lei 34/2007 do 15 de novembro de Calidade do Aire e Protección da Atmosfera.
- Lei 26/2007 do 23 de outubro de Responsabilidade Ambiental.
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.
- Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrolóxica.

- Real Decreto 1421/2006, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.
- Orde do 15 de xuño de 2006 por a que se desenvolve o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Real Decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, sobre avaliación ambiental.
- Real Decreto 524/2006, do 28 de abril, por o que se modifica o Real Decreto 212/2002, do 22 de febreiro, polo que se regulan as emisións sonoras en ámbito debidas a determinadas máquinas de uso ao aire libre.
- Real Decreto 252/2006, do 3 de marzo, por o que se revisan os obxectivos de reciclado e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real Decreto 782/1998, do 30 de abril.
- Real Decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fora de uso.
- Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.
- Lei do Ruído. Lei 37/2003 do 17 de novembro. e o seu desenvolvemento en RD 1513/2005 do 16 de decembro e RD 1367/2007 do 19 de outubro
- Real Decreto 255/2003 do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos.
- Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- Real Decreto 995/2000, do 2 de xuño, polo que fíxanse obxectivos de calidade para determinadas substancias contaminantes e modifícase o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 41/1997, do 5 de novembro, pola que se modifica a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres.
- Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases.
- Real Decreto 1315/1992, do 30 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, co fin de incorporar á lexislación interna a Directiva do Consello 80/68/CEE do 17 de decembro de 1979, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas substancias perigosas.
- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico RD 849/1986 do 11 de abril, así como RD 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico RD- 849/1986.
- Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.
- Lei 1/1995 do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
- Normas ISO 9000 sobre Sistemas de Calidade e ISO 14000 sobre Sistemas de Xestión Medioambiental.

1.4. PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade autónoma de Galicia
- Lei 16/1985 do 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, e R.D. 111/1986 do 10 de xaneiro.

1.5. SEGURIDADE E SAÚDE

- Real Decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.
- Estatuto dos Traballadores. R.D. 1/1995 do 24 de marzo e modificacións posteriores: Lei 60/1997, do 19 de decembro; R.D. 488/1998, do 27 de marzo; R.D. 1659/1998, do 24 de xullo; R.D. 2720/1998, do 18 de decembro; Lei 24/1999, de 6 de xullo e Lei 33/2002, do 5 de xullo.
- Real Decreto 1389/1997 do 5 de Setembro, sobre disposicións mínimas para protexer a seguridade e saúde en actividades mineiras
- Orde do 16 de Abril de 1998 sobre Normas de Procedemento e Desenvolvemento do Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios (R.D. 1942/1993).
- Real Decreto 614/2001 do 8 de Xuño, sobre disposicións mínimas para protección da seguridade e saúde dos traballadores fronte ao risco eléctrico.
- Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción
- Real Decreto 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo.
- Real Decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria "MIEAEM2" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a grúas torre para obras ou outras aplicacións.
- Real Decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrución técnica complementaria, "MIEAEM4" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a grúas móbiles autopropulsadas.
- Real Decreto 1311/2005, do 4 de Novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas.
- Lei 54/2003 do 12 de decembro, de Reforma do marco normativo da Prevención de Riscos Laborais, e RD 171/2004 do 30 de xaneiro, que desenvolve o art. 24 da Lei 31/1995.
- Regulamento de explosivos RD 230/1998 de 16.2.98 e R. D 277/2005.
- Real Decreto 39/1997 do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención e modificacións posteriores.
- Real Decreto 286/2006 sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído
- Normativa sobre Seguridade e Saúde: Reais Decretos 485, 486, 487 e 488/1997 do 14 de Abril, 664 e 665/1997 do 12 de maio, 773/1997 do 30 de maio, 1215/1997 de 18 de xullo e modificacións posteriores, 1389/1997 do 5 de setembro, 1627/1997 do 24 de outubro e modificacións posteriores, 374/2001 do 6 de abril, 614/2001 do 8 de xuño, 681/2003 do 12 de xuño, 836 e 837/2003 do 27 de xuño, 1311/2005 do 4 de novembro, 286/2006 do 10 de marzo, 314/2006 do 17 de marzo, 396/2006 do 31 de marzo.

- Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 27 de xuño 1997, de desenvolvemento do Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Ordenanza de Traballo da Construción, Vidro e Cerámica (O.M.28.8.70)

ARTIGO 2. NORMATIVA TÉCNICA XERAL

Será de aplicación a Normativa Técnica vixente en España na data da contratación das obras. En caso de non existir Norma Española aplicable, serán aplicables as normas estranxeiras (DIN, ASTM, etc.) que se indiquen nos Artigos deste Prego ou sexan designadas pola Dirección de Obra.

En particular, observaranse os Pregos, Normas e Instrucións que figuran, con carácter non limitativo, na seguinte relación, entendendo incluídas as adicións e modificacións que se produzan a partir da mencionada data:

2.1. PREGOS E INSTRUCIÓNS TÉCNICAS

- EHE-08 Instrución de Formigón Estrutural RD 1247/2008 do 18 de xullo
- Código Técnico da Edificación, aprobado por Real Decreto 314/2006 do 17 de marzo
- NCSE-02 Norma de construción sismorresistente: Parte xeral e edificación. Real Decreto do 27 de setembro de 2002.
- IAP-11 Instrución relativa ás accións a considerar no Proxecto de Pontes de Estrada.
- PG-3 Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estrada e pontes, (O.M. 6/2/1976) e as súas modificacións posteriores.
- PG-4 Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estrada e pontes, Orde Circular 8/01 sobre reciclado de firmes.
- Instrución 3.1-IC Trazado. Orde FOM/273/2016, do 19 de febreiro.
- Instrución 5.2-IC Drenaxe superficial de estradas. Orde FOM/298/2016, do 15 de febreiro.
- Instrución 6.1-IC Seccións de firmes. Orde FOM/3460/2003 de 28 de novembro.
- Instrución 6.3-IC Rehabilitación de firmes. Orde FOM/3459/2003 de 28 de novembro.
- Instrución 8.1-IC Sinalización vertical. Orde FOM/534/2014, de 20 de marzo.
- Instrución 8.2-IC Marcas viarias. O.M. 16/07/87
- Instrución 8.3-IC Sinalización de obra. O.M. 31/08/87
- Normas de ensaio NLT do Centro de Estudios e Experimentación de Obras Públicas.
- M.E.L.C. Métodos de Ensaio do Laboratorio Central de Ensaios de Materiais.
- Recomendacións para o control de calidade en obras de estradas, D.G.C. MOPU 1987.
- Orde Circular 1/2009 Sobre criterios de emprego de sistemas de protección de motociclistas.
- Orde Circular 28/2009 sobre criterios de aplicación de barreiras de seguridade metálicas.
- Orde Circular 1/2014. Accesos na Rede Autonómica de Estradas de Galicia

2.2. RECOMENDACIÓNS TÉCNICAS

- Recomendacións para o control de calidade en obras de estradas, D.G.C. MOPU 1987.
- Recomendación para a fabricación, transporte e montaxe de tubos de formigón en masa (THM/73, Instituto E.T. da Construción e do Cemento).
- Recomendacións sobre sistemas de contención de vehículos OC 321/95 T e P da D.G.C., e a súa modificación segundo a O.C. 6/2001 (Protección contra motoristas).
- Recomendación para a fabricación, transporte e montaxe de tubos de formigón en masa (THM/73, Instituto E.T. da Construción e do Cemento).

ARTIGO 3. PRELACIÓN ENTRE NORMATIVAS

As normas deste Prego de Prescricións Técnicas Particulares prevalecerán, se é o caso, sobre as da Normativa Técnica Xeral.

Se neste Prego de Prescricións Técnicas Particulares non figurase referencia a determinados artigos do Prego Xeral, se entenderá que se manteñen as prescricións da Normativa Técnica Xeral relacionada no Artigo I.2.2, incluídas as adicións e modificacións que se produciran ata a data de execución das obras.

ARTIGO 4. RELACIÓNS ENTRE OS DOCUMENTOS DO PROXECTO E A NORMATIVA

4.1. CONTRADICIÓNS ENTRE DOCUMENTOS DO PROXECTO

No caso de que aparezan contradicións entre os Documentos contractuais (Prego de Prescricións Técnicas Particulares, Planos e Cadros de prezos), a interpretación corresponderá ao Director de Obra, establecéndose o criterio xeral de que, salvo indicación en contrario, prevalece o establecido no Prego de Condicións.

Concretamente: Caso de darse contradición entre Memoria e Planos, prevalecerán estes sobre aquela. Entre Memoria e Orzamento, prevalecerá este sobre aquela. Caso de contradición entre o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e os Cadros de Prezos, prevalecerá aquel sobre estes.

Dentro do Presuposto, caso de haber contradición entre Cadro de Prezos e Presuposto, prevalecerá aquel sobre este. O Cadro de Prezos nº1 prevalecerá sobre o Cadro de Prezos nº2, e naquel prevalecerá o expresado en letra sobre o escrito en cifras.

O mencionado no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e omitido nos Planos, ou viceversa, haberá de ser executado coma se estivese exposto en ambos os dous documentos; sempre que, quede suficientemente definida a unidade de obra correspondente, e esta teña prezo no Contrato.

O Contratista estará obrigado a poñer canto antes en coñecemento do Enxeñeiro Director das obras calquera discrepancia que observe entre os distintos planos do Proxecto ou calquera outra circunstancia xurdida durante a execución dos traballos, que dese lugar a posibles modificacións do Proxecto.

4.2. CONTRADICIÓNS ENTRE O PROXECTO E A LEXISLACIÓN ADMINISTRATIVA XERAL

Neste caso prevalecerán as disposicións xerais (Leis, Regulamentos e R.D.).

4.3. CONTRADICIÓNS ENTRE O PROXECTO E A NORMATIVA TÉCNICA

Como criterio xeral, prevalecerá o establecido no proxecto, salvo que no prego se faga remisión expresa a un artigo preciso dunha norma concreta, en cuxo caso prevalecerá o establecido no devandito artigo.

TÍTULO II. CONDICIÓNS XERAIS E UNIDADES DE OBRA

CAPITULO 1. XERALIDADES

ARTIGO 5. NATUREZA DO PRESENTE PREGO

5.1. DEFINICIÓN

O presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares inclúe o conxunto de prescricións e especificacións que xunto ás recollidas no Artigo 1 do Capítulo único do Título I, e ao detallado no documento de Planos deste mesmo Proxecto, serán preceptivas na execución das obras a que o mesmo se refire.

Os documentos mencionados inclúen igualmente a descrición xeral, localización das obras, condicións esixidas aos materiais, requisitos para a execución, medición e abono das diversas unidades do Proxecto, e integran as directrices a seguir polo Contratista adxudicatario das obras.

5.2. APLICACIÓN

O presente Prego de Prescricións Técnicas particulares será de aplicación na construción, dirección, control e inspección das obras recollidas no presente proxecto.

ARTIGO 6. CONDICIÓNS XERAIS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

6.1. MATERIAIS

Non se establece unha concreta procedencia dos materiais a empregar nas obras do presente Proxecto, sendo de aplicación ao respecto a Cláusula 34 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado, aprobada por Decreto 3854/1.970, do 31 de Decembro.

Isto non libera ó Contratista da obriga de que os materiais cumpran as condicións esixidas, comprobándose estes mediante os ensaios correspondentes.

6.2. ENSAIOS

A calidade dos materiais e da execución da obra comprobarase mediante a realización dos ensaios ou serie de ensaios, a frecuencia dos cales se especifica nas "Recomendacións para o control de calidade en obras de estradas" da Dirección Xeneral de Estradas, na "Instrución de formigón estrutural EHE" e na NTE, así como en calquera outra normativa vixente. As frecuencias que especifican as citadas recomendacións enténdese que son mínimas, podendo o Enxeñeiro Director das Obras aumentalas se ao seu xuízo as circunstancias así requiríseno.

O Contratista das Obras estará obrigado ao abono dos gastos de ensaios ata o tope máximo do 1% do Presuposto Total de Execución por Contrata.

6.3. RESPONSABILIDADES VARIAS DO ADXUDICATARIO DAS OBRAS

O adxudicatario das obras protexerá todos os materiais e fitos de replanteo, así como a propia obra contra todo dano e deterioración durante o período de construción, debendo en particular satisfacer os regulamentos vixentes en relación co almacenamento de explosivos e carburantes.

Deberá conservar en perfecto estado de limpeza todos os espazos das obras, evacuando as verteduras que poidan producirse.

Construirá e conservará á súa costa todos os pasos e camiños provisionais e proverá os recursos necesarios para a seguridade das obras, facendo fronte á súa costa as obrigas derivadas do especificado no Artigo 106.3. do Prego de Prescricións Técnicas Xerais (PG-3/75).

O adxudicatario das obras manterá en todo momento o tráfico pola estrada, dispoñendo os elementos de sinalización e balizamento necesarios, tanto de día como de noite, para a seguridade viaria dos tramos en obras. Deberá así mesmo dispoñer as medidas axeitadas para a protección do tráfico peonil.

Verase tamén obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

Deberá constituír o órgano necesario con función específica de velar polo cumprimento das disposicións vixentes sobre Seguridade e Saúde no traballo e designará o persoal técnico de seguridade que asuma as obrigas correspondentes en cada centro de traballo.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico por el designado, non implicará responsabilidade civil nin penal ningunha para a Administración contratante nin para a Dirección da Obra.

ARTIGO 7. CADROS DE PREZOS

7.1. CONDICIÓNS XERAIS

Todos os prezos unitarios a que se refiren as normas de medición e abono contidas no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares, entenderase que inclúen sempre a subministración, manipulación e emprego de todos os materiais necesarios para a execución das unidades de obra correspondentes, a menos que especificamente exclúase algún no artigo correspondente.

Así mesmo, entenderase que todos os prezos unitarios comprenden os gastos da maquinaria, man de obra, elementos accesorios, transporte, ferramentas e todas cantas operacións directas ou incidentais sexan necesarias para que as unidades de obra queden rematadas conforme ao especificado neste Prego e nos Planos, e sexan aprobadas pola Administración.

Igualmente entenderanse incluídos os gastos ocasionados por:

- A ordenación do tráfico e sinalización das obras.
- A reparación dos danos inevitables causados polo tráfico.
- A conservación durante o prazo de garantía.

7.2. CADRO DE PREZOS Nº1

Os prezos indicados en letra no Cadro de Prezos nº1, coa rebaixa que resulte da licitación, son os que serven de base ao Contrato, e o Contratista non pode reclamar que se introduza modificación ningunha neles, baixo ningún pretexto de erro ou omisión.

7.3. CADRO DE PREZOS Nº2

Os prezos do Cadro de Prezos nº2, coa rebaixa que resulte da licitación, aplicaranse única e exclusivamente nos casos que sexa necesario aboar obras incompletas, cando por rescisión ou outra causa non cheguen a rematar os contratos, sen que poida pretenderse a valoración de cada unidade de obra fraccionada noutra forma que a establecida no devandito cadro.

Os posibles erros e omisións na descomposición que figura no Cadro de Prezos nº2, non poderán servir de base ao Contratista para reclamar modificación ningunha nos prezos sinalados en letra no Cadro de Prezos nº1.

CAPITULO 2. MATERIAIS BÁSICOS

ARTIGO 8. CEMENTOS

8.1. DEFINICIÓN

Defínense como cementos os conglomerantes hidráulicos que, finamente moídos e convenientemente amasados con auga, forman pastas que fraguan e endurecen a causa das reaccións de hidrólise e hidratación dos seus constituíntes, dando lugar a produtos hidratados mecanicamente resistentes e estables, tanto ao aire coma baixo auga.

8.2. CONDICIÓNS XERAIS

Estarase ao disposto no artigo 202.2 *Cementos* do PG-3.

8.3. DENOMINACIÓNS

Os tipos de cemento prescritos no presente proxecto son os seguintes:

TIPIFICACIÓN	UNIDADES DE OBRA
CEM II/B-V 32,5R	E0122 Morteiro de albanelería M-10
CEM II 42,5R	E0132 Formigón f_{ck}=15 MPa elaborado E0134 Formigón f_{ck}=20 MPa elaborado

Estarase ao disposto no artigo 202.3 *Cementos* do PG-3.

8.4. TRANSPORTE E ALMACENAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 202.4 *Cementos* do PG-3.

8.5. RECEPCIÓN E IDENTIFICACIÓN

Estarase ao disposto no artigo 202.5 *Cementos* do PG-3.

8.6. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 202.6 *Cementos* do PG-3.

8.7. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 202.7 *Cementos* do PG-3.

ARTIGO 9. BETUMES ASFÁLTICOS MELLORADOS CON CAUCHO

9.1. DEFINICIÓN

De acordo coa norma UNE EN 12597, defínense como betumes asfálticos os ligantes hidrocarbonados, practicamente non volátiles, obtidos a partir do cru de petróleo ou presentes nos asfaltos naturais, que son totalmente ou case totalmente solubles en tolueno, moi viscosos ou case sólidos a temperatura ambiente..

A *Orde Circular 21/2007 sobre o uso e especificacións que deben cumprir os ligantes e mesturas bituminosas que incorporen caucho procedente de pneumáticos fóra de uso* (NFU) define betume mellorado con caucho como aquel ao que se incorpora caucho procedente de NFU, ben mediante a fabricación en central ou na propia planta de fabricación de mestura bituminosa.

9.2. CONDICIÓNS XERAIS

Estarase ao disposto no artigo 211.2 *Betumes asfálticos* do PG-3.

9.3. DENOMINACIÓNS

O betume mellorado con caucho debe cumprir as condicións establecidas na seguinte táboa. A Orde Circular 21/2007 establece que os betumes mellorados con caucho terán a mesma consideración que un betume de penetración que cumpra o artigo 211, agás que se denominarán engadindo unha C á letra B actualmente utilizada para designar aos betumes asfálticos especificados no devandito artigo.

CARACTERÍSTICA		UNE-EN	UNIDADE	BC 35/50	BC 50/70
Penetración a 25ºC		1426	0,1 mm	35-50	50-70
Punto de rebrandecemento anel e bola		1427	°C	≥ 58	≥ 53
Resistencia ao envellecemento	Variación de masa	12607-1	%	≤ 1,0	
	Penetración retida	1426	% P.O.	≥ 65	≥ 60
	Incremento del punto de rebrandecemento	1427	°C	mín. -4 máx. +8	mín. -5 máx. +10
Punto de fraxilidade Fraass		12593	°C	≤ -5	≤ -8
Índice de penetración		12591 13924 Anexo A	---	De -1,5 a +0,7	De -1,5 a +0,7
Forza ductilidade (5 cm/min) 5°C		13589 13703	J/cm^2	≥ 53	
Recuperación elástica a 25°C		13398	%	≥ 10	
Estabilidade ao almacenamento	Diferenza anel e bola	13399	°C	≤ 10	
	Diferenza penetración		0,1 mm	≤ 8	≤ 10
Solubilidade		12592	%	≥ 92	
Punto de inflamación en vaso aberto		ISO 2592	°C	≥235	

Aos efectos de aplicación da Orde Circular 21/2007, na tecnoloxía de incorporación de caucho procedente de NFU nos ligantes ou mesturas bituminosas, débense ter en conta as seguintes definicións:

- **Po de caucho procedente de NFU**: para a súa aplicación en obras de pavimentación, é o que resulta de triturar pneumáticos fóra de uso ata tamaños inferiores a 1 mm e o contido da cal de partículas inferiores a 0,063 é inferior ao 15%. Estará composto fundamentalmente por caucho natural e sintético e non conterá materiais ferromagnéticos, téxtiles ou contaminantes en proporcións superiores ao 0,01%, 0,5% e 0,25%, respectivamente. O po de caucho subministrarase a granel ou en recipientes estancos. Cada partida acompañarase dun albará de entrega e dunha folla de características nos que quede perfectamente identificado o material (orixe e características técnicas).
- **Vía húmida**: procedemento que consiste na mestura a alta temperatura, de po de caucho procedente de NFU cun betume de penetración para obter un ligante modificado ou mellorado con caucho.

9.4. TRANSPORTE E ALMACENAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 211.4 *Betumes asfálticos* do PG-3.

9.5. RECEPCIÓN E IDENTIFICACIÓN

Estarase ao disposto no artigo 211.5 *Betumes asfálticos* do PG-3.

9.6. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 211.6 *Betumes asfálticos* do PG-3.

9.7. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

A Dirección das Obras indicará as medidas a adoptar no caso de que o betume asfáltico non cumpra algunha das especificacións establecidas nas táboas do artigo 211 *Betumes asfálticos* do PG-3.

9.8. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono farase ao prezo estipulado no Cadro de prezos nº 1, por toneladas (t) empregadas na fabricación da mestura segundo a fórmula de traballo aprobada pola Dirección da Obra.

ARTIGO 10. BETUMES MODIFICADOS CON POLÍMEROS

10.1. DEFINICIÓN

Defínense como betumes modificados con polímeros, de acordo coa norma UNE-EN 12597, os ligantes hidrocarbonados cuxas propiedades reolóxicas foron modificadas durante a súa fabricación, polo emprego dun ou máis polímeros orgánicos. A efectos de aplicación deste artigo as fibras orgánicas ou minerais non se consideran modificadores do betume.

Están incluídos, dentro deste artigo, os betumes modificados con polímeros fornecidos a granel e os que se fabriquen no lugar de emprego, en instalacións específicas independentes. Quedan excluídos desta definición, os produtos obtidos a partir de adicións incorporadas aos áridos ou no mesturador da planta de fabricación da unidade de obra da que formen parte.

10.2. CONDICIÓNS XERAIS

Estarase ao disposto no artigo 212.2 *Betumes modificados con polímeros* do PG-3.

10.3. DENOMINACIÓNS

A denominación dos betumes modificados con polímeros compoñerase das letras PMB seguidas de tres números; os dous primeiros representativos da súa penetración mínima e máxima, determinada de acordo coa norma UNE-EN 1426, separados por unha barra inclinada á dereita (/); e o terceiro número, precedido dun guión (-), representativo do valor mínimo do punto de rebrandecemento (norma UNE-EN 1427). Cando o polímero utilizado maioritariamente na fabricación do betume modificado sexa po de caucho procedente de pneumáticos fóra de uso, tras a denominación engadirase unha letra C maiúscula.

A efectos de aplicación deste artigo, prescríbese no presente proxecto o uso de betume modificado con polímeros PMB 45/80-60, segundo a denominación UNE-EN 14023, cuxa antiga denominación era BM-3b. De acordo coa súa denominación, as características do devandito betume modificado con polímeros deberán cumprir as especificacións da táboa seguinte (extractadas da táboa 212.2 do PG-3), conforme ao establecido no anexo nacional da norma UNE-EN 14023.

DENOMINACIÓN UNE-EN 14023				**PMB 45/80-60**
CARACTERÍSTICAS		**UNE-EN**	**UD.**	Ensaios no betume orixinal
Penetración a 25°C		1426	0,1 mm	45-80
Punto de rebrandecemento anel e bola		1427	°C	≥60
Cohesión. Forza-ductilidade		13589 13703	J/cm2	≥2 a 5ºC
Punto de fraxilidade Fraass		12593	°C	≤-12
Recuperación elástica a 25°C		13398	%	≥50
Estabilidade ao almacenamento*	Diferenza de pto. de rebrandecemento	13399 1427	°C	≤ 5
	Diferenza de penetración	13399 1426	0,1 mm	≤9
Punto de inflamación		ISO 2592	°C	≥235
Cambio de masa		12607-1	%	≤1,0
Penetración retida		1426	%	≥60
Incremento do punto de rebrandecemento		1427	°C	≤10
Diminución do punto de rebrandecemento		1427	°C	≤5

*Unicamente esixible a ligantes que non se fabriquen “in situ”

A viscosidade do betume modificado con polímeros será compatible coa temperatura de fabricación da unidade de obra correspondente. Para os betumes modificados con polímeros de punto de rebrandecemento mínimo igual ou superior a setenta graos Celsius (≥70°C), dita temperatura será inferior a cento noventa graos Celsius (<190°C), e inferior a cento oitenta graos Celsius (<180°C) para o resto dos especificados neste artigo.

10.4. TRANSPORTE E ALMACENAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 212.4 *Betumes modificados con polímeros* do PG-3.

10.5. RECEPCIÓN E IDENTIFICACIÓN

Estarase ao disposto no artigo 212.5 *Betumes modificados con polímeros* do PG-3.

10.6. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 212.6 *Betumes modificados con polímeros* do PG-3.

10.7. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

A Dirección das Obras indicará as medidas a adoptar no caso de que o betume modificado con polímeros non cumpra algunha das especificacións establecidas nas táboas do artigo 212.2 *Betumes modificados con polímeros* do PG-3, extractado anteriormente neste artigo.

10.8. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono farase ao prezo estipulado no Cadro de prezos nº 1, por toneladas (t) empregadas na fabricación da mestura segundo a fórmula de traballo aprobada pola Dirección da Obra.

ARTIGO 11. EMULSIÓNS BITUMINOSAS

11.1. DEFINICIÓN

Defínense como emulsións bituminosas as dispersións de pequenas partículas dun ligante hidrocarbonado e, eventualmente, un polímero nunha solución de auga e un axente emulsionante.

Para os efectos de aplicación deste Prego, considéranse para o seu emprego as emulsións bituminosas catiónicas, nas que as partículas do ligante hidrocarbonado teñen unha polaridade positiva.

11.2. CONDICIÓNS XERAIS

Estarase ao disposto no artigo 214.2 *Emulsións bituminosas* do PG-3.

11.3. DENOMINACIÓNS

A denominación das emulsións bituminosas catiónicas (modificadas ou non) seguirá o seguinte esquema, de acordo coa norma UNE-EN 13808:

C	% ligante	B	P	F	C. rotura	Aplicación

Onde:

- C: Indica que é unha emulsión bituminosa catiónica.
- % ligante: contido de ligante segundo a norma UNE EN 1428.
- B: indica que o ligante hidrocarbonado é un betume asfáltico.
- P: engadirase esta letra soamente no caso de que a emulsión incorpore polímeros.
- F: engadirase esta letra soamente no caso de que se incorpore un contido de fluidificante superior ao 2%.
- C. rotura: número dunha cifra (de 2 a 10) que indica a clase de comportamento a rotura, determinada segundo a norma UNE EN 13075-1.
- Aplicación: abreviatura do tipo de aplicación da emulsión:
    - ADH rego de adherencia
    - TER rego de adherencia (termoadherente)
    - CUR rego de curado
    - IMP rego de imprimación
    - MIC microaglomerado en frío
    - REC reciclado en frío

En xeral, estarase ao disposto no artigo 214.3 *Emulsións bituminosas* do PG-3.

11.4. TRANSPORTE E ALMACENAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 214.4 *Emulsións bituminosas* do PG-3.

11.5. RECEPCIÓN E IDENTIFICACIÓN

Estarase ao disposto no artigo 214.5 *Emulsións bituminosas* do PG-3.

11.6. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 214.6 *Emulsións bituminosas* do PG-3.

11.7. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

A Dirección das Obras indicará as medidas a adoptar no caso de que a emulsión bituminosa non cumpra algunha das especificacións establecidas nas táboas do artigo 214 *Emulsións bituminosas* do PG-3.

ARTIGO 12. AUGA A EMPREGAR EN MORTEIROS E FORMIGÓNS

12.1. DEFINICIÓN

Denomínase auga para empregar no amasado ou no curado de morteiros e formigóns, tanto á natural coma á depurada, sexa ou non potable, que cumpra os requisitos que se sinalan no apartado seguinte.

12.2. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU RECHAZO

Estarase ao disposto no artigo 280.3 *Auga a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

12.3. RECEPCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 280.4 *Auga a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

ARTIGO 13. ADITIVOS A EMPREGAR EN MORTEIROS E FORMIGÓNS

13.1. DEFINICIÓN

Denomínanse aditivos a empregar en morteiros e formigóns aqueles produtos que, incorporados ao morteiro ou formigón en pequena proporción [salvo casos especiais, unha cantidade igual ou menor do cinco por cento (5 por 100) do peso de cemento,], antes do amasado, durante este e/ou posteriormente no transcurso dun amasado suplementario, producen as modificacións desexadas das súas propiedades habituais, das súas características, ou do seu comportamento, en estado fresco e/ou endurecido.

13.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto no artigo 281.2 *Aditivos a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

13.3. EQUIPOS

Estarase ao disposto no artigo 281.3 *Aditivos a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

13.4. EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 281.4 *Aditivos a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

13.5. CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO

Estarase ao disposto no artigo 280.5 *Auga a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

13.6. ESPECIFICACIÓNS DA UNIDADE TERMINADA

As especificacións inherentes a cada unidade terminada serán as referidas no artigo 281.6 *Aditivos a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

13.7. RECEPCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 281.7 *Aditivos a empregar en morteiros e formigóns* do PG-3.

ARTIGO 14. ADICIÓNS A EMPREGAR EN FORMIGÓNS

14.1. DEFINICIÓN

Denomínanse adicións aqueles materiais inorgánicos puzolánicos ou con hidraulicidade latente que, finamente divididos, poden ser engadidos ao formigón co fin de mellorar algunha das súas propiedades ou conferirlle propiedades especiais.

Só poderán utilizarse como adicións o formigón, no momento da súa fabricación, o fume de sílice e as cinzas voantes, estando estas últimas prohibidas no caso do formigón pretensado.

14.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto no artigo 283.2 *Adicións a empregar en formigóns* do PG-3.

14.3. EQUIPOS

Estarase ao disposto no artigo 283.3 *Adicións a empregar en formigóns* do PG-3.

14.4. EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 283.4 *Adicións a empregar en formigóns* do PG-3.

14.5. CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO

Estarase ao disposto no artigo 283.5 *Adicións a empregar en formigóns* do PG-3.

14.6. ESPECIFICACIÓNS DA UNIDADE TERMINADA

As especificacións inherentes a cada unidade terminada serán as referidas no artigo 283.6 *Adicións a empregar en formigóns* do PG-3.

14.7. RECEPCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 283.7 *Adicións a empregar en formigóns* do PG-3.

ARTIGO 15. MADEIRA

15.1. CONDICIÓNS XERAIS

A madeira para esteamentos, apeos, cimbras, estadas, encofrados, demais medios auxiliares e carpintaría de armar, deberá cumprir as condicións seguintes:

- Proceder de madeiros sans apeados en sazón.
- Ser desecada ao aire, protexida do sol e da chuvia, durante non menos dous (2) anos.
- Non presentar signo ningún de putrefacción, atronaduras, couzas ou ataque de fungos.
- Estar exenta de gretas, quistes e espullas, manchas, ou calquera outro defecto que prexudique a súa solidez e resistencia. En particular, conterá o menor número posible de nós, os cales, en todo caso, terán un espesor inferior á sétima parte (1/7) da menor dimensión da peza.
- Ter as súas fibras rectas e non reviradas ou entrelazadas; e paralelas á maior dimensión da peza.
- Presentar aneis anuais de aproximada regularidade, sen excentricidade de corazón nin entrecorteza.
- Dar son claro por percusión.

15.2. FORMA E DIMENSIÓNS

A forma e dimensións da madeira serán, en cada caso, as adecuadas para garantir a súa resistencia e cubrir o posible risco de accidentes.

A madeira de construción escuadrada será madeira de serra, de arestas vivas e cheas.

ARTIGO 16. XEOTÉXTILES E PRODUTOS RELACIONADOS

16.1. DEFINICIÓNS

Defínese como xeotéxtil (GTX) ao material téxtil plano, permeable e polimérico (sintético ou natural), que se emprega en contacto con solos ou outros materiais en aplicacións xeotécnicas e de enxeñería civil, podendo ser tricotado, tecido ou non tecido, de acordo coa norma UNE-EN-ISO 10318.

Para os efectos deste artigo, enténdense como produtos relacionados cos xeotextiles (GTP), a aqueles que non se corresponden coa definición anterior, considerándose a utilización dos seguintes: *xeomalla* (GGR), *xeorred* (GNT), *xeomanta* (GMA), *xeocela* (GCE), *xeotira* (GST) e *xeoespazador* (GSP), definidos pola norma, UNE-EN-ISO 10318.

As principais funcións desempeñadas en obras de estrada polos xeotéxtiles e produtos relacionados, ou combinacións de ambos os dous, son as seguintes:

- Filtración (F), retendo as partículas de solo mais permitindo o paso de fluídos a través de elas.
- Separación (S), impedindo a mestura de solos ou materiais de recheo de características diferentes.
- Reforzo (R), mellorando as propiedades mecánicas dun solo ou doutro material de construción por medio das súas características tenso-deformacionais.
- Drenaxe (D), captando e conducindo a auga ou outros fluídos a través do material e no seu plano.
- Protección (P), prevendo ou limitando os danos a un elemento ou material determinado.
- Relaxación de tensións (STR), permitindo pequenos movementos diferenciais entre capas de firmes e retardar ou interromper a propagación de fisuras cara as capas superiores.

16.2. CONDICIÓNS XERAIS

Estarase ao disposto no artigo 290.2 *Xeotéxtiles e produtos relacionados* do PG-3.

16.3. TRANSPORTE E ALMACENAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 290.3 *Xeotéxtiles e produtos relacionados* do PG-3.

16.4. RECEPCIÓN E IDENTIFICACIÓN

Estarase ao disposto no artigo 290.4 *Xeotéxtiles e produtos relacionados* do PG-3.

16.5. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 290.5 *Xeotéxtiles e produtos relacionados* do PG-3

16.6. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO.

A Dirección das Obras indicará as medidas a adoptar no caso de que o betume asfáltico non cumpra algunha das especificacións establecidas no artigo 290 *Xeotéxtiles e produtos relacionados* do PG-3.

CAPITULO 3. UNIDADES DE OBRA

ARTIGO 17. CONDICIÓNS XERAIS

Todas as operacións, dispositivos e unidades de obra serán adecuadas na súa execución e características ao obxecto do Proxecto, e enténdese que serán dunha calidade adecuada, dentro da súa clase, polo que deberán garantirse unhas características idóneas de durabilidade, resistencia e rematado.

En consecuencia, aínda que non sexan obxecto de mención específica no presente Prego, todas as unidades de obra se executarán seguindo criterios construtivos esixentes, podendo requirir o Enxeñeiro Director cantas probas e ensaios de control estime pertinentes ao efecto.

Todas as especificacións relativas a definición, materiais, execución, medición e abono das diferentes unidades de obra virán reguladas polas da correspondente unidade do Prego de Prescricións Técnicas Xerais (PG-3/75 e actualizacións) en cantos aspectos non queden especificamente concretados no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

ARTIGO 18. TRANSPORTE ADICIONAL

Esta unidade non será obxecto de abono. O transporte considerarase incluído nos prezos dos materiais e unidades de obra, calquera que sexa o punto de procedencia dos materiais e a distancia do transporte.

ARTIGO 19. DEMOLICIÓNS E RETIRADAS

19.1. DEMOLICIÓN DE FIRME EXISTENTE

Defínese como demolición de firme existente, a operación de corte de pavimento e disgregación dos elementos constituíntes de devandito firme, incluíndo a extracción de entullos.

Todos os prezos correspondentes a demolicións comprenden a extracción de entullos.

No proxecto inclúese esta unidade co código E0216 “Demolición de firme ou pavimento existente”.

19.2. DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS E MUROS

Esta unidade comprende a demolición de edificacións, pozos e muros, así como a execución das operacións indicadas no Art. 301 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais.

No proxecto inclúese esta unidade co código E0220 “Demolición de fábrica de formigón de armado ou en masa”.

19.3. LEVANTAMENTO E RETIRADA DE POSTE OU BÁCULO

Esta unidade comprende as operacións necesarias para a retirada de postes ou báculos existentes afectados pola obra e o seu traslado a acopio ou lugar de emprego.

No proxecto inclúese esta unidade cos códigos:

- E0250 "Levantamento de sinal vertical"
- E0251 "Levantamento de báculos, columnas e semáforos"
- E0258 “Desmontaxe de valado de postes e arame”
- E0257 “Desmontaxe de cancela metálica”
- E0262 “Translado de soporte de contedores RSU”
- E0260 “Transplante de árbore”

19.4. LEVANTAMENTO E RETIRADA DE BANCO DE MADEIRA

Esta unidade comprende as operacións necesarias para a retirada de bancos de madeira existentes afectados pola obra e o seu traslado a acopio ou lugar de emprego.

No proxecto inclúese esta unidade co código E0263 “Traslado de banco”.

19.5. MEDICIÓN E ABONO

A demolición de obras de fábrica e edificacións medirase por metro cúbico (m^3) e a demolición do firme medirase polos metros cadrados (m^2) realmente demolidos e abonaranse aos prezos que para estas unidades figuran no Cadro de Prezos nº1.

O levantamento de poste ou báculo e de aramado de separación de fincas medirase por unidade (ud) e abonaranse aos prezos que para estas unidades figuran no Cadro de Prezos nº 1.

ARTIGO 20. FRESADO DO FIRME

20.1. DEFINICIÓN

Consiste na disgregación do firme existente, efectuada por medios mecánicos e a eventual retirada de materiais. Non se considerarán incluídos nesta unidade as operacións de demolición do firme existente e posterior retirada dos materiais que o constitúen.

No proxecto inclúese esta unidade co código E0211 “Fresado de firme por cm de profundidade”.

20.2. EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase, en todo caso, ao disposto na lexislación vixente en materia ambiental, de seguridade e saúde, e de almacenamento e transporte de produtos de construción.

Os equipos de maquinaria para o fresado deberán ser propostos polo Contratista e aprobados polo Director das Obras.

Os produtos removidos non aproveitables transportaranse a vertedoiro segundo o proxecto de Xestión de Residuos.

20.3. MEDICIÓN E ABONO

O fresado do firme medirase por cada metro cadrado (m^2) fresado nunha profundidade de un centímetro (cm) aos prezos estipulados no Cadro de Prezos nº 1.

ARTIGO 21. ESCAVACION EN GABIAS, POZOS E ALICERCES

21.1. DEFINICIÓN

Entenderase por escavación en gabias e pozos, as escavacións necesarias para realizar todas as obras de fábrica e estruturas, así como as precisas para a localización de conducións.

No proxecto inclúese esta unidade cos códigos:

- E0310 "Escavación en gabias, pozos e alicerces con medios mecánicos"
- E0320 "Escavación non clasificada"

21.2. CLASIFICACIÓN

A escavación considérase con carácter de "Escavación non clasificada".

21.3. EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 321 *Escavación en gabias e pozos* do PG3, agás indicación en contrario.

Durante a execución das obras utilizaranse os esteamentos e medios necesarios para garantir a seguridade do persoal e das obras.

A escavación en localizacións e alicerces realizarase despois de rematar a explanación nas zonas próximas.

Non obstante, o Enxeñeiro Director poderá autorizar a execución da escavación en localización e alicerces antes de rematar a escavación da explanación, cando o contratista o solicite por interese propio, sempre que a alteración da orde establecida non supoña un prexuízo para a obra; esta autorización non suporá modificación ningunha das condicións de abono, e ao realizar a medición non se considerará escavación en localización e alicerce a parte que debera ser realizada previamente como escavación na explanación.

21.4. MEDICIÓN E ABONO

A escavación en localización e alicerces medirase en metros cúbicos (m^3) deducidos a partir dos planos, máis os excesos inevitables autorizados, e abonarase aos prezos que figuran no Cadro de Prezos nº1.

Este prezo comprende o esteamento e esgotamento se é o caso, e será válido calquera que sexa a profundidade de cimentación; polo tanto, non se estudarán contraditoriamente novos prezos nin por aumento da profundidade de cimentación nin pola necesidade de esteamento ou esgotamento, calquera que sexa a importancia destes.

Non será obxecto de abono á parte a escavación necesaria para a localización de conducións, arquetas, pozos ou boquillas, unidades de obra nas que se considera a escavación como parte integrante da unidade, segundo a descrición do prezo que figura nos Cadros de Prezos nº1 e nº2.

ARTIGO 22. RECHEO LOCALIZADO

22.1. DEFINICIÓN

A unidade consisten na extensión e compactación de solos procedentes de escavacións ou préstamos para recheos de gabias, extradorso de obras de fábrica, balsas e pozos ou calquera outra zona as dimensións da cal non permitan a utilización dos mesmos equipos de maquinaria cos que leva a cabo a execución de terrapléns.

No proxecto inclúese esta unidade co código E0351 "Recheo e compactación con solo seleccionado".

22.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto no artigo 332 *Recheos localizados* do PG3.

22.3. EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 332 *Recheos localizados* do PG3.

22.4. MEDICIÓN E ABONO

Os recheos localizados que esixan unha calidade específica do material a utilizar, aboaranse por metros cúbicos (m^3) medidos sobre os planos, ao prezo que figura no Cadro de Prezos nº1.

Non serán obxecto de abono, por estar comprendido no prezo da unidade correspondente, aqueles recheos realizados co propio material escavado.

ARTIGO 23. TERRAPLÉNS E PEDRAPLENS

23.1. DEFINICIÓN

Esta unidade consiste na extensión e compactación, por tongadas, de materiais terrosos ou pétreos en zonas de tales dimensións que permitan de forma sistemática a utilización de maquinaria pesada con destino a crear unha plataforma sobre a que se asente o firme de estrada.

A súa execución comprende as operacións seguintes:

- Preparación da superficie de apoio do recheo tipo terraplén.
- Extensión dunha tongada.
- Humectación ou desecamento dunha tongada.
- Compactación dunha tongada.

As tres últimas operacións reiteraranse cantas veces sexa preciso.

No proxecto inclúese esta unidade co código E0324 "Terraplén de préstamo tolerable".

23.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto nos artigos 330 *Terrapléns* e 331 *Pedrapléns* do PG-3, agás indicación en contrario.

Na execución de terrapléns situados nas proximidades de obras de formigón non se poderán utilizar materiais que conteñan xesos, aínda que sexa en pequena cantidade.

O material a empregar en pedraplenar procederá das escavacións obtidas nos desmontes en rocha realizados ao longo da traza, será de tipo pétreo, san e resistente, e non quebrantará excesivamente durante as operacións de transporte e colocación, debendo soportar sen desintegrarse a acción do xeo e desxeo. Non

deberá conter minerais inestables que poidan producir a súa disgregación por acción mecánica ou química e a súa conseguinte destrución.

23.2.1. EXECUCIÓN

Estarase ao disposto nos artigos 330 *Terrapléns* e 331 *Pedrapléns* do PG-3.

En zonas de ensanche ou recrecidos de antigos recheos prepararanse estes mediante a execución de banquetas co fin de conseguir a súa unión co novo recheo. O ancho mínimo de cada unha das banquetas necesarias será dun (1,0) metro e en todo caso, axustarase á altura de tongada definida no apartado anterior. O ancho de cada tongada a compactar (banqueta +terraplén) será como mínimo de dous metros e medio (2,50) para permitir a utilización de maquinaria estándar de compactación.

O espesor de tongadas máis conveniente deberá determinarse de acordo coas características do material de terraplenado e dos tipos de compactadores a utilizar á vista dos resultados dos ensaios efectuados na obra. No caso de empregar compactadores estáticos, non se deberá superar un espesor de tongada de 30 cm., podéndose determinar en cada caso o espesor de tongada óptimo para o material, logo de compactación con tres espesores diferentes.

En calquera caso se utilizarán rolos de peso non inferior a 8 Tm, e a compactación efectuarase con número de pasadas que en ningún caso poderá ser inferior a catro.

No caso de empregar rolos vibrantes, o espesor de tongadas poderá alcanzar e superar os 40 cm de acordo coas características granulométricas do material empregado. Neste caso utilizaranse rolos vibrantes con peso non inferior a 12 Tm., cun mínimo de pasadas que en ningún caso poderá ser inferior a catro.

O sistema e maquinaria de compactación elixido polo Contratista deberán ser aprobadas polo Enxeñeiro Director.

Para o estendido do material de pedraplenar, evitarase a descarga directa dende a caixa abatible sobre os puntos en que se situará o mesmo. A descarga deberá efectuarse a unha distancia mínima de tres metros da zona de emprego, efectuándose con posterioridade o estendido ata a devandita zona.

A composición granulométrica será acorde coas prescricións establecidas no Prego Xeral PG-3, non podendo exceder o tamaño máximo de 60 cm, cunha marxe de tolerancia do 10% sen autorización expresa do Enxeñeiro Director. En ningún caso se deberá superar o tamaño límite de 90 cm.

O espesor de tongada deberá ser fixado en obra, mediante as oportunas probas de compactación.

A compactación das capas de pedraplén efectuarase mediante compactadores vibratorios de peso non inferior a 8 Tm., aplicando o número mínimo de 8 pasadas; ou ben compactadores vibratorios non inferiores a 12 Tm., traballando a frecuencia duns 1.200 ciclos por minuto, e a velocidade duns 4 km/h., permitíndose neste caso un mínimo de 4 pasadas. Para a mellor compactación procurarase un regado abundante.

23.3. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono dos terrapléns e pedrapléns efectuarase por diferenza entre os perfís tomados antes e despois dos traballos sen contabilizar os excesos inxustificados.

Nos prezos está incluída a extensión, humectación, compactación e refino de noiros, así como a preparación de asentos e o escalonamiento preciso. Cando fose necesario o emprego de produtos procedentes de préstamos, no prezo correspondente enténdese incluída a indemnización necesaria do préstamo previamente autorizado polo Enxeñeiro Director, así como a súa extracción, carga e transporte a lugar de emprego.

Tanto para o terraplén ou pedraplén de traza coma para o procedente de préstamos, o abono realizarase polos metros cúbicos realmente executados, aos prezos que para cada unidade figuran en Cadro de Prezos nº1.

ARTIGO 24. REFINO DE NOIROS

24.1. DEFINICIÓN

Consiste nas operacións necesarias para conseguir o acabado xeométrico dos noiros de desmonte e terraplén.

24.2. EXECUCIÓN DAS OBRAS

Executaranse con posterioridade á explanación e á construción de drens e obras de fábrica. Cando o Director de Obra o ordene, procederase á eliminación da superficie dos noiros de calquera material brando inadecuado ou inestable, enchendo os ocos resultantes con material axeitado.

Os noiros de explanación deberán quedar en toda a súa extensión en perfecto estado, ata a recepción definitiva da obra, nos seus aspectos funcional e estético.

24.3. MEDICIÓN E ABONO

O refino de noiros non será de abono posto que está incluído na correspondente unidade de escavación ou terraplenado.

ARTIGO 25. SABURRAS

25.1. DEFINICIÓN

Defínese como saburra o material granular, de granulometría continua, utilizado como capa de firme. Denomínase saburra artificial a constituído por partículas total ou parcialmente trituradas, na proporción mínima que se especifique en cada caso.

A execución das capas de firme con saburra inclúe as seguintes operacións:

- Estudio do material e obtención da fórmula de traballo.
- Preparación da superficie que vaia recibir a saburra.
- Preparación do material, se procede, e transporte ao lugar de emprego.
- Extensión, humectación, se procede, e compactación da saburra.

A saburra utilizada no presente proxecto é a ZA 0/20 incluída no orzamento co código E1502 “Saburra artificial”.

25.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto nos artigos 510 *Saburras* do PG-3, agás indicación en contrario, como por exemplo nas condicións de resistencia á fragmentación.

Independentemente do anterior, estarase en todo caso, ademais, ao disposto na lexislación vixente en materia ambiental, de seguridade e saúde e de almacenamento e transporte de produtos de construción.

25.2.1. INALTERABILIDADE DO MATERIAL

Realizaranse os ensaios convenientes para fixar os ensaios para determinar a inalterabilidade do material granular. De considerarse conveniente, para caracterizar os compoñentes que poidan ser lixiviar e que poidan significar un risco potencial para o medio ou para os elementos de construción situados nas súas proximidades empregarase a NLT-326.

25.2.2. RESISTENCIA Á FRAGMENTACIÓN

O coeficiente de Los Ángeles, segundo a UNE-EN 1097-2, dos áridos para a saburra artificial non deberá ser superior aos valores indicados na seguinte táboa.

CATEGORÍA TRÁFICO	
T00 a T2	**T3, T4 e beiravías**
30	35

25.2.3. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 510.9 *Saburras* do PG-3.

25.3. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DO LOTE

Estarase ao disposto no artigo 510.10 *Saburras* do PG-3.

25.4. MEDICIÓN E ABONO

Medirase en metros cúbicos (m^3) realmente executados de acordo cos planos, e abonarase ao prezo que figura no Cadro de Prezos nº1.

Os tramos de ensaio ordenados polo Enxeñeiro Director non serán obxecto de abono, sendo construídos e demolidos polo Contratista ao seu cargo. Se como resultado dos ensaios algún dos tramos fose aproveitable e non fixese falta a súa demolición, sería entón aboado ao contratista nas condicións establecidas no parágrafo primeiro deste apartado.

ARTIGO 26. REGAS DE IMPRIMACIÓN

26.1. DEFINICIÓN

Defínese como rego de imprimación a aplicación dun ligante hidrocarbonado sobre unha capa granular, previa á colocación sobre esta dunha capa ou dun tratamento bituminoso.

Inclúese no proxecto co código E1550 “Emulsión C50BF4 IMP”.

26.2. MATERIAIS

O tipo de ligante hidrocarbonado a empregar será emulsión catiónica para imprimación C50BF5 IMP coas condicións recollidas no artigo 213 *Emulsións bituminosas*, do PG-3, salvo que logo de xustificación en contrario, o Enxeñeiro Director acepte algún outro de entre os indicados a continuación:

En xeral, estarase ao disposto no artigo 530.2 *Regas de imprimación* do PG-3.

26.3. DOTACIÓN DOS MATERIAIS

A dotación do ligante quedará definida pola cantidade que sexa capaz de absorber a capa que se imprima nun período de vinte e catro horas (24 h). No presente proxecto, contémplase a utilización de regas de imprimación cunha dotación de 1500 g/m^2, que garante 600 g/m^2 de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

En calquera circunstancia, o Director das Obras fixará as dotacións, á vista das probas realizadas en obra.

26.4. EQUIPO NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 530.4 *Regas de imprimación* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

26.5. EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 530.5 *Regas de imprimación* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

26.6. LIMITACIÓNS DA EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 530.6 *Regas de imprimación* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

26.7. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 530.7 *Regas de imprimación* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

26.8. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 530.8 *Regas de imprimación* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

26.9. MEDICIÓN E ABONO

O ligante hidrocarbonado empregado en regas de imprimación abonarase por toneladas (t) realmente empregadas e pesadas nunha báscula contrastada ao prezo que para esta unidade figura no Cadro de prezos Nº 1. O abono incluirá o da preparación da superficie existente e o da aplicación do ligante hidrocarbonado.

ARTIGO 27. REGAS DE ADHERENCIA

27.1. DEFINICIÓN

Defínese como rego de adherencia a aplicación dunha emulsión bituminosa sobre unha capa tratada con ligantes hidrocarbonados ou conglomerantes hidráulicos, previa á colocación sobre esta de calquera tipo de capa bituminosa que non sexa un tratamento superficial con grava, ou unha leitada bituminosa.

Inclúese no proxecto co código E1553 “Emulsión C60BP3 TER”.

27.2. MATERIAIS

O tipo de ligante hidrocarbonado a empregar será emulsión C60BP3 TER coas condicións recollidas no artigo 213 *Emulsións bituminosas*, do PG-3.

En xeral, estarase ao disposto no artigo 531.2 *Regas de adherencia* do PG-3.

27.3. DOTACIÓN DOS MATERIAIS

A dotación do ligante será de 500 g/m^2, que garante 285 g/m^2 de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

En calquera circunstancia, o Director das Obras fixará as dotacións, á vista das probas realizadas en obra.

27.4. EQUIPO NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 531.4 *Regas de adherencia* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

27.5. EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 531.5 *Regas de adherencia* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

27.6. LIMITACIÓNS DA EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 531.6 *Regas de adherencia* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

27.7. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 531.7 *Regas de adherencia* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

27.8. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 531.8 *Regas de adherencia* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección das Obras.

27.9. MEDICIÓN E ABONO

A emulsión bituminosa empregada en regos de adherencia medirase por toneladas (t) realmente empregadas e pesadas nunha báscula contrastada, ou ben por superficie regada multiplicada pola dotación media do lote. O abono, que incluirá o da preparación da superficie existente e o da aplicación da emulsión realizarase por aplicación dos prezos que ao respecto figuren no Cadro de Prezos nº1

ARTIGO 28. MESTURAS BITUMINOSAS TIPO FORMIGÓN BITUMINOSO

28.1. DEFINICIÓN

Defínense como mestura bituminosa tipo formigón bituminoso a combinación dun ligante hidrocarbonado, áridos, po mineral e, eventualmente, aditivos, de maneira que todas as partículas do árido queden recubertas por unha película homoxénea de ligante. O seu proceso de fabricación obriga a quentar o ligante e os áridos (agás, eventualmente, o po mineral de achega) e a súa posta en obra debe realizarse a unha temperatura moi superior a ambiente.

En función da temperatura necesaria para a súa fabricación e posta en obra as mesturas bituminosas tipo formigón bituminoso clasifícanse en quentes e semiquentes. Nestas últimas, o emprego de betumes especiais, aditivos ou outros procedementos, permite diminuír a temperatura mínima de mesturado en polo menos corenta graos celsius (40º C) respecto á mestura equivalente, podendo empregarse nas mesmas condicións e capas que aquelas nas categorías de tráfico pesado T1 a T4.

Cando o valor do módulo dinámico a vinte graos celsius (20º C) da mestura bituminosa (Anexo C da norma UNE-EN 12697-26), sobre probetas preparadas de acordo coa norma UNE-EN 12697-30 con setenta e cinco (75) golpes por cara, é superior a once mil megapascais (>11 000 MPa), defínese como de alto módulo, podendo empregarse en capas intermedias ou de base para categorías de tráfico pesado T00 a T2, con espesores comprendidos entre seis e trece centímetros (6 a 13 cm).

As mesturas de alto módulo deberán cumprir, agás no caso de que se mencionen expresamente outras, as especificacións que se establecen neste artigo para as mesturas semidensas, non podendo en ningún caso empregar na súa fabricación materiais procedentes do fresado de mesturas bituminosas en quente en proporción superior ao quince por cento (15%) da masa total da mestura.

A súa execución inclúe as seguintes operacións:

- Estudo da mestura e obtención da fórmula de traballo.
- Fabricación da mestura de acordo coa fórmula de traballo verificada.
- Transporte ao lugar de emprego.
- Preparación da superficie que recibirá a mestura
- Extensión e compactación da mestura.

No proxecto inclúense estas unidades cos códigos:

- E1523 “Mestura bituminosa AC-22 semidensa (S)”
- E1529 “Mestura bituminosa AC-32 grosa (G)”
- E1522 “Mestura bituminosa AC-16 semidensa (S) ”

28.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto no artigo 542.2 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.2.1. LIGANTES HIDROCARBONADOS

O ligante hidrocarbonado a empregar será betume asfáltico mellorado con caucho do tipo BC 50/70, coas condicións establecidas no artigo 211 *Betumes asfálticos* do PG-3 e no presente Prego.

28.2.2. ÁRIDOS

Os áridos empregados deberán ser de moi boa calidade. O coeficiente de pulimento acelerado do árido groso (CPA) será superior en todo caso a 50.

O árido fino deberá proceder da trituración de pedra de canteira ou grava natural na súa totalidade, ou en parte de depósitos naturais. Non se autoriza o emprego de area natural, non triturada.

28.3. TIPO E COMPOSICIÓN DA MESTURA

A designación das mesturas bituminosas tipo formigón bituminoso farase segundo a nomenclatura establecida na UNE-EN 13108-1.

Esta designación complementarase con información sobre o tipo de granulometría que corresponda á mestura: densa, semidensa ou grosa, co fin de poder diferenciar mesturas co mesmo tamaño máximo de árido pero con fusos granulométricos diferentes. Para iso, á designación establecida na UNE-EN 13108-1, engadirase a letra D, S ou G despois da indicación do tamaño máximo de árido, segundo se trate dunha mestura densa, semidensa ou grosa, respectivamente.

A designación das mesturas bituminosas seguirá polo tanto o esquema seguinte:

AC	D	surf/bin/base	ligante	granulometría

Onde:

- *AC*; indica que a mestura é de tipo formigón bituminoso.
- *D*: é o tamaño máximo do árido, expresado como a abertura do baruto que deixa pasar entre un noventa e un cen por cento (90% e 100%) do total do árido.
- *surf/bin/base*: indicarase con estas abreviaturas se a mestura se vai empregar en capa de rodadura, intermedia ou basee, respectivamente.
- *ligante* débese incluír a designación do tipo de ligante hidrocarbonado utilizado.
- *granulometría* indicarase coa letra D, S ou G se o tipo de granulometría corresponde a unha mestura densa (D), semidensa (S) ou grosa (G) respectivamente. No caso de mesturas de alto módulo engadiranse ademais as letras MAM.

Os tipos de mestura bituminosa de tipo formigón bituminoso utilizados no presente proxecto, e as súas características, son as seguintes:

TIPO	CAPA	DENS. (t/m^3)	DOTACIÓN MÍNIMA BETUME (% sobre total)	RELACIÓN PONDERAL FILLER/BETUME
AC-16 surf BC 50/70 S	Rodadura	2,45	4,80	1,10
AC-22 bin BC 50/70 S	Intermedia	2,45	4,50	1,00
AC-32 base BC 50/70 S	Base	2,45	3,90	0,90

En xeral, estarase ao disposto no artigo 542.3 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso* do PG-3.

28.4. EQUIPO NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 542.4 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.5. EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 542.5 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.6. TREITO DE PROBA

Estarase ao disposto nos artigo 542.6 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.7. ESPECIFICACIÓNS DA UNIDADE REMATADA

A superficie da capa deberá presentar unha textura homoxénea, uniforme e exenta de segregacións.

Unicamente para os efectos de recepción de capas de rodadura, a macrotextura superficial, obtida mediante o método do círculo de area segundo a UNE-EN 13036-1, e a resistencia ao deslizamento, segundo a NLT-336, non deberán ser inferiores aos valores seguintes:

CARACTERÍSTICA	TIPO S	TIPO F
Profundidade mínima mancha de area (NLT-335)	0,70 mm	1,1 mm
Coeficiente de rozamento transversal (CRT)	≥ 65 %	

En xeral, estarase ao disposto no artigo 542.7 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.8. LIMITACIÓNS DA EXECUCIÓN

Estarase ao disposto nos artigo 542.8 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.9. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 542.9 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.10. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 542.9 *Mesturas bituminosas do tipo formigón bituminoso*, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

28.11. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono farase ao prezo estipulado no Cadro de prezos nº 1, por toneladas (t) de mestura empregadas, deducidas do espesor teórico reflectido en planos para cada capa empregada e da densidade media das probetas extraídas en obra, incluíndo, áridos, filler, fabricación, extensión e compactación.

ARTIGO 29. MESTURAS BITUMINOSAS PARA CAPAS DE RODADURA

29.1. DEFINICIÓN

Defínense como mesturas bituminosas para capa de rodadura aqueles resultantes da combinación dun betume asfáltico, áridos en granulometría continua con baixas proporcións de árido fino ou con descontinuidade granulométrica nalgúns barutos, po mineral e, eventualmente, aditivos, de maneira que todas as partículas do árido queden recubertas por unha película homoxénea de ligante, cuxo proceso de fabricación e posta en obra debe realizarse a unha temperatura moi superior á do ambiente.

Defínense como mesturas bituminosas para capa de rodadura aqueles resultantes dá combinación dun betume asfáltico, áridos -en granulometría continua con baixas proporcións de árido fino ou con descontinuidade granulométrica nalgúns barutos-, po mineral e, eventualmente, aditivos, de maneira que todas ás partículas do árido queden recubertas por unha película homoxénea de ligante, cuxo proceso de fabricación e posta en obra debe realizarse a unha temperatura moi superior á do ambiente.

En función da súa granulometría as mesturas bituminosas para capa de rodadura clasifícanse, á súa vez, en drenantes e descontinuas.

As mesturas bituminosas drenantes son aquelas que, pola súa baixa proporción de árido fino, presentan un contido moi alto de ocos interconectados que lle proporcionan as súas características drenantes, podendo empregarse en capas de rodadura de catro a cinco centímetros (4 a 5 cm) de espesor.

As mesturas bituminosas descontinuas son aquelas cuxos áridos presentan unha descontinuidade granulométrica moi acentuada nos tamaños inferiores do árido groso, que se utilizan para capas de rodadura en espesores reducidos de dous a tres centímetros (2 a 3 cm), e cuxo tamaño máximo do árido non supera os once milímetros (11 mm).

A execución de calquera dos tipos de mestura bituminosa definidas anteriormente inclúe as seguintes operacións:

- Estudo da mestura e obtención da fórmula de traballo.
- Fabricación da mestura de acordo coa fórmula de traballo verificada.
- Transporte ao lugar de emprego.
- Preparación da superficie que recibirá a mestura
- Extensión e compactación da mestura.

Inclúese no proxecto co código E1533 “Mestura bituminosa BBTM 11A”.

29.2. MATERIAIS

Estarase ao disposto no artigo 543.2 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.2.1. LIGANTES HIDROCARBONADOS

O ligante hidrocarbonado a empregar será betume modificado pola adición de polímeros tipo PMB 45/80 - 60, coas condicións establecidas no artigo 212 *Betumes modificados con polímeros* do PG-3 e no presente Prego.

29.2.2. ÁRIDOS

Os áridos empregados deberán ser de moi boa calidade. O coeficiente de pulimento acelerado do árido groso (CPA) será superior en todo caso a 50.

O árido fino deberá proceder da trituración de pedra de canteira ou grava natural na súa totalidade, ou en parte de depósitos naturais. Non se autoriza o emprego de area natural, non triturada.

29.3. TIPO E COMPOSICIÓN DA MESTURA

A designación das mesturas bituminosas descontinuas farase segundo a nomenclatura establecida na UNE-EN 13108-2, seguindo o seguinte esquema:

BBTM	D	Clase	ligante

Onde:

- BBTM: indica que a mestura bituminosa é de tipo descontinuo.
- D: é o tamaño máximo do árido, expresado como a abertura do baruto que deixa pasar entre un noventa e un cen por cento (90% e 100%) do total do árido.
- Clase: indica se a clase é A, B, C ou D.
- Ligante: débese incluír a designación do tipo de ligante hidrocarbonado utilizado.

Os tipos de mestura bituminosa descontinua utilizados no presente proxecto, e as súas características, son as seguintes:

TIPO	CAPA	DENSIDADE (t/m^3)	DOTACIÓN MÍNIMA BETUME (% sobre total)	RELACIÓN PONDERAL FILLER/BETUME
BBTM 11A PMB 45/80-60	Rodadura	2,45	5,20	1,40

En xeral, estarase ao disposto no artigo 543.3 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3.

29.4. EQUIPO NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 543.4 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.5. EXECUCIÓN DAS OBRAS

Estarase ao disposto no artigo 543.5 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.6. TREITO DE PROBA

Estarase ao disposto no artigo 543.6 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.7. ESPECIFICACIÓNS DA UNIDADE REMATADA

A superficie da capa deberá presentar unha textura homoxénea, uniforme e exenta de segregacións.

Unicamente para os efectos de recepción de capas de rodadura, a macrotextura superficial, obtida mediante o método do círculo de area segundo a UNE-EN 13036-1, e a resistencia ao deslizamento, segundo a NLT-336, non deberán ser inferiores aos valores seguintes:

CARACTERÍSTICA	TIPO S	TIPO F
Profundidade mínima mancha de area (NLT-335)	0,70 mm	1,1 mm
Coeficiente de rozamento transversal (CRT)	≥ 65 %	

En xeral, estarase ao disposto nos artigos 543.7 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.8. LIMITACIÓNS DA EXECUCIÓN

Estarase ao disposto no artigo 543.8 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.9. CONTROL DE CALIDADE

Estarase ao disposto no artigo 543.9 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.10. CRITERIOS DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO

Estarase ao disposto no artigo 543.10 *Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas* do PG-3, agás indicación en contrario pola Dirección de Obra.

29.11. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono farase ao prezo estipulado no Cadro de prezos nº 1, por toneladas (t) de mestura empregadas, deducidas do espesor teórico reflectido en planos para cada capa empregada e da densidade media das probetas extraídas en obra, incluíndo, áridos, filler, fabricación, extensión e compactación.

ARTIGO 30. PAVIMENTOS

30.1. PAVIMENTO DE LASTRO DE PREFABRICADO

O pavimento de lastro vai asentado sobre unha capa de 5 cm de formigón e está formado por lastro de granito de 10x10 cm.

Inclúese no proxecto esta unidade co código E2506 “Pavimento de lastro prefabricado e=8cm”.

30.2. BEIRRARRÚA DE LOUSETA HIDRÁULICA

As beirrarrúas que se proxectan consistirán nunha louseta hidráulica sobre unha base de formigón HNE-20.

Inclúese no proxecto esta unidade co código E2503 “Beirarrúa de louseta hidráulica sobre base de formigón HNE-20”.

30.3. MEDICIÓN E ABONO

Para cada tipo de pavimento, a súa medición realizarase por superficie realmente pavimentada (m2) en proxección horizontal a excepción do pavimento de formigón que se medirá por metro cúbico (m3) realmente executado. Abonarase ao prezo que figura para cada tipo no cadro de Prezos nº 1, e inclúe o material básico constituínte do pavimento, así como o morteiro de asento e a lousa de formigón, os encofrados, a leitada nas xuntas e demais elementos necesarios para executar completamente o pavimento.

ARTIGO 31. BORDOS

31.1. DEFINICIÓN

O bordo prefabricado de formigón é un elemento de forma prismática, macizo, e cunha sección transversal condicionada polas superficies exteriores de distinta natureza ás que delimita, ben sexa calzadas, beirarrúas, illotes, paseos e outras zonas.

Poden estar constituídos na súa integridade por un só tipo de formigón en masa ou estar compostos por un núcleo de formigón en masa e unha capa de morteiro de rematado nas súas caras vistas.

No proxecto inclúense estas unidades cos códigos:

- E2617 “Bordo prefabricado bicapa tipo C7”
- E2619 “Bordo prefabricado bicapa tipo C9”
- E2622 “Rígola prefabricada bicapa tipo R2”
- E2615 “Bordo prefabricado bicapa tipo C5”

31.2. NORMATIVA TECNICA

Os formigóns e as súas compoñentes elementais cumprirán as condicións da vixente "Instrución de Formigón Estrutural".

Os bordos e rígolas de formigón cumprirán as condicións esixidas na Norma UNE 127025.

Outras normas para consulta serán as relativas a cementos UNE 80301, UNE 80303 e UNE 80305, a Norma NTE, a Instrución 5.2 IC de Drenaxe superficial, as Recomendacións sobre glorietas do Ministerio de Fomento, o PG-3.

31.3. CONDICIÓNS XERAIS

As características de composición, rematado, aspecto, xeométricas, físicas e mecánicas dos bordos e rígolas prefabricados de formigón cumprirán o especificado na Norma UNE 127025.

As dimensións axustaranse ás da táboa:

	Altura		Anchura				
	h±0,5	h_1±0,5	b±0,3	b_1±0,3	Lonxitude L±0,5	d_a±0,5	d_0±0,5
C2 30 X 22	30	16	22	19	100	14	3
C3 28 X 17	28	14	17	14	100	14	3
C5 25 X 15	25	11	15	12	100	14	3
C6 25 X 12	25	11	12	9	100	14	3
C7 22 X 20	22	12	20	4	100	10	16
C9 13 X 25	13	7	25	6	100 ó 50	6	19
R2 14 X 25	14	11	25	-	100 ó 50	3	25
R4 13 X 30	13	10	30	-	100 ó 50	3	13,5

Os ensaios poderán realizarse a calquera idade, reflectindo esta o seu resultado, pero deberase ter en conta para flexión, a data a partir da cal o fabricante garante esta resistencia.

Valores medios da resistencia a flexión segundo a súa clase resistente

Clase	Valor medio T (MPa)	Valor individual Tn (MPa)
R3,5	3,5	2,8
R5	5,0	4,0
R6	6,0	4,8

Para as seccións normalizadas, os valores da táboa cumpriranse se a carga de rotura (valor medio e individual), determinada segundo a norma UNE 127025, é igual ou superior aos valores da táboa seguinte.

Carga de rotura (KN).Valores referidos a lonxitude normalizada de 1 m

	Clase R3,5		Clase R5		Clase R6	
	Valor medio	Valor individual	Valor medio	Valor individual	Valor medio	Valor individual
C2 30 X 22	40,05	32,04	57,21	45,77	68,66	54,93
C3 28 X 17	21,94	17,55	31,34	25,07	37,61	30,09
C5 25 X 15	14,96	11,97	21,38	17,10	25,65	20,52
C6 25 X 12	9,39	7,51	13,42	10,74	16,10	12,88
C7 22 X 20	22,28	17,82	31,82	25,46	38,19	30,55
C9 13 X 25	20,59	16,47	29,41	23,53	35,29	28,23

31.4. MATERIAIS

Os materiais empregados na fabricación dos bordos e rígolas prefabricados de formigón cumprirán coa Norma UNE 127025 sen prexuízo do establecido na "Instrución de Formigón Estrutural" e a "Instrución para a recepción de cementos".

31.4.1. CARACTERISTICAS

31.4.1.1. Composición

A composición debe cumprir o especificado na Norma UNE 127025.

Gravado e rematado da cara vista

O gravado e rematado da cara vista debe cumprir o especificado na Norma UNE 127025.

31.4.1.2. Aspecto

O aspecto dos bordos e rígolas debe cumprir o especificado na Norma UNE 127025.

31.4.2. SUBMINISTRACIÓN E MARCADO

31.4.2.1. Subministración

Os bordos e rígolas prefabricados de formigón subministraranse en obra sen que sufriran danos e non antes dos sete (7) días da súa data de fabricación, se ben se deberá ter en conta a data marcada nos bordos a partir da cal garante o fabricante a súa resistencia.

31.4.2.2. Marcado

Os bordos e rígolas prefabricados de formigón marcaranse segundo os establecido na Norma UNE 127025 incluíndo o logotipo ou iniciais do fabricante, uso e sección normalizada, clase resistente, data de fabricación e prazo a partir da data de fabricación no que o fabricante garante a resistencia a flexión.

31.4.3. CONTROL E RECEPCIÓN

Cando os bordos e rígolas subministrados estean amparados por un selo ou marca de calidade oficialmente recoñecida pola administración, a dirección de obra poderá simplificar o proceso de control de recepción, ata chegar a reducir o mesmo á observación das características de aspecto, e á comprobación de marcado.

A comprobación de aspecto realizarase da forma especificada na Norma UNE 127025.

Cando as pezas subministradas non estean amparadas por selo ou marca de calidade oficialmente homologada pola administración, serán obrigatorias as probas de recepción indicadas a continuación, salvo instrución expresa da dirección de obra:

- Comprobación do marcado
- Comprobación de aspecto e rematado
- Características xeométricas
- Absorción de auga
- Resistencia a flexión

A comprobación destas características debe cumprir co especificado na Norma UNE 127025, así como as súas condicións de aceptación ou rexeitamento.

En caso de aceptación dunha subministración, queda condicionada a aceptación de cada un dos lotes que a continuación se vaian recibindo en obra, ao resultados dos ensaios de control. O plan de control establecerase determinando tantas tomas de mostras como número de lotes se obtiveran. Os ensaios de control realizaranse con mostras ao chou sobre as subministracións e as súas probas han de cumprir tamén co especificado na Norma UNE 127025.

Se os resultados obtidos cumpren as prescricións esixidas para cada unha das características, aceptarase o lote e de non ser así, o director de obra decidirá o seu rexeitamento ou depreciación á vista dos resultados dos ensaios realizados.

O custo dos ensaios e mostras será asumido por quen o solicite. En caso de que os resultados finais sexan desfavorables, estes serán por conta do fabricante.

31.5. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono deste material realizarase por metros lineais, realmente colocados, medidos sobre o terreo, salvo acordo diferente segundo o establecido para a unidade de obra en que forme parte.

O prezo entenderase que inclúe o formigón da base, a parte proporcional das pezas de transición e todos os materiais as operacións necesarias para deixar a unidade de obra totalmente acabada, sempre que os cadros de prezos non indiquen outra cousa.

ARTIGO 32. ARQUETAS, POZOS, BOQUILLAS E SUMIDOIROS

32.1. DEFINICIÓN

A definición xeométrica de cada un destes elementos figura nos correspondentes planos de detalle, debendo dar o Director das obras a súa aprobación para a modificación de dimensións ou forma naqueles casos que presenten singularidades especiais.

As arquetas distínguense en tres tipos, aquelas que teñen mais de 2,5 metros, as que teñen menos de 2,5 metros de altura e as arquetas para servizos urbanos.

Os pozos de rexistro son de altura inferior a 2,5 metros.

Inclúense no proxecto cos códigos:

- E1006 “Sumidoiro con reixa recuperada”
- E1032 “Recrecido de arqueta, pozo ou sumidoiro”

32.2. MATERIAIS

Realizaranse en formigón armado ou en masa, en función das súas dimensións e segundo se reflicte nos planos correspondentes. As tapas e cercos dos pozos de rexistro serán de fundición e deberán quedar perfectamente enrasar coa cara superior do pavimento ou beirarrúa.

As dimensións interiores da arqueta e a disposición e diámetro do tubo de desaugadoiro serán tales que aseguren sempre un correcto funcionamento, sen que se produzan atoamentos, habida conta das malezas e residuos que pode arrastrar a auga. En todo caso, deberán ser doadamente limpiables.

Os sumidoiros situados na plataforma non deberán perturbar a circulación sobre ela, dispoñéndose no posible ao bordo a mesma e con superficies regulares, asegurando sempre que a auga drene axeitadamente.

As arquetas executaranse en formigón. As reixas serán de fundición e os tubos que as conectan cos pozos de rexistro serán de PVC de 150 mm de diámetro.

As boquillas para os cruces serán de formigón HM-20 e terán un diámetro de 600 mm.

32.3. EXECUCIÓN

As obras realizaranse de acordo co especificado no Proxecto e co que sobre o particular ordene o Director das Obras. Cumprindo sempre coas condicións sinaladas nos artigos correspondentes deste Prego para a posta en obra dos materiais previstos.

As tolerancias nas dimensións do corpo dos elementos non serán superiores a dez milímetros (10 mm) respecto ao especificado nos planos de Proxecto.

No caso de que o Director das Obras o considere necesario efectuarase unha proba de estanquidade.

Estarase, en todo caso, ao disposto na lexislación vixente en materia ambiental, de seguridade e saúde, e de almacenamento e transporte de produtos de construción.

32.4. MEDICIÓN E ABONO

Cada un destes elementos, abonaranse polo número e tipo de unidades realmente executadas, de acordo cos planos e ordes do Director das obras, aplicando a estas unidades os prezos correspondentes que figuran no Cadro de Prezos nº1.

Inclúense nestes prezos todos os materiais e operacións necesarias ata a total terminación das unidades de obra, incluída as escavacións, esgotamentos, recheos, encofrados e todo o resto de operacións e materiais necesarios.

ARTIGO 33. CONDUCIÓNS

33.1. TUBOS DE PVC

O policloruro de vinilo utilizado na fabricación de tubos de P.V.C. terá as seguintes características:

- Peso específico dun con trinta e sete a un con corenta e dous quilogramos por decímetro cúbico (1,37 -1,42 kg/dm^3). (UNE 52020).
- Coeficiente de dilatación lineal de sesenta a oitenta (60-80) millonésimas por grao centígrado (º C).
- Temperatura de abrandamento non menor de oitenta graos centígrados (80º C), sendo a carga de ensaio dun (1) quilogramo (UNE 53118).
- Módulo de elasticidade a vinte graos centígrados (20º C) igual ou superior a vinte e oito mil quilogramos por centímetro cadrado (28.000 kg/cm^2).
- Valor mínimo da tensión do material a tracción cincocentos quilogramos por centímetro cadrado (500 kg/cm^2), realizando o ensaio a vinte graos centígrados (20º C) e cunha velocidade de separación de mordazas de seis milímetros por minuto (6 mm/min) con probeta mecanizada. O alongamento á rotura será como mínimo o oitenta por cento (80%) (UNE 53.112).
- Absorción máxima de auga catro miligramos por centímetro cadrado (4 mg/cm^2) (UNE 53112).

- Opacidade tal que non pase máis de dúas décimas por cento (0,2%) da luz incidente (UNE 53.039).

O material empregado na fabricación de tubos de P.V.C. obterase do policloruro de vinilo tecnicamente puro, é dicir, aquel que non conteña plastificantes, nin unha proporción superior ao un por cento (1%) de ingredientes necesarios para a súa propia fabricación. O produto final, en tubo, estará constituído por policloruro de vinilo tecnicamente puro nunha proporción mínima do noventa e seis por cento (96%).

Os tubos fabricaranse en instalacións especialmente preparadas con todos os dispositivos necesarios para obter unha produción sistematizada e cun laboratorio mínimo necesario para comprobar por mostraxe as condicións que se lle esixen ao material.

O material dos tubos estará exento de gretas, granulacións, burbullas ou falta de homoxeneidade de calquera tipo. As paredes serán suficientemente opacas para impedir o crecemento de algas ou bacterias, cando os tubos queden expostos á luz solar.

Inclúese no proxecto esta unidade co código E2004 “Tubo PVC corrugado dobre parede Ø=315mm”.

33.2. EXECUCIÓN

Nas operacións de carga, transporte e descarga dos tubos evitaranse os choques, sempre prexudiciais, depositaranse sen brusquidades no solo, non deixándoos caer, evitarase rodalos sobre pedras, e en xeral, tomarán as precaucións necesarias para o seu manexo de tal maneira que non sufran golpes de importancia. Os tubos descargaranse a ser posible, preto do lugar onde deben ser colocados en gabia, e de forma que poidan trasladarse con facilidade ao lugar de emprego. Evitarase que o tubo quede apoiado sobre puntos illados.

A montaxe da canalización deberá realizalo persoal especializado. Os tubos baixaranse ao fondo da gabia con precaución empregando os elementos axeitados segundo o seu peso e lonxitude. Unha vez os tubos no fondo da gabia, realizarase o seu centrado e perfecta aliñación, conseguido o cal procederase a calzalos e acordalalos cun pouco de material de recheo para evitar o seu movemento.

Cando se interrompa a colocación de canalizacións taponaranse os extremos para impedir a entrada de auga ou corpos estraños. As canalizacións manteranse en todo momento libres de auga.

33.3. MEDICIÓN E ABONO

Os tubos de fundición, de formigón e PVC aboaranse por metros lineais (m) realmente colocados, medidos sobre o terreo, incluíndo no prezo da unidade a soleira de asento e, no seu caso, o seu reforzo, salvo nos casos en que formen parte e estean incluídos noutras unidades, que non serán de abono por estar incluido o prezo na unidade da que forman parte.

Os elementos de cambios de dirección ou unión como poden ser os cóbados ou tes, mediranse por unidade colocada e abonaranse ós prezos indicados no Cadro de Prezos nº1, incluíndo o prezo todos os materiais e elementos necesarios para a completa colocación.

ARTIGO 34. ENCOFRADOS E CIMBRAS

34.1. DEFINICIÓN

Defínese como encofrado o elemento destinado ao moldeo in situ de formigóns e morteiros. Pode ser recuperable ou perdido, entendéndose por isto último o que queda englobado dentro do formigón.

34.2. EXECUCIÓN

Nos encofrados das caras vistas, esixirase unha gran calidade e extremaranse as medidas necesarias para garantir a boa terminación das arestas vivas e das superficies resultantes. As súas superficies interiores serán o suficientemente lisas e uniformes para que os defectos, bombeos, peraltes e rebabas sexan desprezables a xuízo do Enxeñeiro Director.

Os encofrados, coas súas ensambladuras, soportes ou cimbras, terán a rixidez e resistencias para soportar o formigonado sen movementos locais superiores a 3 mm, nin de conxunto superiores á milésima da luz.

Os apoios estarán dispostos de modo que en ningún momento se produzan sobre a parte de obra xa executada esforzos superiores ao terzo da súa resistencia.

O Enxeñeiro Director poderá esixir ao Contratista, os esbozos e cálculos dos encofrados e cimbras, que aseguren o cumprimento destas condicións.

As xuntas do encofrado non deixarán fendas de máis de dous milímetros (2 mm) para evitar a perda da leitada, pero deberán deixar o oco necesario para evitar que por efecto da humidade durante o formigonado, se compriman e deformen os taboleiros.

Antes do formigonado regaranse as superficies interiores e limparanse especialmente os fondos de vigas e pilas, deixándose aberturas provisionais para facilitar esta limpeza nos elementos que o requiran.

34.3. DESENCOFRADOS E DESCIMBRADOS

As cimbras e os seus detalles axustaranse aos planos do Proxecto, ou no seu defecto, serán proxectadas polo Contratista, xustificando as súas condicións de seguridade, estabilidade, resistencia e rixidez esixidas aos encofrados.

Manteranse os apeos, fondos e cimbras o prazo necesario para que a resistencia do formigón alcance un valor superior a dúas veces o necesario para soportar os esforzos que aparecen ao desencofrar ou descimbrar.

Estes prazos fixaranse tendo en conta as tensións a que ha de quedar sometido o formigón por efecto do descimbrado e a curva de endurecemento de aquel, nas condicións ecolóxicas a que estivera sometida dende a súa fabricación, conforme aos resultados das roturas das probetas preparada ao efecto e mantida en análogas condicións de temperaturas.

As fisuras ou gretas que poidan aparecer non se taparán sen antes tomar rexistro delas con indicación da súa lonxitude, dirección, abertura e lugar exacto en que se presentaran, para determinar as súas causas, os perigos que poidan representar e as precaucións que poidan esixir.

34.4. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono do encofrado preciso realizarase por metros cadrados (m^2) realmente empregados aos prezos que figuran no Cadro nº1, agás naquelas unidades a definición das cales inclúa os labores de encofrado precisas.

As cimbras aboaranse por metros cúbicos (m^3) de volume aparente, resultante de multiplicar a superficie do elemento a sustentar pola diferenza de cotas entre a súa cara inferior e o terreo de apoio ou a plataforma de traballo sobre a que se sitúa a cimbra.

ARTIGO 35. MORTEIROS DE CEMENTO

35.1. DEFINICIÓN

Defínense os morteiros de cemento como a masa constituída por árido fino, cemento e auga. Eventualmente, pode conter algún produto de adición para mellorar algunha das súas propiedades, a utilización das cales deberá ser previamente aprobada polo Director das obras.

35.2. MATERIAIS E EXECUCIÓN

Estarase ao establecido no artigo 611 *Morteiros de cemento*, do PG-3

35.3. MEDICIÓN E ABONO

O morteiro de cemento non será obxecto de abono independente, por formar parte en todo caso de unidades de obra na descrición da cal figuran como parte integrante

ARTIGO 36. FORMIGÓNS

36.1. CONDICIÓNS XERAIS

En todo o referente a formigóns, será de aplicación a "Instrución de formigón estrutural EHE, ademais das prescricións do Prego Xeral (PG-3) Artigo 610.

En caso de contradición entre eles, prevalecerá o prescrito no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares sobre os outros dous, e o prescrito na citada Instrución sobre o Prego Xeral.

Os formigóns a empregar inclúense no proxecto cos códigos:

- E0132 “Formigón fck=15 MPa elaborado”
- E0134 “Formigón fck=20 MPa elaborado”
- E0135 “Formigón fck=25 MPa elaborado”

36.2. TIPOS DE CEMENTO

Na fabricación dos formigóns utilizarase cemento do tipo CEM-I.

As unidades de obra e zonas de emprego dos diferentes formigóns, as súas resistencias características e niveis de control de execución axústanse ao especificado na EHE, e detállanse nos correspondentes planos.

36.3. MEDICIÓN E ABONO

A medición e abono realizaranse por metros cúbicos (m^3) realmente executados medidos sobre planos.

Ao realizar a medición non se terán en conta os formigóns incluídos noutras unidades, e polo tanto non serán obxecto de abono independente, entre os que figuran os seguintes:

- Formigóns utilizados en revestimentos de gabias e soleiras e reforzos de condutos.
- Formigóns utilizados na construción de arquetas, boquillas e pozos.
- Formigóns utilizados na execución da sinalización vertical e da barreira de seguridade.

Mentres non se especifique o contrario, no correspondente artigo, todos os tipos de xuntas nas obras de fábrica consideraranse incluídas no prezo do formigón.

ARTIGO 37. ARMADURAS PASIVAS A EMPREGAR EN FORMIGÓN ARMADO

37.1. DEFINICIÓN

Defínese como armaduras pasivas para formigón armado o conxunto de barras corrugadas de aceiro que se colocan no interior da masa de formigón para axudar a este a resistir os esforzos aos que está sometido.

Normalmente estas armaduras colócanse previamente á vertedura do formigón, quedando embebidas na masa do mesmo, de forma que a transferencia de cargas co formigón realízase en gran medida a través das corrugas das barras (mecanismo adherente). Nalgúns casos as barras colócanse a posteriori, unha vez endurecido o formigón, aloxándoas en trades aloxados ao efecto, de forma que a transferencia de cargas realícese mediante a interposición dunha resina ou morteiro adherente.

37.2. MATERIAIS

Empregaranse barras corrugadas de aceiro do tipo B 500 S coa designación da Instrución EHE. O seu límite elástico característico non será inferior a cincocentos Newton por milímetro cadrado (500 Nmm^2); a súa carga unitaria de rotura non será inferior a cincocentos cincuenta Newton por milímetro cadrado (550 Nmm^2); o seu alongamento de rotura en porcentaxe sobre base de cinco diámetros non será menor que doce por cento 12%) e a relación entre a carga unitaria de rotura e o límite elástico non será inferior a 1,05 de acordo co indicado no artigo 240 do PG3.

Para as barras corrugadas colocadas a posteriori poderanse empregar, previa autorización do Director das Obras, resinas e morteiros epoxi que cumpran coas especificacións dos artigos 615 e 616 do PG375, ou morteiros adherentes de casas comerciais de recoñecido prestixio, de forma que se garanta unha adherencia similar á das barras embebidas.

37.3. EQUIPOS

37.3.1. SOLDADURA

Cando se vaian a efectuar soldaduras os operarios que vaian a realizar o devandito proceso demostrarán previamente a súa aptitude, someténdose ás probas especificadas na norma UNE EN 287-1.

As soldaduras a lume de biqueira por resistencia eléctrica realizaranse con máquinas de regulación automática e de potencia adecuada aos diámetros das barras a empalmar, como garantía da perfecta execución de todo o proceso.

37.3.2. DOBRADO

Os equipos empregados para o dobrado das armaduras asegurarán que esta operación se realice á velocidade adecuada, garantindo que sobre as barras non se produza un principio de fisuración debido a un procedemento inadecuado de dobrado.

O Director da Obra, antes de proceder á soldadura e dobrado das barras de aceiro que constitúan a armadura, pedirá, no seu caso, a realización das probas de considere necesarias para comprobar a idoneidade dos equipos nas condicións en que se vaia a executar a obra.

37.4. EXECUCIÓN

37.4.1. DOBRADO

A operación de dobrado realizarase en frío e a velocidade moderada, por medios mecánicos, non admitíndose ningunha excepción no caso de aceiros endurecidos por deformación en frío ou sometidos a tratamentos térmicos especiais. Seguiranse en calquera caso as indicacións do artigo 31.2 da Instrución EHE (1999).

37.4.2. COLOCACIÓN

As armaduras colocaranse limpas, exentas de óxido, pintura, graxa ou calquera outra sustancia prexudicial para a súa conservación e posterior adherencia ao formigón. Cumprirán, ademais, os requisitos especificados no artigo 31.2 da vixente Instrución EHE (1999).

O Director da Obra autorizará a disposición dos empalmes das armaduras se se van a realizar en lugares distintos aos indicados nos planos de proxecto, procurando que queden afastados das zonas nas que a armadura experimente as maiores solicitacións, sempre que, ademais, cúmpranse as indicacións da Instrución EHE (1999).

O período de provisión das armaduras en obra non será superior a un mes.

Co fin de garantir os recubrimentos, utilizaranse separadores que serán de morteiro de cemento ou plástico ríxido. Os separadores terán a xeometría adecuada para garantir unha distancia da cara exterior da barra ao paramento do formigón que sexa igual ao recubrimento nominal especificado para cada elemento.

No caso de ser de morteiro de cemento, o separador terá unha dosificación similar á do formigón da peza e empregaranse as mesmas materias primas (cemento, áridos, microsílice, etc.) que neste. A resistencia a compresión do morteiro non será en ningún caso inferior a 50 Nmm² en probeta cúbica.

No caso de empregar separadores de plástico, deberán presentar orificios cuxa sección total sexa equivalente polo menos ao 25% da superficie total do separador.

A tolerancia de fabricación dos separadores será de ±1 mm.

No caso de empregar separadores suxeitos con arame, aqueles deberán ter unhas dimensións mínimas de polo menos 20 mm na dirección da barra que van suxeitar, así como presentar unha dimensión de polo menos 0,75 veces o espesor de recubrimento na dirección perpendicular á da barra que suxeitan.

Para separadores tipo roda con suxeición mediante grampado, a dimensión lonxitudinal deberá ser maior que a metade do recubrimento nominal que proporcionan.

Os separadores presentarán unha carga mínima de tres (3,0) kN en ensaio efectuado de acordo co procedemento definido nas “Recomendacións CEB para separadores, calzos e atado de armaduras” (Boletín GEHO nº 4). Así mesmo presentarán unha deformación máxima durante o ensaio inferior a dous milímetros (2 mm) e unha deformación remanente tras o ensaio inferior a un milímetro (1 mm).

No caso de separadores mediante grampado, os separadores non deslizarán no ensaio de fixación definido no Boletín GEHO antes citado. Ademais, a forza máxima necesaria para colocar o separador sobre a barra non será superior a 0,15 kN.

A distancia entre separadores non será superior a cen (100) centímetros nin a cincuenta (50) veces o diámetro da armadura.

37.4.3. COLOCACIÓN DE BARRAS CORRUGADAS A POSTERIORI

Os trades para a ancoraxe de barras corrugadas colocadas unha vez endurecido o formigón, deben ser realizados a roto-percusión con obxecto de asegurar unha adecuada superficie rugosa. O trade realizarase inmediatamente antes de colocar a barra. O diámetro do tradeou será da orde de 5mm maior que a barra a aloxar. Tras a súa realización o trade debe ser coidadosamente limpado. A resina ou morteiro adherente inxectaranse desde o final de trade para asegurar o completo enchido que queda garantido cando parte do morteiro soborde ao colocar a barra.

37.5. CONTROL DE CALIDADE

Empregaranse produtos certificados, segundo as condicións establecidas no artigo 31º da citada Instrución EHE. Este feito permite efectuar o proceso de control durante a construción, aínda que os resultados do control deberán ser coñecidos antes da posta en uso da estrutura.

Todo o aceiro da mesma designación que entregue un subministrador clasificarase, segundo o seu diámetro, en serie fina (diámetros inferiores ou iguais a 10 mm) e serie media (de 12 a 25 mm). Tomaranse dúas probetas por cada serie de diámetros e cantidade de aceiro equivalente a corenta toneladas (40T) ou fracción, tomadas ao azar, para efectuar sobre elas as operacións que se detallan a continuación:

